



FALANDO DO DEREITO

35 ANOS DA PRIMEIRA SENTENZA EN LINGUA GALEGA

© dos textos:

Os autores

© da publicación:



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística



IRMANDADE
KURÍDICA
GALEGA

Subvenciona:



XUNTA
DE GALICIA

Imprime:



Concello de A Coruña

Coordinación:

Xosé González Martínez

Carme Pérez Vaquero

Deseño e maquetación:

Pio García

Corrección lingüística:

Celia Rozas Donsión

Corrección edición:

Fran Zabaleta

Depósito legal:

FALANDO DO DEREITO
35 ANOS DA PRIMEIRA SENTENZA EN LINGUA GALEGA

GALEGUIZAR GALICIA

*Facsímile da primeira sentenza ditada en lingua galega
despois de máis de 400 anos de proscrición do idioma galego nos
usos xurídicos.*



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA

R. 414/81

OG3117877

DON PASTOR VILLAR GARCIA, SECRETARIO DA SALA DO CONTENCIOSO-
ADMINISTRATIVO DA AUDIENCIA TERRITORIAL DE A CORUÑA.

CERTIFICO: Que no recurso contencioso-administrativo ao que dá
pois se fará mención, ditou-se a seguinte:

SENTENCIA Nº 248 1.985

SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO	NA CIDADE DA CORUÑA/
Acos. Sres.:	a vinte e sete de Marzo de -
Presidente accidental	mil novecentos oitenta e -
DON RICARDO DEIRÓS GONZÁLEZ	cinco.
Secretarios:	No proceso contencio
DON GLOBIO BOVILLA ALVAREZ	so-administrativo que có -
DON GONZALO DE LA RUBICA PELLICER	número 414 do 1981 pende -
	da resolución desta Sala/

interposto por Dona Josefina Carreira-Moreno, representada polo/
 Procurador Sr. Don Antonio Rover Blanco Rajoy e dirixida polo -
 Letrado Sr. De la Peña Andrés, contra acordos do Concello de Re
 condala de 15 de Nadal de 1980 e 9 de marzo de 1981, sobre de-
 claración de ruina de casa número 4 de Rúa Xeneral Nola daquela
 vila. Á parte demandada e demandado Concello representado e de-
 fendido polo Sr. Abogado do Estado. E o montante do asunto a de -
 150.000,00 pesetas.

RESOLUCIÓN: que admitido a trámite o recurso contencioso/

—Papel de Oficio— DUE A-1

administrativo presentado, fixéron-se as dilixencias oportunas/ e mandóu-se que pola parte recorrente se apresentase demanda, o que fixo a meio de escrito no que se contaban os seguintes PUNTOS: A recorrente a meio de escrito de 12 de marzo de 1980 solicitou a declaración de ruina do edificio número 4 da rúa Xengrel Mala da vila de Redondela, acompañando informes dos Arquitectos Sres. Montoya Castañón e Canales Barutia; opóndose á declaración interesada o aludido D. José Fernández Crespo e despois de realizados outros informes técnicos, o Concello denegou a declaración interesada por acordo de 15 de febreiro de 1980, que recurrido en reposición confirmóu-se por novo acordo de 9 de marzo de 1981, denegación que a parte actora considera non aceptada a Dereito, na que, no seu entender, o edificio atopase en situación legal de ruina.

RESULTANDO: que dado traslado da demanda á Sr. Abogado do Estado, contestou-se por iste a meio de escrito de oposición, cos feitos e fundamentos de Dereito que estimou procedentes e suplicou se dictase sentenza pola que, con desestimación do recurso interposto, se confirmasen os acordos recurridos, con imposición das custas do proceso, a parte recorrente.

RESULTANDO: que finado o prazo de conclusións que se concedeu ás partes, declaróu-se rematado o debate escrito e sinalóu-se para votación e fallo o día 15 de outubro de 1984.

RESULTANDO: que por auto de data 13 de outubro de 1984, a Sala acordou suspender o curso das actuacións e ordenou a emprazamento de Don José Fernández Crespo para que no prazo de nove días, poidese personar-se nas actuacións; trámite que aquí non aproveitou.

RESULTANDO: que se sinalou curso volta para votación e fallo do recurso o día 18 de febreiro de 1985.

RESULTANDO: que na transición deste recurso observáron-se



OG3117881

todas las normas legales, según el cumplimiento de plazo para dudar a sentencia.

VISTO: Sendo ponente o Ilmo. Sr. Xefe do Tribunal D. Clodio Novilho Alvarez.

VISTO: O artigo 103 da Lei do Solo e Ordenación Urbana e demais preceitos de observación xeral.

LE CONSIDERANDO: que son feitos que surden do expediente e deben sinalarse para unha mellor comprensión do proceso, os seguintes: 1º) No 17 de marzo do 1980, a recurrente solicitou a declaración de ruína da casa n.º 4 da Rúa Xeneral Nolla de Redondela e ocupación un informe dos arquitectos Sres. Mantoya Castaño e Canales Barrutia, quen sinalan como defeitos da casa os seguintes: fendas nos linteiros das portas balcoas, así tamen no balcun de madeira; fendas nas paredes da vivanda dianteira que parecen deberse a cedimento da estrutura do solo; o tellado atópase caseque destruído na maioría das estancias da vivanda -- dianteira; o toldo tamén se atopa en perigo de se caer para a rúa; na vivanda traseira o solo, as paredes e mesmo teito están caseque na súa totalidade cadidos ou derrubados; 2º) Na folia sete do expediente informa o Sr. Aparellador Municipal quen dá que a parte central do andar e do tellado, atópanse en mala situación, polo que tivo que por-se un esteio para asegurar unha trave derrubada; o canchre e mais o toldo teñen que repararse e no interior hai diversos elementos estruturais que ameazan de se derrubar e que deben estar-se e despois por-se de novo; 3º) Perségnese no expediente o alameda do Sr. Don Xosé Fernández Crespo que presentou un informe do Arquitecto Sr. Conselleiro Lago, que sinalou uns defeitos que podían repararse e fixou como valor do edificio a cantidade de 1.332.000 pts. e como custo das reparacións o de 427.450 pts; 4º) A parte recurrente presentou/

unha ampliación do informe técnico, xunto con unha acta notarial na que se fai unha descripción polo aludo dos defectos con coeficientes de deterioramento e fíxa como valor do edificio a cantidade de 1.580.320 pts. e como custo dos traballos a facer o de 1.419.857 pts.; 5ª) O Sr. Aparellador Municipal tamén amplía o seu anterior informe e establece como valor do edificio a cantidade de 1.360.000 pts. e como custo das reparacións, -nas que inclúe o desmonte do tellado, a reposición deste e mais a do solo de madeira, con parte proporcional das traves e reposición dos branzados-, a cantidade de 565.000 pts.; 6ª) Trácese un novo informe por solicitude do Concello, o Arquitecto Sr. Pereira Alonso quen describe a situación do edificio e distingue a parte que bate na rúa do Xeneral Mola, que se atopa en millor situación que a parte trasera, xa que esta ten o solo, as paredes e mais o tellado en estado ruinoso, sen condicións de seguranza nin de habitabilidade, e establece como valor actual do edificio a cantidade de 1.630.000 pts. e como custo das reparacións a facer a de 712.000 pts. e inclúe naquelas a reposición do solo de madeira con parte proporcional de vixamento do mesmo material, reposición de branzados, desmontado do tellado e mais a súa reposición; 7ª) O Concello de Redondela dá resolución no 15 de Nadal de 1980, acordando que non procedía a declaración de ruína e ordenou que se fíxesen obras de reparación, nas que inclúe a reposición do tellado de do solo de madeira, así como outras que supoñen na realidade unha reconstrución do edificio, acordo que recorreu a demandante en reposición e que foi rexistado por un novo acordo de 9 de marzo de 1981.

2ª CONSIDERANDO: que de acordo co artigo 183 da Lei do Solo ten de facerse a declaración do estado legal de ruína nos seguintes casos: a) Perxucio que non se pode reparar técnicamente pols meios normais; b) Custo da reparación que reborda o 50% do



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA

N.º 414/81

- 3 -

0G3117884

valor actual do edificio ou dos andares afectados; e) Circunstancias urbanísticas que aconsellan o derrubo do edificio, sendo suficientes calquera das devanditas causas, para que se teña de acordar a declaración de ruína; no caso presente, non hai dúbida de que, na parte das diferenzas de criterio entre os diversos técnicos que deron os informes encol do custo das reparacións, hai acordo en salufiar como elementos non para reparar senón e refacerse toldado do edificio e máis a estrutura dos andares; elementos estes que a xurisprudencia anda a considerar como estruturais, de xeito que si hai necesidade de refacelos e non somente de reparalos, a solución legal non pode ser outra que a declaración de ruína e non, como fixo o Concello de Redondela, iugó nos acordos recurridos, unhas obras de reparación que pola súa importancia e características, caeran no suposto do apartado primeira, letra a) do artigo 103, -parágrafo que non se pode reparar polos medios normais-, razóns estas que teñen de levar á acollimento do recurso e máis a anulación dos acordos recurridos.

3.º CONSIDERANDO: que o feito de non citarse a sentenza dentro do prazo legal debeu-se ao máis traballo que nestes momentos ocupa o labor de Sala, e a existencia de outros recursos -do trámite máis preferente.

4.º CONSIDERANDO: que non hai razón para iugó as custas do proceso a pingüña das partes de acordo co artigo 131 da lei que regula a xurisdición Contencioso-Administrativa.

FALGANDO: que debeace acollir e acollense o recurso contencioso-administrativo interposto por Dama Rosalinda Carreira Rivezo, contra acordos do Concello de Redondela de 15 de Novembro de 1980 e 9 de Xaneiro de 1981, que concederon a declaración


— Papel de Oficio — UME A4

de ruina de casa nº 4 da rua General Mola daquela vila, e declara
nulos os acordos recurridos contrarios á Ordenamento Juridico,
e como consecuencia acordamos a declaraci3n de ruina da devandí
ta casa, sem imposi3n das custas do processo a nenhuma das -
partes.

Firme que fosse a presente, devolve-se o expediente admí-
nistrativo ao Centro de procedencia junto ca certifiacci3n e co-
municaci3n.

Assí por este nosa sentenciá, pronunciámo-lo, mandámo-lo e/
asinámo-lo. Ricardo Leir3s Freire.- Clodio Movilla Alvarez.- --
Gonzalo de La Huerga Fidalgo.- PUBLICACION.- A anterior senten-
cia foi lida e máis publicada polo Ilmo. Sr. Magistrado Ponente,
D. Clodio Movilla Alvarez, estando a celebran audiencia pública
a Sala do Contencioso-Administrativo desta Audiencia Territo- /
rial no día da sua data, do que como Secretario, certifico.- -
Pastor Viller.- Asinado".

Y para que conste, en cumplimiento de lo mandado y su remi-
si3n con el expediente administrativo al Sr. Alcalde-Presidente
del Ayuntamiento de Redondela, expido y firmo la presente en La
Coruña, á veintinueve de Abril de mil novecientos ochenta y cinco.



Claudio Movilla Álvarez, maxistrado redactor da Sentenza núm. 248 da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Territorial da Coruña que na data 29/04/1985 deu lugar ao inicio dun proceso de galeguización da xustiza despois de séculos de silencio imposto nos usos xurídico-administrativos.



Gonzalo de la Huerga Fidalgo que xunto con Ricardo Leirós Freire foron dous dos maxistrados que fixeron posible que a instancias do concello de Redondela se ditase á primeira sentenza en lingua galega na Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Territorial da Coruña, o día 29 de abril de 1985, poñendo fin a séculos de proscrición do idioma galego no ámbito xurídico.

Limiares

POR UNHA LINGUA DÚAS VECES MILENARIA

Homenaxe aos maxistrados
don Ricardo Leirós Freire,
don Claudio Movilla Álvarez e
don Gonzalo de la Huerga Fidalgo

O 25 de abril de 1980, Álvaro Cunqueiro pronuncia, en Vigo, unha das alocucións máis fermosas de cantas se teñan oído na historia recente de Galicia. Xa gravemente enfermo, o xenial escritor compuxera aquela peza oratoria coa plena consciencia de que era unha despedida, un acto de últimas vontades, onde o que cumpría era deixar constancia das cousas máis amadas. Era, por dicilo dalgunha forma, o seu legado, e alí, perante un marabillado e conmovido auditorio, formado por unha multitude de amigos e admiradores, referiuse á lingua da súa infancia mindoniense, á que de adulto cultivara literariamente ata facer dela un xardín cheo de luz e fermosura. Daquela en diante, aquelas palabras do seu discurso convertéronse en chave mestra usada mil e unha vez para abrir portas da conciencia sociolingüística no país. O texto completo, para quen queira gozar del, publicouse, xunto a outros dous discursos pronunciados por don Álvaro por

aquelas mesmas datas, no número XX dos Cadernos Ramón Piñeiro (dispoñible na Rede), co título de *Remuíño de prosas*. Non me subtraio de citar aquí, unha vez máis, estes dous parágrafos daquela alocución tantas veces reproducidos:

Loubado seña Deus tamén por terme dado o don da fala nosa, por haberme ensinado a decir «rula» e «abidueira» e «dorna» e «ponte» e «fonte», e entón eu, sabendo estas palabras, era verdadeiramente dono da rula e da abidueira e da dorna e da ponte e da fonte.

As miñas invencións e as miñas maxias teñen, nembargantes, un senso máis fondo: por riba e por baixo do que eu fago, eu quixen e quero que a fala galega durase e continuase, porque a duración da fala é a única posibilidade de que nós duremos como pobo. Eu quixen que Galicia continuase e, ó lado da patria terrenal, da patria que son a terra e os mortos, haxa esta outra patria que é a fala nosa. Se de mín algún día, despois de morto, se quixera facer un eloxio, e eu estivera dando herba na terra nosa, podería decir a miña lápida: «Aquí xaz alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveras máis».

Non sen razón e moi atinadamente, estas palabras léronse sempre en clave de futuro, a xeito de alegación a favor da continuidade do idioma galego, esquecéndose máis dunha vez de que a estrutura do edificio argumentativo construído por don Álvaro se sustentaba nos piares dunha historia precedente de mil anos. Detrás desta lectura parcial é de supoñer que está a memoria que aínda conservamos de séculos en que os galegos e galegas puídemos oír no colo das nosas nais e dicir mentres xogabamos á es-

tornela «rula», «abidueira», «dorna» e «ponte» e «fonte», pero non nos foi posible oír ou pronunciar nunha sala dun tribunal de xustiza, nin ler nunha sentenza, por exemplo, «sala do contencioso administrativo da audiencia territorial da Coruña», como así ocorreu aquel 27 de marzo de 1985 que conmemoramos hoxe.

A primeira vitoria que houbo que gañar para que aquel momento histórico sucedese foi o da institucionalización da lingua, ocorrida catro anos antes, cando, en 1981, ao idioma milenario chamado galego se lle concedeu o rango e dignidade de lingua cooficial a teor do disposto no artigo 5º do Estatuto de Autonomía de Galicia, dotando, deste xeito, os galegos e as galegas dos dereitos a coñecela e usala e a non ser discriminados por razóns idiomáticas. Desde entón, a lingua galega está presente, xaora, nas salas dos tribunais de xustiza, e tamén, nas aulas das escolas e das universidades, nas consultas dos hospitais, no Parlamento de Galicia etc.

A Xunta de Galicia, durante estes 40 anos, foi a institución que máis esforzos dedicou a que, na actualidade, esta realidade que resumidamente acabo de referir adquirise a categoría de pauta cotiá, se ben haxa que recoñecer que aínda lle falta a viveza e a intensidade que faga dela unha realidade plenamente normalizada. Con todo, cómpre recoñecer que o decurso iniciado en 1981 deparou episodios de éxito que terminaron desembocando na consolidación de prácticas lingüísticas plenamente estendidas. Porén, por máis que se recoñeza que o peso da promoción social do galego recaeu, nunha parte esencial, nas Administracións públicas, este proceso non tería sido nunca posible nin tería alcanzado a vitalidade que hoxe coñece se non houbo unha so-

cidade, a recipiendaria das accións implementadas, que se sentiu actor protagonista e parte corresponsable dun proxecto común de natureza e propósito transformadores.

Conscientes do momento histórico en que vivían e da necesidade de asumir a responsabilidade que este impoñía, o 27 de marzo de 1985 tres maxistrados tomaban a decisión histórica de redactaren unha sentenza xudicial en lingua galega, sen seren posiblemente conscientes de que con ese acto inédito na historia moderna e contemporánea de Galicia estaban a retomar e a darlle continuidade a unha cerimonia que fora cotiá durante toda a Idade Media, pero que quedara interrompida desde o século XVI. Por iso, xusto é que se lles renda tributo público hoxe, cando se cumpren 35 anos daquel fito histórico, ás persoas que o protagonizaron: don Ricardo Leirós Freire, don Claudio Movilla Álvarez e don Gonzalo de la Huerga Fidalgo.

Este tributo debe ser igualmente un acto de recoñecemento á Irmandade Xurídica Galega e a todas aquelas persoas que, no ámbito da xudicatura, contribuíron e contribúen, co seu compromiso e traballo a favor dunha causa xusta e necesaria, que o galego siga a ser un medio útil de comunicación na sociedade galega de hoxe, facendo del, como quería o gran escritor Álvaro Cunqueiro, unha lingua dúas veces milenaria. Tamén nas salas dos tribunais de xustiza.

Valentín García Gómez
Secretario Xeral de Política Lingüística

O GALEGO NA XUSTIZA: UNHA FORMA DE COIDARNOS

Os días complicados que estamos a vivir lévannos tamén a botar a mirada atrás, na procura de respostas, de avances, dun futuro que teña en conta as leccións do pasado. Na historia de Galicia, e da cidade da que teño o orgullo de ser alcaldesa, atopamos neste ano algunhas conmemoracións que destacan as moitas capacidades que este pobo foi quen de poñer en valor ao longo do tempo. Hai cen anos, A Coruña acollía da man das Irmandades da Fala a primeira celebración do Día de Galicia un 25 de Xullo. Hai 35 anos, a Audiencia Territorial da Coruña, a instancia do Concello de Redondela, ditou a primeira sentenza en galego en cinco séculos. Hai 25 anos, en Celanova celebrouse o primeiro proceso xudicial integramente en galego. A memoria ofrece antecedentes de porvir. Un camiño aberto.

Como alcaldesa da Coruña pero tamén como avogada, coñezo de primeira man tanto as calidades como as necesidades do eido xudicial, aínda pouco avanzado no que atinxe ao uso do galego, déficit que desde as administracións públicas debemos animar a reducir. Non se trata só dunha reivindicación da identidade, senón tamén da inclusividade que a Xustiza precisa para amosarse exemplar. O día a día dos xulgados presenta, aínda

hoxe, numerosos exemplos de persoas que consideran que deben expresarse nun idioma diferente ao que falan habitualmente, o que pode provocar incluso indefensión. Así mesmo, manter uns índices de uso do galego na Xustiza moi por debaixo do que existe na sociedade sinala un afastamento que a ninguén beneficia.

É por isto que iniciativas como as que adoito lidera a Irmandade Xurídica galega resultan esperanzadoras e mesmo imprescindibles para coidar da Xustiza, que é tamén un xeito de coidarnos todos e todas. Desde o Concello da Coruña saúdamos e apoiamos, sen dúbida, estes importantes fitos en defensa da nosa lingua, ou sexa, en defensa de Galicia.

Inés Rey García
Alcaldesa da Coruña

Colaboracións

O GALEGO NA (IN)XUSTIZA

Unha entrevista de Carlos Amoedo a Gonzalo de la Huerga sobre a Sentenza n.º 248/1985, do 27 de marzo, da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Territorial de Galicia.

1. Benquerido Gonzalo, antes de máis, permíteme agradecerche a túa dispoñibilidade para facermos esta entrevista, dadas as circunstancias nas que estamos nesta altura do 2020.

Este ano cúmprense 35 anos da primeira sentenza redactada integramente en lingua galega, a Sentenza n.º 248/1985, do 27 de marzo, da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Territorial de Galicia, emanada dun tribunal integrado polos maxistrados Ricardo Leirós Freire, ti mesmo, e Claudio Movilla Álvarez, que foi o relator da sentenza. Que recordas das circunstancias que se tiveron que dar para que esta sentenza fose redactada en galego?

Diante de máis, hei dicirche que estou compracido de ter outra conversa contigo, pois sempre resulta agradable, ao tempo que interesante. E se, neste caso, o contido vai ser coñecido por moitas persoas, pois debo sinalarche que, polo tema que sei que imos tratar, non só, iso non me importa, senón que estou interesado en que atinxa o necesario eco, como información e, se cadrar, que sirva despois de reflexión.

Ese momento no que recaeu a sentenza a que te refires, e no subconsciente colectivo (penso eu agora), semellaba moi “aventurado” pórse á tarefa de intentar rescatar —no tocante a pronunciamentos xudiciais— o idioma galego que viña soterrado nese eido desde os séculos XIII ou XIV, baixo o poder político do reino, léase Estado, castelán, ensanchado non había moito e con non moi boas artes, coa anexión do Reino de León, que comprendía os países de Galicia, Asturias e propio León, do cal pouco antes fora curiosamente Castela unha simple provincia.

Describamos algo, e a grandes trazos por suposto, os antecedentes históricos da situación: cun mozo de 19 anos de nome Fernando, criado en Allariz (porque Galicia era, dentro do Reino de León, un país sen musulmáns cos que ter que combater, poboado de abundantes centros monásticos impartidores de cultura nos que poder aprender), fillo dun segundo matrimonio do rei de León cunha castelá e que polo mesmo non ía para rei (habendo como había descendencia do primeiro matrimonio), fixo esta última señora manobras políticas, tan eficaces como desaprensivas, unha vez morto o rei, seu marido, que acabou situando aquel mozo, seu fillo, primeiro como herdeiro no Reino de Castela e máis tarde nada menos que como rei no de León (o de máis alta consideración política entón entre os cinco peninsulares existentes). E todo isto fíxoo desbancando as dúas medio irmás daquel rapaz —Sancha e Dulce—, lexítimas herdeiras dese reino como fillas do primeiro matrimonio do rei, e das que hoxe non queda outra lembranza que a elas dedicada rúa de Damas, na Coruña, cidade na que viviron o seu retiro da política e rúa que percorrían acotío para ir ouvir a misa na Colexiata de Santa María do Campo.

E aquel Fernandiño de Allariz, permítasenos esta linguaxe tan familiar, resulta que, co tempo, chegou a ser o que a rimbombancia da narrativa histórica castelá denominou Fernando III, o Santo, por tanto, xa dos reinos de León e de Castela. Por certo, podemos supor que, seguramente, o seu fillo e sucesor real, Afonso X, o Sabio, debeu encontrar un bo mestre de galego no seu pai e que así non lle custaría moito redactar as Cantigas de Santa María, que están feitas por el nese idioma (na grafía que hoxe chamariamos reintegracionista), porque o idioma castelán aínda non chegaba naquela época a alcanzar o nivel de desenvolvemento abondo como para poder ser empregado, coa debida soltura, no campo da poesía.

Pois ben, ese rei resultou ser un dos primeiros e máis activos castelanistas idiomáticos, que intentou facer do castelán, mesmo nos territorios do seu reino de falantes doutros idiomas (tal o caso de Galicia), o idioma exclusivo de uso oficial, o que contribuíu ao inicio do soterramento do galego, de que vimos falando.

Mais, volvendo ao nervio central da túa pregunta, que contesto, resulta que, oh sorpresa!, naquel ambiente a que ti te refires, e situado no último cuarto do século XX, que eu cualificaba de como pouco propicio para pensar en intentar a aventura de rescatar o galego do tal soterramento no xudicial, produciuse un feito que cualificaríamos de nimio e, de primeiras, intrascendente, mais que se converteu (como ocorre ás veces na vida) en algo decisivo na marcha de acontecementos posteriores a el ligados.

Resulta que na Sala do Contencioso-Administrativo da entón Audiencia Territorial da Coruña pendía en trámite un asun-

to no que figuraba como parte procesual o Concello de Redondela, e xa en estado avanzado de tramitación, de sorte que pronto habería de recaer nel a sentenza. Formaban Sala naquel asunto Claudio Movilla Álvarez, Ricardo Leirós Freire, e tamén eu, e cuxo relator foi o primeiro dos citados maxistrados.

Entón, un día, Movilla, falounos aos outros dous compoñentes da Sala de que desde o Concello de Redondela lle tiñan suxerido se non sería posible que a sentenza de referencia fose ditada no seu momento en idioma galego. Quedamos os tres mirándonos en silencio uns instantes (a sorpresa era grande pola transcendencia da decisión, non si?); mais, ao cabo deses momentos, dixemos entre os tres: “e por que non, se o galego é idioma oficial en Galicia, e entre os actos oficiais están os xudiciais?”.

O restante xa é coñecido: a sentenza foi redactada, no seu día, en idioma galego. E o que parecía impensable quedou feito en pouco tempo.

2. Unha das dificultades máis reiteradamente alegadas á hora de os maxistrados e maxistradas renunciaren ao emprego do galego é a falta de formación lingüística específica, a falta de comodidade no uso do galego e mesmo a suposta ausencia dun rexistro culto do galego no ámbito xurídico. Nese sentido, vós fostes verdadeiros pioneiros, na altura do 1985, no labor de prestixiar socialmente o uso do galego ao redactar os pronunciamentos xudiciais en galego.

Leembras se o relator, Claudio Movilla, precisou de asesoramento lingüístico á hora de buscar solucións específicas en galego a determinadas expresións habituais na xerga xudicial?

Efectivamente, a Movilla Álvarez en canto relator do asunto de referencia correspondíalle redactar, recollendo o parecer da Sala tras a deliberación dos seus membros sobre tal asunto, a sentenza de que tratamos. E, así, el presentounos no seu momento, logo de deliberado o caso, un texto sobre o particular. Mais viña redactado en idioma castelán, ante o cal Movilla sinalou que o texto en galego era mellor que o redactase eu, como usuario habitual de tal idioma, parecer co que concordou o maxistrado Leirós Freire. Eu eu aceptei o parecer de ambos para cumprir a tarefa que se me encomendaba; se ben, ao tempo suscitouse entre nós a reflexión de que, estando naquel momento en vivo debate sobre o tipo de grafía a empregar, se a propugnada polo Instituto da Lingua Galega ou a defendida pola Associação Galega da Lingua, decidimos, para estender o campo de debate e de reflexión sobre o particular, facer unha dupla versión.

E, así, eu redactei un exemplar en cada unha de tales grafías e, no seu momento, asinamos os tres maxistrados ambas para conservar no repositorio de orixinais das sentenzas da Sala.

3. Cal foi a repercusión desta sentenza entre os maxistrados da Sala, entre os membros da túa profesión? Serviu para animar, cando menos, a presentación de escritos procesuais en galego polas partes demandantes?

Entre os outros maxistrados da Sala non houbo, que eu saiba, outro comentario que o relativo á novidade que ese feito supuña no uso do idioma galego e a expectación sobre o que ocorrería sobre ese particular no futuro.

E, como consecuencia diso, no tempo seguinte pódese anotar a animación que nalgúns xuíces e maxistrados se produciu para ditar resolucións nese idioma e nalgúns avogados para redactar e presentar os seus escritos procesuais de parte neste; agora ben, nunca en proporcións masivas, nin moito menos, tanto nun caso coma no outro.

O que si se produciu, para a miña sorpresa, foi pouco tempo despois unha contestación moi radical respecto do emprego da grafía reintegracionista en sede xudicial, mesmo se utilizaron os medios de comunicación no empeño; e tal cousa non partiu do interior do estamento xudicial, senón de concretos circos de opinión alleos a este.

Visto iso, eu no sucesivo non quixen xa que se puidese ver involucrada a Sala nun debate de carácter lingüístico, que non correspondía á súa responsabilidade.

4. Que actitude adoptaron outros corpos do foro, como a Avogacía do Estado ou a Fiscalía, ou mesmo os avogados e procuradores das partes demandantes, perante esta sentenza?

Non me consta que outros corpos do foro amosasen unha especial reacción perante a aparición da sentenza, como non sexa a da expectación sobre as consecuencias que iso podería comportar no futuro no exercicio profesional, agás a postura dalgúns dos fiscais de decidirse a empregar con habitualidade o idioma galego no seu exercicio profesional, mesmo cando chegaron despois a postos de responsabilidade e, polo mesmo, de maior proxección na súa actuación. E, no referente aos avogados de parte, dou por

reproducidos os termos que sobre o particular van referidos na resposta anterior.

5. Ti mesmo, ao longo da túa dilatada carreira profesional como maxistrado, tes sido un valedor recoñecido do uso do galego na xustiza. Como viviches o uso do galego á hora de redactar sentenzas na Sala do Contencioso-Administrativo, primeiro da Audiencia Territorial, e logo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza? Que atrancos tiveches que superar neste traballo de dignificación do uso da lingua? Houbo algún atranco inesperado?

Ante o uso cotián do galego na esfera profesional pola miña parte na Sala do Contencioso-Administrativo, tanto no caso da Audiencia Territorial como despois no Tribunal Superior de Xustiza (e mesmo cando cheguei a ser despois presidente dunha das seccións e, máis tarde, da propia Sala), non se me presentou atranco explícito ningún respecto diso, mesmo cando empregaba o idioma nos actos públicos de carácter procesual que presidía. Porén, si que souben, non por manifestación directa, dalgún descontento respecto diso, sobre todo nos niveis superiores con capacidade de mando.

Moita desa tolerancia, penso eu agora, puido deberse a que a miña posición no tocante a esa materia se vía desde afora máis que como unha postura de carácter diriamos relacionable con algo especificamente político, como un compromiso persoal de afección ao país e aos seus compoñentes colectivos (entre eles, o idioma propio deste) que me esixía un comportamento consecuente con iso en calquera eido da vida, tamén no profesional.

Todo iso puido contribuír, talvez, a que hoxe en día nas intervencións públicas, mesmo dos altos cargos xudiciais, pareza case que moralmente obrigado utilizar o galego cando menos nunha parte destas. Mais, a verdadeira normalización lingüística, que penso debe ser a finalidade no caso, soamente chegará se hai amplos consensos entre os implicados.

6. Que valoración che merece o feito de que a oposición de acceso aos grandes corpos xurídicos, ademais de seguir sendo un exercicio decimonónico de memorismo se faga sistematicamente en español, sen posibilidade de acreditar o coñecemento de linguas cooficiais, nin sequera opcionalmente?

Estando a lexislación como está, parece difícil conseguir que nas oposicións aos grandes corpos xurídicos se poida conseguir a admisión do emprego dos idiomas cooficiais, se estes non o son no lugar no que tal oposición se vaia celebrar, porque sempre se alegraría (aínda que fose como mera desculpa) que nese territorio o idioma de que se trate non é oficial.

Agora ben, outra cousa é a acreditación, como contido desta, do coñecemento dun idioma desa clase, con independencia de que este sexa oficial ou non en tal territorio de celebración e, sobre todo, se tal acreditación ten carácter opcional, pois neses casos non se me alcanza que motivo razoable podería haber para que iso non deba merecer acollemento.

7. Trinta e cinco anos despois, a Sentenza do 27 de marzo de 1985, como símbolo da recuperación do galego no ámbito

xudicial, é tamén testemuño dos atrancos existentes para a equiparación real do galego á lingua predominante nos tribunais, o castelán.

O uso do galego no ámbito da función pública xudicial segue a ser o resultado dunha práctica romántica, voluntarista, de certos individuos que deciden usar consecuentemente os seus dereitos perante os tribunais, e encontran un similar “romanticismo”, quer no xuíz que debe facer a sentenza, quer no oficial que debe recoller un testemuño en acta.

Consideras que, desde o punto de vista institucional, a praxe xudicial do uso do galego dos últimos 35 anos é satisfactoria?

A praxe xudicial é o lóxico resultado da mentalidade dos conformadores dela. E, no caso que nos ocupa, a mentalidade que se impuxo como dominante comezou de primeiras a ser construída xa desde a escola, co soado adoutramento tan criticado por aqueles que só o censuran cando o fan os demais e non cando o fan eles.

En materia de idiomas, no enfoque desa gobernanza polo Estado español, xa no seu momento inicial, e segue nesa continuidade, foi o que era a liña do Estado castelán, o cal cando se expandiu apoderándose do Reino de León, formado como dixemos por tres países —Galicia, Asturias e o propio León—, encontrouse (conscientemente ou non) con que o referido Estado —que obviamente, coma calquera outro, é de primeiras simplemente unha organización político-administrativa para a gobernanza— había de actuar non xa sobre un país, Castela, senón sobre outros

tres máis, xa que estes non por pasar a depender dese Estado desaparecían, senón que seguían a estar onde estaban e a ser como eran, coas súas peculiaridades e as súas diferenciacións, en principio sempre potencialmente enriquecedoras.

Entón, a directriz que ese Estado español tomou nese terreo (a diferenza do que se fixo, por exemplo, no Estado chamado Coroa de Aragón, no que segundo avanzaba nese territorio a chamada Reconquista se foron integrando nel tamén catro países —Aragón, Catalunya, Valencia e Balears— dos que se respectou o Parlamento e o Goberno de cada un (e non digamos xa os seus respectivos idiomas), e onde se fixo do rei como xefe dese Estado o encargado do labor de coordinación e de impulso correspondente ao conxunto, e a diferenza da parecida liña que seguiu o Estado austríaco dos Habsburgo, cos varios e variados países do centro da Europa que o formaban: Austria, Hungría, Borgoña —o país de orixe do emperador Carlos V—, Alsacia, Lorena, Artois, Flandres, Holanda), a directriz que o Estado castelán tomou nese terreo, repetimos, a diferenza da destes outros dous exemplos, foi a de entender que se debía impor, sen máis razoamento que a súa vontade—, a supremacía de Castela coas súas leis, co seu idioma, etc., sobre todo aquilo que viña sendo propio daqueles outros tres países que anexionara.

Nesa liña de pensamento sobre a supremacía, continuada ao pé da letra polo Estado español, como dixemos, ao funcionar como continuación daquel outro, fóronse xa formando desde as escolas de primeiras letras todas as xeracións de cidadáns dese Estado, de sorte que iso se torna en algo apriorístico, non discutible, parecido ao que pasa co racial en moitísimos cidadáns de

América do Norte actual. E funciona nas mentes como un automatismo que, como moito do que se aprende na infancia, se dispara sen razoamento (mesmo nas persoas cualificables de cultas e intelixentes) na ocasión correspondente e resulta de difícil modificación ao longo da vida.

Con ese formidable atranco, instaurado na propia sociedade, é co que se atopa o uso do galego tamén no ámbito da función pública xudicial, que agora nos ocupa. E, consecuentemente, a praxe xudicial nese eido non resulta satisfactoria neses 35 anos transcorridos desde a aparición da sentenza que comentamos, ao desenvolverse en actuacións de carácter máis ben testemuñal, pero non por iso carentes de importancia ao conseguir que siga patente, como non resolto, o problema de referencia.

Hei pedir desculpa por traer agora, como colofón do exposto nesta pregunta, algo que parecería trivial e carente de importancia, mais ao que eu lle atribúo unha modesta significación.

Trátase do feito, que espero non faga rir, mais si sorrir, aos lectores da entrevista, e consistente en que como podemos observar, por exemplo na televisión, no adobío dos uniformes dos xogadores de fútbol de todos os equipos residenciados en Aragón, Catalunya, Valencia e Balears, como aparece sempre o escudo do Estado, coñecido como dixemos co nome de Coroa de Aragón; referímonos ao emblema das catro raias vermellas, sobre fondo amarelento. Pois ben, a interpretación que eu lle dou a ese simbolismo é a de que eses catro países, integrantes no seu día dese Estado, gardan aínda despois dos séculos transcorridos unha común lembranza, espontánea e cariñosa, de como foran tratados por el cando formaban parte deste.

8. Tendo en conta a crispación existente no debate político sobre o concepto e as posibilidades de normalización lingüística das linguas cooficiais no marco constitucional, non é probable a curto prazo unha reforma constitucional ou estatutaria que permita ir alén do feito neste ámbito nos últimos 40 anos.

Porén, na procura de alternativas que garantan un maior suceso na tarefa normalizadora do galego dentro do actual cadro xurídico-constitucional e estatutario, unha das posibles propostas é a de facer vulgados con perfil lingüístico en galego, reservados a xuíces e xuízas con formación lingüística específica, e para os demandantes que desexen presentaren escritos e realizaren vistas integramente en galego.

Outra proposta posible, co apoio das novas tecnoloxías, sería a tradución institucional automática dos textos xudiciais, de modo que toda sentenza se publique tamén en galego nos repositorios oficiais (CENDOJ).

Desde a túa experiencia, como valoras este tipo de iniciativas?

Ocórrenseche outras iniciativas para evitar que o uso do galego vaia esmorecendo ano tras ano na sociedade, como apuntan todos os indicadores estatísticos?

Valoro positivamente e de fecunda imaxinación a alternativa que suscita da creación de vulgados de perfil lingüístico en galego como unha das saídas á escura situación do idioma propio do país no eido xudicial.

Así mesmo, en relación a outra das alternativas de que falas, non me parece que fose difícil de alcanzar que se produza unha tradución automática ao galego das sentenzas que vaian recaen-

do nos órganos xudiciais en Galicia para conservalas nos repositorios oficiais correspondentes.

E no que se refire a se teño eu algunha ocorrencia propia respecto do problema que suscita na túa pregunta, penso que o núcleo duro deste asunto fica na antes aludida mentalidade do colectivo de que falamos en relación á xa tamén aludida supremacía do idioma castelán como algo apriorístico e de carácter dogmático que nin se presenta a discusión, aínda que segue inde demostrada a razón que poida xustificalo, como non sexa a de que “quen vence (non importando tampouco como o faga) pode impor a súa vontade a quen resultou vencido”; ou sexa, unha contemplación da convivencia no modo máis primitivo da humanidade.

Entón, no caso en exame agora, ocorre que o tal preconcepto castelán da supremacía no terreo do idiomático e, como xa temos dito, nos demais campos da vida do colectivo, fai no tocante a Galicia e aos seus riscos distintivos propios, que as persoas se van afiliando a tal mentalidade en todos os terreos: falar, estudar, practicar unha profesión, etc. E, chegados a tal punto, xorde agora nas demais persoas a pregunta de se hai algunha maneira, a estas alturas da historia e da civilización, de poder virar iso, tan daniño no campo da autoestima global do pobo que ten que soportar tal situación.

Xa que se me incita directamente, na túa pregunta, a dar a miña opinión a ese respecto, non me parece leal escudir ese compromiso en tema tan grave e, desde toda a modestia que corresponde e aceptando as conclusións doutras opinións que puideran estar mellor fundadas, vou expor o que é a miña reflexión sobre tal particular.

Considero que o feito de abandeirarse cara a un idioma ou outro por parte da maioría das persoas, sobre todo cando se chega a un momento avanzado da historia dun pobo, obedece, para ben ou para mal, mais é así, á utilidade que tal elección comporta.

Pasa, por exemplo, co idioma inglés, moi primario no seu contido, escaso de palabras (houbo de acudir ao francés para recoller del miles e miles delas, aínda que sen confesalo e cambiándolles algunha letra para disimular). Por outra banda, tal idioma non conseguiu o concepto que nós chamamos “xénero” (masculino, feminino, neutro, epiceno). Entón, establece resultados tan torpes como que, por exemplo, *man*, significa “home” e *woman* (traducido sería *wo-home*), significa “muller”; doutra parte, non ten practicamente conxugación dos verbos, pois en xeral (en tanto nos nosos idiomas formamos cincuenta e tantas formas con cada verbo) o inglés non coñece deles máis que o infinitivo, o participio pasivo e o xerundio, e ten que amañarse con só iso para poder conseguir algo que soe no oído como se fose o modo indicativo, e coa diferenciación de presente, pasado e futuro, polo cal o resultado diso parécese e soa, no oído, como o falar dos indios das películas (comprobémolo); e, por suposto, carece en absoluto dun modo como o subxuntivo. En fin, non fai falta seguir cansando coa descrición das súas graves deficiencias, comparado cos nosos riquísimos idiomas derivados do latín. Pois ben, aí temos o idioma inglés facendo “conquista” de falantes (daquela maneira, claro) todos os días, e iso simplemente porque está estendido por todo o mundo, pois xa que os primeiros falantes del eran pouco capaces, e parecen seguir séndoo, de aprender os nosos máis avanzados idiomas, optaron (coa tei-

mosía e desorbitada autosuficiencia que os caracteriza) por impornos o seu e, curiosamente, nós baixamos a cabeza e aínda estamos traendo palabras das súas? aos nosos propios idiomas, cando non hai falta ningunha porque nos sobran para poder expresar o que queremos dicir, ignorancia do noso idioma? Complexo de inferioridade. Mais, en todo caso, ocorre que ese pouco florido idioma do que falamos, ao estar como dicimos estendido xa por todo o mundo resulta que é un idioma que se nos aparece como útil. E a isto queríamos chegar agora.

Nesa mesma liña de razoamento, nun momento en que todo nesta etapa histórica vai operando a escala mundial, só lle interesará realmente á xente para a aprendizaxe (en xeral, non a determinados sectores) os idiomas que aparezan estendidos nese eido global. En concreto, ademais do inglés, o español (estendido por gran parte de América), o portugués (por África e por América; a superpotencia que está chamada a ser o Brasil) e o francés (por África e por Europa; Francia, Bélxica, Luxemburgo, Suíza, as institucións da Unión Europea). Habería acaso que citar pola súa importancia na economía o alemán e o chinés, mais non alcanzan nin moito menos aquelas dimensións xeográficas.

Pois ben, se o idioma galego quere ser realmente aceptado no futuro por propios e estraños, penso que ten que saír, na miña opinión por suposto, do seu “curruncho” de algo menos de 3 millóns de habitantes e, sentíndose un elemento cohesionante (xa non de miles e miles de cidadáns illados, situados en Galicia ou “paseantes” polo mundo, senón dun colectivo dentro do concerto, e ás veces desconcerto, universal), pór en funcionamento a enorme potencialidade que tal idioma posúe con só facer os ga-

legos o livián esforzo de familiarizarse coa grafía que ese idioma xa tiña na súa orixe e na súa época histórica máis recente; polo mesmo, sen ter que modificar a súa estrutura nin a súa coherencia como idioma, podería co cativo traballo de referencia (porque as palabras coinciden en máis do 80 por 100) conectarse cun deses idiomas (o portugués) que, como vimos de sinalar, se sitúa entre os máis estendidos mundialmente. E, desde a perspectiva oposta, o galego coa grafía que agora se propón tamén sería facilmente lido e comprendido (dada a referida coincidencia de palabras) polos usuarios dese mundo do portugués, que son preto de 300 millóns de persoas estendidas polo planeta.

Así, o galego converteríase en útil e, polo mesmo, atraente para os propios galegos, para todos. Porque, desa maneira, contarían todos co privilexio de poder conectarse non con un, senón con dous, dos referidos idiomas de alcance universal (o español e o portugués; ou sexa, 450+300 millóns de habitantes, estendidos polo mundo), o cal non está nada fácil para outros colectivos que, de poder gozar desas posibilidades, estarían a pensar que lles tocara a lotería porque, de feito, Galicia pasaría a converterse así en plataforma utilizable por ambos os mundos, tanto no terreo cultural coma no económico.

Así pois, con tan pouco esforzo como o sinalado, serían os propios galegos os que estimarían sensato e útil o uso do galego, comezando xa polos propios nenos. E, ao converterse en atraente o seu uso, ampliaríase loxicamente o seu emprego, hoxe cun campo cada vez máis reducido (dentro da propia Galicia) no que se refire ao galego na forma actual.

Se algún escrúpulo oficialista restase para levar a cabo esa fácil transformación, habería de entenderse superado coa deci-

sión da Real Academia Galega de dedicar o Día das Letras Galegas do ano 2020 (prorrogado para ano 2021 por causa da con-sabida pandemia) ao no seu día académico D. Ricardo Carvalho Calero, máximo expoñente e defensor da grafía de referencia, todo o cal parece indicativo dun cambio de actitude nese eido por parte de tal institución

En Figueroa, Carral, o 19 de xuño do 2020

**Carlos Amoedo Souto, Catedrático de Dereito da UdC, entrevista
a Gonzalo de la Huerga, Ex-Maxistrado**

Certo é que a lingua pode achegar ou afastar a cidadanía da Administración pública. É indubidable que o uso da lingua propia fornece a fluidez das comunicacións, a interpretación exacta da expresión, contextualiza os silencios e reporta confianza no diálogo. No caso da lingua galega e da Administración de xustiza, a realidade obriga a facer unha profunda reflexión, cómpre preguntarse se á poboación galegofalante se lle están a colmar as súas lexítimas arelas, xa non digamos os seus dereitos, á hora de relacionarse na súa lingua cos órganos xudiciais. Neste punto, atopámonos con que o galego segue a estar relegado a un plano secundario dentro da práctica xurídica e xudicial, e iso a pesar do inxente esforzo dalgúns dos operadores xurídicos, que aínda hoxe son unha minoría, pero que comezan a labrar un camiño que convén alimentar. Entón queda ben lonxe aquilo que recolle a Constitución española de que “a riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección”, e moi pouco das intencións do noso Estatuto de autonomía que lles impón aos poderes públicos de Galicia que garantan o uso normal e oficial do idioma galego e que potencien a súa utilización en todas as ordes da vida pública, para o que se han dispoñer os medios precisos para facilitar o seu coñecemento. É palpable, e asemade un paradoxo, que non se está a cumprir a norma institucional básica da nosa

comunidade autónoma, precisamente no eido xudicial. E isto tamén hai que tomalo en consideración.

Hai, pois, que axudar a labrar ese camiño. Hai que poñerse na pel desa testemuña de oitenta e tantos anos, de pelo canoso, que acode nunha mañanciña do mes de novembro a declarar perante o xulgado de instrución da súa vila por mor dunha disputa de alteración de lindes dun predio rústico e que, ao ser interrogada en castelán, se retrae na expresividade, se volve parca en palabras polo temor a non ser comprendida ou a non comprender e, en definitiva, resta información á causa xudicial. Hai que poñerse na pel daquela consumidora galegofalante estafada pola entidade bancaria da que foi cliente de toda a vida, a que lle “colocou” participacións preferentes a custa dos seus aforros, aproveitando da súa nula alfabetización —xa que esta tamén é unha realidade social que non se debe obviar— e que, ao traspasar a porta do xulgado, abandona a súa lingua materna movida polos vellos prexuízos lingüísticos e exprésase de xeito artificial nunha lingua para ela allea, da que non adquiriu dominio, co que perde toda fluidez e espontaneidade nas respostas. Hai que poñerse na pel daquelas persoas que desexan e demandan unha atención na súa lingua e que obteñen estereotipadas resolucións xudiciais, sentenzas ou escrituras notariais en castelán. Hai que poñerse na pel daquelas maxistradas e maxistrados, xuízas e xuíces, letradas e letrados da Administración de xustiza, fiscais e demais funcionarias e funcionarios da oficina xudicial, sen esquecer o notariado e o persoal dos rexistros, que no seu día a día fan uso do galego e lidan coas trabas burocráticas e a escaseza de medios e ferramentas informáticos para plasmaren a nosa lingua sobre o papel. E hai que poñerse na pel da procuradoría e na da avogacía, espectadoras en primeira liña do sentir galegofalante, manifestado sen

ambaxes nas consultas a pé de despacho, e de como as barreiras castelanizadas da Administración de xustiza arredan a cidadanía da institución xudicial.

As previsións non son boas. Os resultados da enquisa realizada polo Instituto Galego de Estatística, publicados o pasado vinte e sete de novembro, abren paso á preocupación, preocupación que se ve agravada no eido xurídico e xudicial, onde a carencia de medios e ferramentas informáticas adaptadas á lingua galega comporta un considerable esforzo, con máis horas de traballo e implicación, para todos aqueles operadores xurídicos que loitan por facerlle xustiza ao noso idioma, en especial, por recoñecelo tamén na escrita. Bótanse en falla programas de xestión e tramitación procesual en galego, bases de datos que conteñan as resolucións xudiciais no noso idioma, formularios de traballo —sexan xurídicos, xudiciais ou notariais— que permitan traballar coa mesma axilidade tanto en lingua galega coma en castelán. Bótase en falla a formación xurídica en galego, coa debida especialización na terminoloxía propia do gremio, comezando pola formación universitaria. E, tamén hai que dicilo, bótase en falla desenterrar definitivamente vellos prexuízos lingüísticos que aínda hoxe en día quedan na nosa sociedade. Só así será posible camiñar cara á tan ansiada normalización lingüística.

Cómpre, pois, exercer máis ca nunca o noso dereito á lingua galega, cómpre esixir que se adopten as medidas que garantan a efectividade do seu uso; e non hai que esquecer que é unha obriga dos poderes públicos.

Rocío e Luz Airado Bello
Avogadas

GALEGUIZACIÓN NO ÁMBITO XURÍDICO

EXPERIENCIA PERSOAL

A través do presente artigo, gustaríame compartir cos lectores a miña experiencia persoal dentro do ámbito xurídico en canto ao emprego do galego no desenvolvemento da miña profesión.

Antes de meterme en materia, vou facer unha breve reflexión sobre o marco normativo sobre o que se apoia o emprego do galego na nosa comunidade autónoma, así como un pequeno percorrido pola historia do século XX e que nos leva á situación actual.

A base normativa sobre a que se asenta a defensa do emprego do galego é o Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado no ano 1981. Neste texto recóllese un artigo, en concreto o número cinco, no cal se recolle o recoñecemento do galego como lingua propia, idioma ao que lle outorga oficialidade xunto co castelán. Ao mesmo tempo, prevese que os poderes públicos de Galicia garantirán un uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciando o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa e dispoñendo os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Nun punto final do mencionado artigo, establece de xeito inequívoco que ninguén poderá

ser discriminado por causa da lingua. Este artigo poñémolo en conexión co artigo 14 da Constitución, o cal dispón que non pode prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. A aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia recolle e oficializa o emprego do galego, co que lle dá entidade e un marco xurídico propio que permite a defensa do emprego do galego, xa non só desde un punto de vista cultural senón tamén normativo. Co Estatuto sentáronse as bases da defensa do idioma, a posibilidade de reclamar o emprego do galego porque este se convertera en oficial. Sen ben este feito supuxo un pulo no recoñecemento da entidade territorial e cultural galega, debemos recoñecer que daquela, a comezo dos anos oitenta, xa eran moitos os defensores do galego en todos os ámbitos. Quero mencionar todas aquelas persoas que desde a aparición da lingua galega fixeron uso dela de moitos xeitos, falando cos seus semellantes; transmitíndolles aos seus fillos e netos poemas, cancións, versos; escribindo cancións, libros e artigos; editando revistas e periódicos etc. Porén, gustaríame centrar o breve percorrido que vou facer na historia do século XX, por ser o século prolíxo en actos e normativa en defensa do idioma galego e que nos levou á situación actual.

Comezaba antes falando do Estatuto de autonomía e do paso importante que supuxera para a defensa do idioma. No entanto, antes da aprobación e publicación do Estatuto, que lle recoñece á nosa lingua o lugar que merece, a historia golpeou o emprego do galego en múltiples ocasións. Pero ao longo da historia non faltaron “bos e xenerosos” que crían na cultura e na

lingua galega, e que fixeron todo o que estaba na súas mans para a defensa do idioma.

A comezos do século, aparece a Real Academia Galega, fundada no ano 1905 da man do Rexurdimento, do Rexionalismo e da comunidade de emigrantes galegos en Cuba, onde xurdiu a Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega. Manuel Murguía, desde Galicia, e Manuel Curros Enríquez e Xosé Fontenla Leal, desde o exilio, xunto con outros moitos colaboradores e impulsores, loitaron pola creación dunha entidade que transcorridos os anos sería a encargada de elaborar un dicionario e de establecer as normas gramaticais do noso idioma. No seu nacemento así se preveu, e é mostra de exemplo o seu propio regulamento, no cal se recoñecía que a súa finalidade era “darlle unidade ao idioma galego mediante a publicación dunha gramática e dun dicionario”. A través da Academia Galega tentouse recoller de xeito escrito o rico e abondoso léxico galego, así como determinar aquelas regras precisas para a boa escrita do idioma. Pero o discorrer histórico, cun longo período no cal o galego estivo fortemente reprimido, fixo que a labor e a actuación da Academia se chegase a ter que facer incluso dun xeito clandestino ao longo de varios anos. Isto non soamente prexudicou o desenvolvemento dos programas e das funcións normalizadoras da lingua da Academia, senón que o castigo polo emprego do galego se facía tamén no eido social, xa que se desprestixiaron e atacaron de fronte aqueles que xa non soamente defendían o galego, senón aqueles que nos seu día a día o empregaban como idioma de comunicación do xeito máis inocente, por ser aquela a lingua que lle ensinaron desde o seu nacemento.

Xunto coa actuación da Real Academia, máis proliza nunhas épocas ca noutras pola represión forxada con man de ferro da ditadura, existiron outros moitos colectivos e entidades que avogaron pola defensa do idioma. Mención especial merecen as Irmandades da Fala, que entre os anos 1913 e 1931 desenvolveron actividades normalizadoras do galego e impulsaron o seu emprego xeneralizado en todos os ámbitos sociais e culturais. Esta organización entrou en escena para tentar revitalizar o emprego do idioma galego a través da súa defensa, dignificación e cultivo da lingua. Diferentes ideólogos, pensadores, escritores formaban parte dela e, entre outras actuacións, celebráronse diferentes actos públicos, dos que convén destacar o primeiro deles, no que se conmemoraron os fusilamentos de Carral. Logo diso, as accións centráronse na promoción da cultura e da lingua galegas, a través da convocatoria de cursos de galego, recitais, exposicións etc. As Irmandades da Fala déronlle unha segunda oportunidade á publicación *A Nosa Terra*, a cal editara o seu primeiro número en 1907, para rexurdir no 1917 da man das Irmandades, desta vez publicado integramente en galego. Este periódico chegou a sobrevivir ata o ano 1936, ano no que se produce o golpe militar que supuxo o seu peche e a morte por fusilamento do que naquel momento era o seu director Víctor Casas. As Irmandades da Fala tiñan unha dobre vertente, por unha banda a través do articulado político e por outra do literario. No ámbito político, entre outros aspectos, destacaban no seu programa como obxectivo prioritario a existencia dun poder xudicial desenvolvido no país, así como a cooficialidade do galego e do castelán. Na vertente literaria, centraron a súa atención no teatro, na prosa e no ensaio, e consolidouse o periodismo galego.

Non podemos deixar de lado tampouco a revista *Nós* que, da man de Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Florentino Cuevillas, conforman o Grupo Nós, grupo ao que se liga nun momento posterior Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, un dos impulsores do Estatuto de autonomía de Galicia. O labor do Grupo Nós, formación na que se aglutinan personalidades cunha ampla e diversa formación intelectual, consistiu na actualización e normalización do emprego do uso do galego no ámbito literario, artístico e científico na década dos anos vinte. Non se centraron soamente na creación propia de artigos, ensaios, prosa etc. en lingua galega, senón que foron máis alá e traduciron varios artigos de carácter científico e literario. O emprego do galego nestes ámbitos formais e científicos, que se afastaban do emprego do galego en ámbitos máis rurais e informais, situou o galego na excelencia humanística e científica. Neste contexto, prodúcese a creación do Seminario de Estudos Galegos, dedicado ás investigacións sobre a realidade galega. Foi fundado por un grupo de mozos universitarios, como Filgueira Valverde, Lois Tobío, Ricardo Carvalho Calero ou Fermín Bouza Brey. Este último destacou especialmente por ter unha relación directa no ámbito da xustiza, xa que no ano 1929 foi nomeado xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución da Estrada, pasou logo polo Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Lalín e foi nomeado tamén maxistrado da Audiencia Provincial de Lugo e Pontevedra. El, xunto co resto, tentaron potenciar o galego no eido intelectual.

Neste discorrer, tamén merece poñermos o punto de atención na figura de Castelao. Foi un eferente indiscutido da literatura galega e manifestou a súa creación en áreas moi diver-

sas, desde a novela, o teatro, a narrativa breve, o debuxo e o ensaio político. Da súa autoría é Sempre en Galiza, obra que supón un expoñente fundamental do nacionalismo galego. Este persoeiro ten unha importante significación política, a cal plasmou ao longo da súa obra ensaística, así como na súa activa participación política. Neste sentido, a súa afiliación ao Partido Gallego foi fundamental para a aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia, texto que como antes dixemos recolle un artigo concreto e específico a través do cal o galego adquire a categoría de idioma oficial de Galicia e establece que os poderes públicos garantan un emprego normal do idioma. Pero, antes do Estatuto, moitos intelectuais galegos foron exiliados debido á ditadura. Neste contexto histórico produciuse a desaparición da lingua galega da escena pública, da ensinanza e das actividades socio-económicas. A obrigatoriedade da escolarización, na que soamente se fomentaba o emprego do castelán na ensinanza, así como a popularización dos medios de comunicación que só coñecían o castelán como idioma, agravaron aínda máis a situación do galego. Ademais, hai que ter en conta que durante a ditadura o emprego do galego se relacionaba cunha ideoloxía política contraria á do réxime, o que provocada fortes represalias e discriminacións arbitrarias no mellor dos casos. No exilio, os nosos intelectuais mantiveron o compromiso coa cultura e coa entidade de Galicia, e continuaron o seu desenvolvemento cultural en países como Arxentina, Venezuela, México e Cuba.

Para a presenza do galego no eido literario foi fundamental a creación da Editorial Galaxia no ano 1950, entidade que lle deu un novo pulo ao noso idioma e que o revalidou como lingua

axeitada para calquera xénero ou temática. Da súa man xurdiron importantes publicacións periódicas como a *Revista de Economía de Galicia*, a revista de cultura e arte *Atlántida* e a de pensamento *Grial*, a cal foi censurada un ano despois da súa aparición. No contexto da ditadura, na década dos 60, producíronse cambios no ámbito económico e social en Galicia. Foi posible a aparición de publicacións que en tempos anteriores foran prohibidas e posibilitouse a celebración do Día das Letras Galegas, unha celebración promovida pola Real Academia Galega. O mundo editorial amplíase coa aparición de Edicións do Castro, e xorden asociacións culturais cuxo obxectivo era a defensa do idioma galego. A universidade galega non quedou á marxe deste novo rexurdimento cultural do galego, e no ano 1965 créase a Cátedra de Lingua e Literatura Galegas da man de Ricardo Carvalho Calero. Seguimos avanzando na historia e, a partir do ano 1975, ano no que se produce a morte do ditador, prodúcese unha apertura en distintos campos literarios e eidos culturais. Os autores que xa viñan escribindo anteriormente en galego continúan a facelo producindo poesía, ensaios, libros, crónicas políticas, revistas etc. Na narrativa, os autores diversifican o seu labor e adáptanse á novela histórica, policial, erótica, realista etc. E xorden publicacións e edicións destinadas ao público máis novo, infantil e xuvenil.

Neste contexto, situámonos no ano 1978, ano no que se aproba a Constitución, na cal se proclama a “vontade de protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos seus dereitos humanos, a súas culturas e tradicións, linguas e institucións”, ao mesmo tempo no que se sentaron as bases dunha nova

configuración xurídica-política: o estado das autonomías. É aquí onde entrou en xogo a posibilidade de que Galicia puidese aprobar o seu propio Estatuto de autonomía, texto articulado no que se recolle unha previsión expresa do idioma galego como idioma oficial de Galicia, que comparte oficialidade co castelán. Logo do Estatuto de autonomía, o Parlamento galego aprobou no ano 1983 a Lei 3/1983, do 14 de xullo, de normalización lingüística. No propio preámbulo da norma, recóllese que existiu unha marxinación cultural e que o noso pobo padeceu o desprezo da súa lingua. Concíbese como labor fundamental a recuperación da lingua, así como un desenvolvemento da nosa cultura propia. Dentro dos factores que convén recuperar, faise esencial a lingua, signo de identidade propia, que mantén unido o territorio de xeito espiritual, xa que nos une co pasado que nos transmite a lingua viva. A finalidade da lei, tal e como se recolle na Constitución e no Estatuto de autonomía, é garantir a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegurar a normalización do galego como lingua propia que nos é.

Na Lei de normalización lingüística establécese que o galego é a lingua propia de Galicia e que os galegos teñen o deber de coñecela e o libre dereito de empregala. Por outra banda, recolle que os poderes públicos de Galicia están obrigados a garantir o uso normal do galego e do castelán, como linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia e ínstaos para que adopten as medidas oportunas, co fin de que ninguén poida ser discriminado por razón da lingua. E, máis en concreto, establece que os cidadáns poderán dirixirse aos xuíces e tribunais para obter a protección xudicial do dereito a empregar a súa lingua, o galego.

Continúa o texto normativo prevendo que os cidadáns teñen dereito ao emprego de galego, tanto de xeito oral coma escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da comunidade autónoma. Ademais, os poderes públicos de Galicia promoverán o emprego normal da lingua galega, tanto de xeito oral coma escrito, nas súas relacións cos cidadáns. Por outra banda, e en concreto en relación coas actuacións xudiciais en Galicia, estas serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada, e prevese expresamente que o interesado terá dereito a que se lle entregue ou notifique na lingua oficial que elixa. Non soamente se prevé o anterior, senón que de xeito expreso se establece que a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do emprego do galego na Administración de xustiza. No eido da ensinanza, e concretamente no ámbito universitario, por ser este o meu primeiro contacto académico coas ciencias sociais, e máis en concreto co dereito, establécese que no ámbito universitario existirá o dereito, tanto do profesorado coma do alumnado, a empregar oralmente e por escrito a lingua oficial da súa preferencia. Sen prexuízo do anterior, instanse as autoridades educativas para que arbitren as medidas oportunas que fagan normal o uso do galego na ensinanza universitaria. Desde un punto de vista abstracto, e sen analizar a realidade que vive o idioma galego, poderíamos pensar que todo o esforzo realizado polos nosos antepasados e os avances na defensa e promoción do galego foron suficientes para que a día de hoxe estea presente de xeito maioritario en todos os eidos, e entre eles o xurídico. Porén, a triste realidade é moi diferente.

No ano 2004, comecei os meus estudos na Universidade de Santiago de Compostela, máis en concreto na Facultade de Dereito. Alí foi a primeira vez coa que batín de fronte coa realidade do emprego do idioma no ámbito universitario, que salpicaba tanto o profesorado coma os compañeiros da clase. Logo das referencias feitas no momento anterior ao aspecto normativo da defensa do galego —isto é, o previsto no Estatuto de autonomía e na Lei de normalización lingüística—, eu, inocente e cunha crenza persoal de que o noso patrimonio e cultura galegos eran o ben colectivo máis prezado e do que máis orgullosos sentirnos, pensei que me ía atopar con galegofalantes por todas as rúas, que os meus compañeiros da clase me ía a saudar cun “bo día”, e que os profesores da terra impartirían as súas clases na nosa lingua nai. Nada máis lonxe da realidade. Por sorte, tiveron un grupo de amigos que na súa maioría falaban o galego, aínda que había outros membros que falaban o castelán. Tamén por circunstancias da vida, e dada a proximidade dunha e doutra facultade, relacionábame bastante cun grupo de xente da Facultade de Ciencias Políticas, grupo que na inmensa maioría empregaba o galego para a súa comunicación. Pero a maior parte do alumnado, así como do profesorado, salvo contadas excepcións, falaban o castelán. Este idioma non soamente se empregaba nas leccións que se daban na clase, senón que os materiais, bibliografías e artigos relacionados, na súa práctica maioría, estaban en castelán. Curioso tamén me resultaba que compañeiros que no seu día a día, entre nós, empregaban o galego, cando se trataba de dirixirse ao profesorado, ben nunha clase, nun grupo de traballo ou nunha titoría, botaban man do castelán. Ou mesmo cando facían os seus exames mudaban o bo-

nito que soaba a lingua galega falada polo castelán escrito. E incluso, cóntoo de xeito anecdótico, pasoume minutos antes de comezar un exame que unha compañeira me advertía de que á profesora en concreto que nos ía examinar non lle debía gustar ler o galego, xa que corría o rumor de que quen redactaba os seus exames en galego corría o risco de obter menos nota que aquel outro que o facía en castelán. Digo que conto isto de xeito anecdótico porque confío na profesionalidade e obxectividade daquela mestra, e non me cabe a menor dúbida de que á hora de corrixir os exames unicamente tería en conta a calidade das respostas e non o idioma oficial no que estaban escritas. Pero ao que vou, conto isto de xeito anecdótico non pola “fama” daquela mestra, senón polo feito de que unha compañeira con toda a súa boa vontade do mundo me fixera a advertencia, coñecedora do meu emprego do galego. Aquilo pareceume unha escena máis propia de comezos do século XX e non do XXI. Penso que non me equivoco cando digo que existe moito aínda por andar e que, no fondo de nós, existe algo involuntario e inconsciente que nos leva a pensar que o galego é un idioma de segunda, malia que en determinados ámbitos, aqueles máis formais, aínda o é de menos. Algo que provén de séculos atrás, en que unha e outra vez o galego foi relegado á clase obreira, campesiña, aos ámbitos informais e ás conversas entre veciños do rural.

Ao longo da carreira cursada na Facultade de Dereito de Santiago de Compostela, a meirande parte das materias foron impartidas en castelán. Hóboas en galego, pero as que menos ou case ningunha. Aquilo xa era un preludio do que me atoparía unha vez que comezara a exercer. No eido universitario non

teño moito máis que resaltar a maiores do escaso emprego do noso idioma, tanto entre o alumnado coma entre o profesorado. Tampouco fun consciente de ningún tipo de esforzo ou de campaña por parte da Administración ou da Universidade por fomentar o emprego do galego nese ámbito, ou que establecese que determinado número de materias por curso se impartise na lingua nai. Porén, si é certo que os documentos administrativos —os formularios para as matrículas, os expedientes curriculares, así como outra documentación— estaban en galego. Pero, a maiores diso, non existía nada máis que mostrase o emprego do galego como preferencia.

Logo de rematar os meus estudos na facultade, comezou a andaina profesional. Durante unha primeira etapa e antes de comezar un proxecto pola miña conta en compañía da miña actual socia, estiven nun despacho no que, malia que se falaba o galego de xeito oral e sobre todo cos clientes, á hora de facer os escritos e de relacionarse no xulgado cos compañeiros, funcionarios, xuíces etc. sempre se facía en castelán. Naquela época eu adapteime, e todo aquilo que redactaba facíao en castelán, por ser aquelas as normas do despacho. Pero no fondo do meu interior sigo sen comprender que os propios galegofalantes non defendan e non avoguen polo emprego do galego naqueles aspectos máis formais da profesión e que sigan a tradición ancestral de mudar ao castelán á hora de relacionarse no ámbito profesional.

Logo desa primeira etapa, que se prolongou durante máis de dous anos, comezou outra etapa na que desta vez a miña socia e mais eu eramos as que decidíamos de común acordo como ía ser o noso negocio. Nese momento, tiven a sorte de comezar a

miña aventura cunha persoa que xa coñecía da carreira e coa que establecera unha sólida amizade ao longo dos anos. Foi con ela coa que emprendín ese proxecto, que xuntas sacamos adiante. Por sorte para min, ela tamén é galegofalante, é a súa lingua nai, e pona por bandeira alá onde vai. Cando comezamos esta nova andaina, moitas eran as decisións que debiamos tomar, pero unha cuestión sobre a que non existiu debate nin sobre a que fixo falta unha profunda e meditada decisión foi o idioma que empregariamos para o desempeño do noso labor. Non foi necesaria a decisión consciente, porque dun xeito natural asumimos que a nosa lingua nai sería a que por defecto empregariamos para comunicarnos de xeito verbal e escrito. A ausencia de dúbidas en relación con esta cuestión foi polo noso firme convencemento e compromiso co patrimonio da nosa cultura, cultura que nos ofrece un idioma propio, rico en léxico e vocabulario e que nos permite expresarnos profesionalmente en calquera dos nosos casos e asuntos. O compromiso chega a tal punto que a nosa imaxe corporativa está en galego, así como o dominio da páxina web, o correo electrónico e a papelería serigrafada. Isto responde a unha coherencia co noso pensamento, e coa nosa maneira de entender que o galego é unha lingua válida para o axeitado desenvolvemento da nosa profesión. Ao longo de todos estes anos, as anécdotas relacionadas co idioma cóntanse por centos. Graciosa foi a vez que nos chegou ao despacho unha notificación de recepción dunha carta certificada enviada por nós. No apartado relativo ao remitente, onde figuraba o nome do noso despacho Castro2 Avogadas, algún empregado de correos con certo afán corrector ortográfico riscara o “v” para cambiálo por un “b”. Tamén noutra

ocasión nos aconteceu que os clientes nos preguntaron se para facer a súa demanda íamos usar o galego ou se, á hora de testemuñar nun xuízo, terían que mudar ao castelán para responder as preguntas que lles formulasen. Non quero quedar soamente con aquelas notas que dalgún xeito poderían parecer negativas, xa que ao longo do noso percorrido profesional tamén houbo quen nos loou por empregar o galego e por defendelo nun ámbito como o xurídico.

No día a día, teño que recoñecer que hai funcionarios que empregan o galego de xeito oral, pero isto non se traduce na escrita. É certo que hai algún que outro xulgado que emprega o galego nas súas resolucións, pero poucos, e aínda falta moito por percorrer para que isto sexa o habitual. É preciso un compromiso persoal para empregar o galego no eido xudicial, pero tamén que os poderes públicos proporcionen medios suficientes para que o emprego do galego non supoña “máis traballo”. Estoume referindo, por exemplo, a programas de xestión propios que empregan os xulgados que están en castelán, e que contan con modelos e formularios tamén nese idioma. Trátase de poñer o emprego do idioma galego á mesma altura ca o castelán e de garantir que, no momento en que se queira facer uso del, isto non supoña un lastre máis.

Como indicaba anteriormente neste artigo, é ben certo que a Lei de normalización lingüística establece no seu articulado determinadas cuestións que hai que aplicar no ámbito xurídico. Unha delas é o feito de que o interesado pode escoller o idioma no que quere ser notificado, así como aquel que se empregue nas actuacións xudiciais. Porén, na práctica e ao longo

destes anos e baixo a miña humilde impresión, non fun consciente da aplicación práctica desa previsión normativa. Como xa dixen antes, en todos os nosos escritos empregamos o galego. En primeiro lugar, nunca me pasou que nun xulgado e no marco dun determinado procedemento se fixese un acto expreso no cal se lles dese a opción aos interesados de escollerem o idioma no que desexaban que se fixesen as comunicacións ou se tramitase o seu expediente. Por defecto, e salvo contadas excepcións, o idioma que se emprega é o castelán. Oxalá por defecto se empregase o galego. Pero, sen prexuízo disto, podemos entender que se presentamos no xulgado unha demanda en galego, dun xeito tácito, a parte no seu primeiro escrito dirixido ao órgano xudicial está optando por unha lingua en concreto. Baixo o meu punto de vista, e en defecto dun acto expreso de elección de idioma oficial para as comunicacións, debe entenderse que o interesado está optando polo galego. Outra situación que me parece moi curiosa, e penso que está a lesionar a correcta normalización do galego no ámbito xurídico, é o momento en que se lle toma declaración a un cliente. Día tras día, vemos como as palabras expresadas en galego polo prexudicado ou investigado son traducidas ao castelán no momento en que se recolle a declaración por escrito. Isto paréceme que atenta gravemente contra os dereitos dos cidadáns. En primeiro lugar, porque se está a infrinxir a Lei de normalización lingüística, no sentido de que non se recolle a declaración do interesado no idioma elixido. Por outra banda, pode resultar prexudicial desde un punto de vista da defensa, xa que as expresións e formas de expresarse en galego non sempre son ben interpretadas e traducidas ao castelán, o que ocasiona certas si-

tuacións de falta de fidelidade á hora de recoller na declaración o expresado de xeito oral. Pero vou máis alá, á parte do dito anteriormente, é un comportamento que prexudica gravemente desde un punto de vista social a normalización do galego no ámbito xurídico. Isto é así, xa que lle estamos dicindo de xeito indirecto a esa persoa que está a declarar que facelo en galego non é válido e que por iso se traduce ao castelán. Hai lesións e feridas ao galego que se fan de maneira directa, pero hai outras mais sutís que son igual de graves ou peores, porque se tratan con tanta normalidade que se asumen como lóxicas.

Isto que acabo de expresar podo poñelo en conexión con outra circunstancia que sempre me chamou moito a atención, e agora vouno centrar na miña vida profesional, aínda que tamén acontece no ámbito privado. Algo que me preocupa é o feito de que a xente que nunha conversa oral comeza falando galego muda ao castelán no momento en que percibe que o interlocutor fala en castelán, estoume referindo a situacións nas que se coñece que a persoa que fala en castelán coñece o galego. Resúltame curioso, xa que en todas as ocasións que me cadrou presenciar esta situación o cambio sempre era do galego ao castelán, e non á inversa. Aínda que teño que reconecer que nalgún que outro xuízo ou declaración si que por parte da S.S. se mudou do castelán ao galego para dirixirse a aquela persoa que lle falaba en galego. Hai quen xustifica esta actuación nunha cuestión de educación; pois ben, os castelán falantes tamén son educados e non pasaría nada porque eles mudasen ao galego. Aínda que eu vou máis alá, e para min o primordial e fundamental é que exista comunicación entre as partes, e que esa comunicación se faga do

xeito máis cómodo e fluído posible. Con isto o que quero dicir é que, a falta de que un castelán falante pase a falar o galego, animo a que o que o fai en galego o siga facendo nese idioma, aínda que o que teña de fronte o faga en castelán, xa que se ambos coñecen mutuamente o seu idioma a comunicación será perfecta.

Para rematar, gustaríame facer mención ao acto da Irmandade Xurídica Galega celebrado en abril do ano 2019 no Xulgado de Noia, e que tiña como obxectivo gabar a faceta dos operadores xurídicos que defenderon o emprego do galego no ámbito xurídico. Daquela tiven a sorte de participar no propio acto, cunha breve intervención onde contaba a miña experiencia profesional empregando o galego. A idea de facer o acto en Noia resultou moi gratificante, xa que naquel momento a titular dun dos xulgados, dona Lorena Tallón García, estaba moi comprometida co emprego do galego no ámbito xurídico e, de feito, ditaba todas as súas resolucións en galego. Nunha conversa informal con ela, pregunteille se tiña constancia da data na que se ditara a primeira sentenza en galego no Xulgado de Noia. Percibín certa tristura cando me dixo que a que constaba rexistrada fora a que ditara ela en decembro de 2015. Teño que recoñecer que, cando descubrín que a primeira sentenza ditada en galego neste xulgado era de tan recente data, unha sensación de sorpresa, incredulidade e inquedanza invadiu o meu pensar. Cuestións coma estas deberían levarnos a reflexionar sobre o estado real no que se atopa o uso do galego no ámbito xurídico. O certo é que a día de hoxe a nosa lingua continúa pagando o estigma de tempos atrás, no que a utilización estaba degradada e relegada a ámbitos humildes e rurais. Quizais sexa por que aínda perdura esa teima e porque o

ámbito xurídico é un dos que máis se asocia coa profesionalidade e formalidade, polo que segue a ser un dos máis alleos ao uso do galego.

Socialmente aínda existen prexuízos sobre o galego, xa que se segue a considerar un idioma de segunda que non ten cabida en certos sectores profesionais e eidos formais. Debemos rachar con esta lacra e dignificar o idioma tan castigado na Administración de xustiza. Para iso é fundamental que os que estamos no sector xurídico contribuíamos de xeito persoal e directo coa utilización do galego.

Debemos pensar que os galegos temos a sorte de coñecer dous idiomas, circunstancia que sempre suma e nunca resta. Ademais, debemos quedar no feito de que o galego nos permite comunicarnos coa comunidade lusófona, que abrangue preto de 240 millóns de persoas. Se temos todo isto en conta, non se me ocorre o motivo polo cal non lle damos galego o lugar que merece.

Non hai galego mal falado, senón aquel que non se fala, e por iso animaría a todas as compañeiras e compañeiros a que empregasen o galego na súa fala e que tamén o fagan nos seus escritos. De seguro que ao principio lles vai resultar dificultoso, pero logo dunhas cantas demandas as palabras sairán soas e terán a mesma habilidade para expresaren os argumentos xurídicos que cando o facían en castelán. Todos temos unha responsabilidade individual na defensa do idioma, na súa promoción e normalización no eido xurídico. Para iso temos que empregalo desde dentro, entre nós, no xulgado, na Administración, porque soamente así lle ensinaremos á sociedade que o galego é tan válido coma o castelán na nosa profesión. Aspiramos a que algún día

falar e expresarse en galego deixe de ser unha excepción para ser o habitual.

Noia, 19 de maio de 2020

Tania Castro Núñez
Avogada

A FORZA DA VONTADE

O pasado 27 de marzo de 2020 cumpríronse trinta e cinco anos desde que os maxistrados da Sala do Contencioso-Administrativo da extinta Audiencia Territorial da Coruña, Ricardo Leirós Freire, Claudio Movilla Álvarez e Gonzalo de La Huerga Fidalgo, ditasen a primeira sentenza en lingua galega en época moderna.

Os galegos, pobo orgulloso da súa lingua propia, principal creación colectiva e feito diferencial, debemos recordar este fito histórico na recuperación e normalización do idioma, por constituír un paso importante no camiño que debe percorrer a nosa lingua para afastarse do abismo profundo e escuro do que tanto lle custou saír e que nunca deixa de desaparecer para ela, como é o foxo do ostracismo.

A historia demóstranos que o galego chegou á práctica irrelevancia cando concorreron as seguintes circunstancias: unha falta de vontade no emprego cotián do idioma, a inexistencia de elites galegas a quen querer imitar e un proceso de asimilación dalgunha cultura foránea percibida polos nativos como dominante, propia ou desexable. Así, dicía Martín Sarmiento en 1766

que os foráneos que chegaran a Galicia no século XVI foron “los que por no saber la lengua gallega ni por palabra, ni por escrito, han introducido la monstruosidad de escribir en castellano para los que no saben sino el gallego puro”; laiábase o avogado Lois Porteiro Garea en A Nosa Terra en 1916 da “inxusticia de non eisixir o Estado ós seus funcionarios (xueces, notarios, etc) que conozcan o verbo en qu’a de formular o seu pensamento, a sua voluntá, o pobo ond’eses empregados exerzan os seus cargos”; ou, en fin, advertía Vicente Risco na mesma publicación en 1931 que “un pobo, para ter dereito a algo ten qu’emprinciar por ser o que é, e por querer ser o que é. S’os galegos abandonan a sua fala, os seus costumes, as nocións e supostos fundamentos da súa cultura propia, perderán o dereito a gobernaren a sua casa e aínda os seus dereitos de homes, pois pol-o abandono d’aquelas cousas demostran a sua vontade de seren escravos”.

E non pensemos que hoxe, tras acadar un desexable marco xurídico que fomenta o uso e a normalización do galego, os problemas que afronta a nosa lingua son moi diferentes aos pasados porque i) vivimos un proceso de asimilación de culturas foráneas, dunha “cultura pop” global que descarta completamente o folclore e a lingua galega; ii) porque este problema se agrava e se acelera na actualidade a través dos medios de comunicación de masas e das redes sociais que difunden as “supostas bondades” da globalización no eido colectivo e, á vez, “os supostos beneficios” dun individualismo exacerbado ou porque iii) determinados grupos e líderes do actual panorama político español propoñen cambios normativos para que se lles permita a aspirantes doutros territorios do Estado acceder á función pública no territorio de Galicia malia descoñeceren o galego.

Volvendo a Vicente Risco, no artigo citado, continuaba facendo un chamamento á responsabilidade individual e dicía: “Porque así como cada individuo human ten unha misión que cumprir no mundo, e non pode recramaren bó dereito e axuda e a considerazón dos seus compatrianos nen da sociedade en que vive, si'l non aporta ao acervo común a contribución da súa axuda e do seu traballo, así tamén os pobos. Todo pobo ten unha misión no mundo, que é criar unha cultura propia e esta é a razón da súa existencia, o que pode invocar cando recrame liberdade e justiza...”.

Cada un de nós, como cidadán e suxeito de dereitos e obrigas, integrado nun pobo cunha cultura propia, ha de achegar algo do seu esforzo ao patrimonio común, o cal só perdurarase se é capaz de manter unha cultura de seu, dentro da cal a fala xoga un papel central. O uso da lingua e a defensa da cultura dun pobo transcende, pois, do plano individual ao colectivo.

Velaquí a importancia histórica da sentenza que hoxe recordamos: unha acción individual que se propaga no plano colectivo para ser patrimonio de todos os galegos. Os maxistrados, ao cumpriren cun deber de xustiza —xa non particular, senón tamén de todo o pobo galego—, demostráronnos que era posible a normalización, expresarnos no foro na nosa lingua nai, na que está no noso pensamento e coa que requirimos significarnos e obter unha resolución xudicial en lingua galega. E era tan sinxelo como ter a vontade de expresarse en galego e facelo.

Así pois, só cabe mirarnos no espello dos que, no seu día e con valentía, desde a súa responsabilidade, decidiron poñer un gran de area coa súa achega á normalización da lingua galega, e

cada un de nós debe facer o mesmo: arrimar a nosa contribución individual, sen medo, dá igual a maneira, o ámbito ou a repercusión, xa que desta achega persoal —máis grande ou máis pequena— se vai beneficiar o patrimonio común dos galegos e, deste xeito, afastarase cada vez máis o escuro foxo do ostracismo e da irrelevancia da nosa lingua, da nosa cultura e do noso pobo, porque querer é poder.

Jacob del Río Viñas
Avogado

“A QUE FALA GALEGO”

Cando se cumpren 35 anos da primeira sentenza en galego, cómpre facer balance de como estamos a responder a esa primeira chamada á re-galeguización que marcou un fito na Administración de xustiza.

Certo é que, grazas a moitas persoas comprometidas coa lingua e coa terra, as cousas foron a mellor, pero non podemos caer en autocompracencias porque aínda queda moito por facer. É fundamental que asumamos como algo propio e individual, como unha responsabilidade de cada un de nós, seguir o ronsel marcado polos que nos precederon e non limitarse a asentir e a loar os esforzos alleos na espera de que abonde para mudar as cousas.

O mundo que nos rodea non cambia só por facer grandes declaracións ou actos simbólicos, que tamén, o mundo cambia porque alguén, nalgunha parte, algún día, comeza a facer cousas distintas. Hai que pasar do desexo á acción, de espectador a actor. Somos conscientes de que a Administración de xustiza é especialmente remisa aos cambios, por iso cómpre ser aínda máis activos.

Hai un par de anos, abrín un despacho nunha pequena vila do rural. Sempre lle atopei atractivo a ser unha avogada de aldea, de trincheiras, de leriar sobre temas mundanos non estritamente xurídicos cos clientes, de coñecelos na súa contorna, coas súas circunstancias. Malia ser unha vila maioritariamente galegofalante, había xente que se sorprendía de que os atendese en galego. Algúns mesmo preguntaban a razón de que me expresase na lingua propia de Galicia ou —os que xa tiñan máis confianza— se era de aldea. Máis sorprendidos quedaban cando lles transmitía que non, que nacín e crecín nunha capital de provincia onde se falaba castelán “de toda la vida” e que pasei a miña infancia entre zapatos de charón e que o uso da lingua era unha elección persoal. Estas conversas tamén me dan a oportunidade de apoderalos e de transmitirles que para as cousas importantes tamén é válida a nosa lingua.

—E os escritos para o xulgado tamén valen en galego?

—Tamén. Como non van valer!

O outro día escoitei que alguén, para dar indicacións de min, dicía:

—Si, muller, a que fala galego!

Esbocei un sorriso, que logo quedou conxelado. Algo non está a funcionar ben, pensei, cando nunha pequena vila na que o 90 % da súa poboación é galegofalante un sinal identificativo dunha letrada sexa que fale galego. Tamén é certo que tal episodio renovou os folgos para continuar o camiño.

Sempre me pareceu curioso que os profesionais cos que habitualmente me relaciono, cando falan comigo, mudan automaticamente ao galego ou polo menos inténtano. Resulta algo

presuntuoso pensar que podo ser o virus que contaxie normalidade no uso da lingua no meu espazo de traballo, pero son teimuda e non vai ser por non intentalo. As cousas sempre son imposibles mentres o parecen.

Máis dificultades de imitación atopo na escrita. Semella que aquilo cuxo destino sexa perdurar no tempo e que pode ser obxecto de revisión e crítica custa un pouco máis. Consciente desta resistencia, sempre me ofrezco gustosa a redactar os documentos que recollen transaccións ou convenios coa parte contraria, segura de que unha vez redactado, ben por vergoña (sería unha falta de cortesía que o compañeiro me pedise que o traduxa) ben por comodidade (volver escribilo noutra lingua), o documento permanecerá na lingua na que foi orixinariamente redactado. E que cando se incorpore á sentenza que o homologue quedará perpetuado no noso idioma, aínda que o resto da sentenza luza un disonante castelán. Queda camiño.

Olga Failde Picallo
Avogada

A CASA POLO TELLADO

«Fendas nas paredes da vivenda dianteira que parecen deberse a cedimento da estrutura do solo», «o tellado atópase cáseque derruído na maioría das estancias», «o vaidil tamén se atopa en perigo de caer para a rúa», «na vivenda traseira, o solo, as paredes e así como o teito están cáseque na súa totalidade cedidos ou derrubados». Así remataba a acción comezada por dona Josefina Carreira Rivera contra o Concello de Redondela, en que declaraba que os custos de reparación do seu edificio superaban o 50 % do valor que tiña o inmovible, polo que era procedente declarar a ruína do edificio e condenaba o Concello a emitir tal declaración.

Como se dunha metáfora se tratase, os maxistrados don Ricardo Leiros, don Claudio Movilla e don Gonzalo de la Huerga, da Audiencia Provincial da Coruña, ditaban o día 27 de marzo de 1985 a primeira sentenza en lingua galega, logo de case cinco anos da interposición da demanda en primeira instancia e logo de case 5 séculos de proscrición do idioma galego. De feito, o último documento de carácter xurídico do que se ten constancia escrita en galego data do ano 1529, que se dita no mosteiro de Melón. Así se atopaba a lingua galega no ano 1985 nos eidos administrativos e xudiciais, o que reflicte a súa escasa utilización. Estaba en perigo de caer, cos cimentos cedidos e case derrubada, e cunha necesidade de urxente recuperación por parte da Admi-

nistración e dos poderes públicos. Derruída, pero nun intento clarísimo de reconstrución, déixase ver a lingua na resolución ditada e establécese un paralelismo claro coa demanda instada pola señora Carreira, que reclamaba a reconstrución do seu inmoible e a súa viabilidade para o futuro. Si, a demanda foi algo premonitorio.

De sobra é coñecido de maneira formal por todos os eruditos e académicos nos seus estudos acerca das linguas rexionais que a lingua representa a memoria colectiva dun pobo, o berce do coñecemento e da experiencia dunha civilización, así como a adaptación dos diferentes grupos de falantes aos distintos ámbitos sociais e materiais e a representación dunha historia de miles de anos para obter coñecementos do mundo, da contorna, e mesmo da propia natureza. Por iso, o dereito a usar e a reivindicar o uso das linguas rexionais minorizadas, mal chamadas minoritarias, constitúe un dereito imprescritible, e por iso resultaba tan relevante o feito de que no ano 1985 se ditase unha sentenza integramente en galego, recuperando a lingua, lingua que se ía reduciendo século tras século a certos dominios comunicativos concretos e, no caso de Galicia, fundamentalmente nas zonas rurais como uso case exclusivo, zonas que ademais cada vez estaban menos habitadas, en evidente beneficio das urbes, que gañaban de forma incesante xente nos seus censos e nas cales se imponía o uso do castelán. Pero o idioma galego a pesar de todo era ben recoñecido polos falantes, e isto malia que cada vez se utilizase menos polos propios cidadáns ou incluso se deixase de utilizar, e cuxa consecuencia inmediata foi a perda de transmisión xeracional.

A necesidade de que un dos tres poderes, como era o poder xudicial, integrase de novo a lingua como expresión útil ao sis-

tema, facía que se recuperase a nosa historia como pobo, e isto da man desta sentenza que debe ser conmemorada como unha inflexión na lingua nun momento determinante. E que se ditase no ano 1985 non é casualidade. Reflectíase de xeito evidente que a cultura dominante nas décadas anteriores estaba forxada por un ambiente ideolóxico que propagaba e facilitaba un único sistema de valores no que a lingua era un activo valioso e un símbolo de cohesión para a rexión e o Estado para configurar unha España que se erixía como ideoloxía dominante ante calquera outra comunidade, por moi histórica que fose. Como evidente resultado desta pugna, cando grandes comunidades lingüísticas compiten polo mesmo espazo político e social, pode acontecer que cada unha delas teña as súas propias actitudes lingüísticas conflitivas e os seus esforzos sempre van dirixidos a reivindicar politicamente unha delas, e Galicia non foi a excepción. O contrario podería representar un perigo para a unidade nacional. Por iso esta data de 1985 era reveladora dos acontecementos e pretendía sen dúbida ningunha afrontar e reiniciar a necesidade de volver utilizar a lingua en todos os eidos, pois era ben sabido que en Galicia todos os cidadáns, sen excepción, coñecían de sobra o idioma, falasen ou non o falasen de forma habitual, ou polo menos non era algo estraño para eles. Por iso nese momento histórico de autonomía emerxente tiña que volver a lingua ás escolas, aos medios de comunicación e á vida económica, administrativa e xurídica, todos eles axentes sen excepcións de socialización imprescindibles para a nova era da lingua.

Ai, Josefina Carreira! A súa reclamación enfróntase á Administración pública nos eidos xurídicos e administrativos tan pouco dialogantes coa cidadanía e ela sae vencedora e, por que

non, tamén vence o idioma galego que rexorde fronte á Administración castelanizada. A lingua galega, neste caso concreto da man dos tres maxistrados que asinan a sentenza, gáñalle á Administración pública e elévase como símbolo para a recuperación do idioma e a incorporación deste a un eido como é o xurídico.

Porén, como aínda por desgraza se segue reflectindo no momento actual, evidénciase que a medida que se ascende na escala social abandónase tamén o uso do galego. Este feito era coñecido polos maxistrados desa primeira sentenza, polo que debe ser reivindicada neste 35 aniversario a súa innegable achega ao reivindicar a lingua galega e darlle a razón á cidadanía fronte ao Concello de Redondela.

Construír e reconstruír é a esencia da inmortalidade, aínda que sexa polo tellado.

Paz Filgueira Paz
Maxistrada

A REGALEGUIZACIÓN DA XUSTIZA

Tanto a Administración de xustiza como as forzas e corpos de seguridade son parte dos alicerces precisos para manter ergueito o edificio do Estado. Nestes dous casos, as dúas institucións están moi próximas e particularmente conectadas no que atinxe á xurisdición penal.

Que se quere dicir? O artigo 104 da Constitución española vixente encárgalles aos corpos e forzas de seguridade a protección do “libre exercicio dos dereitos e liberdades” dos cidadáns, mentres que os xuíces e os tribunais exercen a potestade xurisdiccional. O artigo 126 da mesma Constitución sinala a dependencia da Policía xudicial dos xuíces, dos tribunais e do Ministerio Fiscal no que se refire ás súas “funcións de indagación do delito e descubrimento e seguranza do delincente”.

Polo tanto, dedúcese a necesidade de que a lingua de traballo das forzas e corpos de seguridade en Galicia non se afasten do que emana da Administración de xustiza, que debe seguir as pautas que derivan do mandado constitucional de 1978 (artigos 3.2 e 3.3) e do Estatuto de autonomía de Galicia (artigo 5).

Aquí enfia o argumento da importancia que ten para a Policía a primeira sentenza en galego, ditada o 27 de marzo de 1985 pola Sala do Contencioso da Audiencia Territorial da Coruña, logo de cinco séculos de prohibición do uso da nosa lingua no foro. Os autores foron os maxistrados Ricardo Leirós, Clau-

dio Movilla e Gonzalo de la Huerga. É a eles a quen lles corresponde a honra de principiar a regaleguización da xustiza, un paso fundamental para abrir o camiño da normalización da lingua galega nas forzas e corpos de seguridade, como así aconteceu, respectando o réxime xurídico do plurilingüismo.

Pero hai outras razóns que teñen que ver máis coa cultura sentimental dos galegos para aplaudir esta efeméride, como é a calidade dun servizo público que se desenvolve na lingua de seu, facendo doada a comunicación entre o cidadán e a policía, e a imaxe positiva derivada do uso do idioma propio, xa que é falando como se normaliza a lingua.

As forzas e corpos de seguridade en España acadan unha grande aceptación social, como reflicten as enquisas do CIS, ao colocalas nos primeiros lugares de prestixio nos seus estudos e barómetros. Non é raro, xa que a policía asumiu hai anos a realidade lingüística galega, como demostra a publicación de libros como *Palabra por palabra. Contos da policía, En galego con seguridade*, a reedición dos *Seis Poemas Galegos* de García Lorca, os formularios da policía científica ou a impresión bilingüe (castelán-galego) do documento nacional de identidade.

Por iso resulta un fito importante a publicación da sentenza do Tribunal Contencioso da Audiencia Territorial da Coruña en 1985, xa que nela se atopa o exemplo de que unha das institucións fundamentais do Estado, a xustiza, inzou a bandeira do respecto á lingua propia dun país, o noso.

Luís Manuel García Mañá
Ex-Xefe Superior de Policía de Galicia

A XUSTIZA DO MEU POBO NON FALA GALEGO

Sinto a obriga persoal e moral de relatar a situación real na actualidade do meu idioma na xustiza galega.

Xa van alá case tres décadas desde o comezo, daquel momento en que do único que dispoñíamos era da infinita vontade e do anhelos de transformar a realidade sociolingüística no eido da xustiza, porque a situación quedaba ás costas da boa disposición dalgúns compañeiros que, con moito esforzo e xenerosidade, faciamos en galego as actuacións procesuais que nos competían e a tradución dos documentos que logo compartiamos na aplicación informática do momento. Sen esquecer a colaboración das persoas que formaban parte dos equipos de normalización lingüística, que sempre estaban á nosa disposición.

A pesar das grandes dotacións económicas investidas pola Administración na realización dos cursos de galego que logo non se reflicten no seu uso, sería de valorar a falla de eficacia e de rendibilidade.

E que dicir de que cada vez que nos chega algún documento de cooperación xudicial este sempre é bilingüe, o que nos resta é sentir desigualdade e inxustiza respecto dos nosos compañeiros vascos e cataláns.

Tras multitude de solicitudes e peticións por parte dos diversos estamentos xudiciais aos responsables de Política Lingüística de cada un dos gobernos da Xunta, sempre, unha e outra vez, deron a mesma resposta: “que están niso e que, sen agardar moito tempo, dispoñeríamos dun programa que nos permitiría realizar o traballo no noso idioma”.

Na Administración de xustiza temos unha inmensa brecha de interrelación a respecto da carencia do emprego do noso idioma coa meirande parte da cidadanía á que nos diriximos, ao ser a lingua un instrumento de comunicación e de inclusión social nun espazo específico e atemporal, que durante séculos de xeito singular foi soporte da nosa existencia en todos os eidos.

Hoxe en día, seguimos sen dispoñer dese programa que nos facilitaría a posibilidade e o dereito que temos de poder realizar o traballo en galego. Isto que acontece na actualidade dános a medida da inmensa falla de vontade, respecto e consideración que os nosos gobernantes senten cara ao idioma propio, por moito que insistan unha e outra vez na importancia que ten o uso de noso idioma para Galicia. O que de verdade conta co fin de avanzar son os feitos, non as proclamas sen vontade real por parte de quen ten o deber e a obriga de mudar realidades inxustas ás que se está a someter a nosa sociedade, porque os cidadáns galegos temos dereito a que se imparta a xustiza na nosa fala.

Cómpre, de xeito urxente e serio, que a xustiza en galego sexa viable, e este é un deber que teñen as políticas públicas e, se a Administración non reconece esa obriga, é imposible poder preservar o dereito que temos de empregar con plenitude a lingua galega, que non pode quedar á marxe dunha práctica que

nos iguala e identifica como sociedade que dispón dun espazo singular no mundo.

Rosa García Ventoso
Tramitadora procesual

POLOS VIEIROS DA IDENTIDADE GALEGA NA XUSTIZA

O pasado 25 de marzo deste ano triste do coronavirus, cumpríronse 35 anos da primeira sentenza en galego ditada por un tribunal colexiado de rango superior. Trátase da sentenza do 27 de marzo de 1985 da Audiencia Territorial da Coruña, hoxe desaparecida, para deixar paso ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que alén do seu esperanzador e fachendoso nome poucas competencias máis ten que a vella Audiencia Territorial. Os membros da sala que ditaron a histórica sentenza foron os maxistrados Ricardo Leiros Freire, Claudio Movilla e Gonzalo de la Huerga. A sentenza deulle a razón a unha veciña de Redondela, Josefina Carreira Rivero, que recorrera contra unha decisión do Concello de Redondela sobre a declaración de ruína dunha vivenda da que era propietaria.

Desde aquela xa afastada data de 1985, pouco a pouco foi medrando o uso do galego nos tribunais galegos, e moi especialmente nos xulgados de primeira instancia e instrución ciscados por toda Galicia. Nos últimos anos, por iniciativa da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística e da Irmandade Xurídica Galega, ese incremento reflíctese na conmemoración da primeira sentenza en galego ditada nun xulgado dalgún dos 45 partidos xudiciais de Galicia, maiormente por xuízas e xuíces novos. A miúdo, a esta conmemoración súmanse a maio-

ría dos alcaldes dos concellos da contorna, como sucedeu o pasado ano 2019 en Arzúa, para subscribiren unha declaración de apoio ao emprego do galego no mundo xurídico. Paralelamente ao uso do galego na Administración de xustiza, tamén se produciu un avance no emprego do galego por outros operadores xurídicos, como notarías, rexistros, funcionarios de prisións e outros.

No que atinxe en concreto á Administración de xustiza, o avance do uso do galego non é moi grande cuantitativamente, pero si supón un gran paso adiante cualitativamente. En efecto, o dereito constitúe unha forma de poder que desde a súa inicial vixencia no ámbito privado migrou desde a Idade Media ao ámbito público para abranguer todos os ámbitos do desenvolvemento dunha comunidade. Xorde así un conxunto denominado ordenamento xurídico que non sempre reflicte o espírito do pobo, como idealizaba Savigny, senón que é unha creación cultural das elites dirixentes que adoptan a decisión política de organizar dun xeito determinado a comunidade e de resolver os conflitos de intereses de todo tipo. No caso de Galicia, tras a súa temperá incorporación ao Reino de Castela, a maioría da poboación sempre mirou para o dereito con distancia e desconfianza porque lle resultaba alleo tanto no seu contido coma na súa forma expresiva. A xente do común asumía que o dereito era o poder que trazaba a fronteira entre o legal e o ilegal e, por tanto, as leis, os documentos, os contratos e todos os actos e negocios xurídicos tiñan que estar en castelán, que era a lingua do poder. Así se explica a anécdota que contaba o notario Vitorino Gutiérrez Aller, cando redactou unha escritura de compravenda en galego e o vendedor ao velo preguntoulle se sería válido e legal. Eu mesmo teño ex-

perimentado persoalmente ese sentimento por parte de parentes afastados cando me fixeron algunha consulta xurídica.

Pois ben, por aí se percibe a importancia cualitativa das sentenzas en galego, e o enorme valor simbólico daquela primeira sentenza de hai trinta e cinco anos. As sentenzas en galego inconscientemente achegan o dereito a grandes capas de poboación que o poden comezar a sentir como algo propio, que non se manifesta na lingua de poder tradicional. Non será fácil destruír os prexuízos e que a maioría da poboación se sinta máis cómoda e completa falando en galego no tribunal. A recuperación da dignidade vai unida á restauración dun sinal de identidade colectivo tan fundamental como a lingua galega nos documentos xurídicos, que foi normal hai centos de anos, como mostrou don Xesús Ferro Couselo no esclarecedor *A vida e fala dos devanceiros*. Será un proceso longo que non se esgota cunha norma ou cunha actuación meritória de persoas individuais, senón que precisa un reforzo da conciencia colectiva. Esa conciencia colectiva parece aínda moi feble cando se abordan temas de dereito. Só así se pode explicar o silencio xeneralizado de expertos, agás algunha excepción illada, asociacións e organizacións políticas e culturais ante a sentenza do Tribunal Constitucional do 16 de novembro de 2017 que anulou todos os artigos sobre adopción e autotutela da Lei de dereito civil de Galicia, aprobada por unanimidade no Parlamento galego en xuño de 2006. Os argumentos para declarar a inconstitucionalidade de tales preceptos son frouxos e pouco convincentes, e así o poñen de manifesto dous importantes votos particulares que asinan catro dos maxistrados. Abonda sinalar que un deles remata dicindo que a sentenza “podería xerar

a impresión de que este tribunal aplica distintas varas de medir cando examina as conexións das lexislacións autonómicas en materia civil coas institucións consuetudinarias dos territorios con dereito civil foral ou especial”. Ninguén podería facer unha crítica máis dura!

Para que a Administración de xustiza poida seguir sementando para o futuro con sentenzas en galego son precisos instrumentos fundamentais dos que non dispoñen os órganos xudiciais, e que esixen un esforzo individual que excede con moito o labor ordinario de xuíces e outros funcionarios. Un obstáculo fundamental foi a carencia dunha axeitada ferramenta informática para a xestión da documentación procesual, para cubrir formularios e para realizar escritos rutineiros de calquera oficina xudicial. As insuficiencias e os defectos frearon unha galeguización máis intensa da xestión procesual e preprocesual, e hai que confiar en que as cousas melloren coa nova aplicación informática Minerva NOX, que se implantará neste mes de maio de 2020.

Para que continúe medrando a normalización do galego no ámbito da Administración de xustiza é preciso que quen teña que aplicar o dereito estea familiarizado co uso do galego xurídico. E ese proceso debe comezar coa etapa formativa dos futuros xuristas nas facultades de Dereito. Por isto é fundamental a docencia en galego que a min me tocou reiniciar con gusto, por primeira vez en máis de corenta anos, en 1981 cando retornei a Galicia. A semente produciu froitos, dos que moito me alegro, pero aínda hai enormes lagoas nas catro facultades de Dereito galegas, nas que na maioría das materias ou non hai aulas en galego ou a presenza do galego é testemuñal.

Os que operan no mundo do dereito teñen que empregar con moito rigor as palabras, porque no dereito a precisión da linguaxe é fundamental. Os xuristas traballamos coas palabras, pero dun xeito distinto aos filólogos ou aos escritores e poetas, e por iso é necesario dispor dos textos da lei en galego. Afortunadamente, este problema está en boa medida solucionado e ninguén poderá usalo como coartada para non traballar ou ditar sentenzas en galego, porque a maioría das leis antigas máis importantes foron traducidas ao galego e a lexislación máis recente xa está accesible en galego. En canto á normativa galega, porque xa se publica de seu en galego, e a do Estado porque desde hai varios anos o Boletín Oficial do Estado publica as normas xerais do Estado, ademais de en castelán, nas outros tres linguas oficiais en España. Porén, ao meu ver, tamén sería imprescindible que os xuíces dispuxesen da versión galega da normativa europea e das sentenzas do Tribunal Supremo e do Tribunal Constitucional. No que atinxe á normativa europea e tamén á xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, temos a fortuna de que está dispoñible a versión portuguesa, que pode servir de grande axuda. En cambio, resulta necesario que se publique a versión galega da xurisprudencia do Tribunal Supremo e do Tribunal Constitucional, no primeiro caso porque crea doutrina que deben seguir os tribunais galegos e, no segundo, porque proporciona criterios para a recta aplicación e interpretación de norma suprema, que é a Constitución, aínda que que ás veces sexan criticables as súas decisións.

Escribo esta notiña no Día das Letras Galegas de 2020, dedicado a Don Ricardo Carvalho Calero, porque xusto é lembrar

que o insigne creador e crítico teimaba en que o idioma é un dos principais sinais de identidade de Galicia. Teño moi presentes aqueles días da miña nenez en que algúns días de inverno non era fácil chegar á aldea onde viviamos e puña escola a mina nai. Despois de tripar congostras e lameiros, non se podía cruzar a pontella de madeira do río, que era a última barreira, porque ademais de abanear coma sempre o vento arrebatara varias táboas que deixaban un oco só apto para atletas. Daquela, a miña nai levábame a cruzar polos pasos ou poldras que había nun recanto estreito do río. Pois ben, os galegos aínda non temos unha ponte sólida para cruzar o río da vida e da historia, desde a beira dos complexos e do autoodio, á beira da dignidade e da autoestima, e por iso precisamos poldras que nos axuden a cruzar. Creo que aquela sentenza da Audiencia Territorial da Coruña de 1985 foi a primeira poldra que puxeron aqueles xenerosos maxistrados para que puidésemos cruzar o río do afastamento entre dereito e vida en galego e continuar polos vieiros da identidade galega na Administración de xustiza. Beizón para eles e ánimos para que ninguén quede esmacelado no camiño.

Xosé Antón Gómez Segade
Catedrático emérito de Dereito mercantil USC

A VONTADE NA GALEGUIZACIÓN XUDICIAL

Todos os fitos históricos teñen razóns que os explican. Foron sempre motivados por feitos previos, unhas veces pola intervención social e outras por implicacións de persoas desexosas de provocalos. En todo caso, o que agora nos importa é salientar a importancia que ten a vontade individual ou colectiva nas grandes transformacións sociais. Ímonos referir a tres fitos históricos da lingua galega de distinto signo.

A primeira vez que se utilizou a lingua galega nun documento xurídico data de 1228. Ese ano, Afonso IX de León outorga o Foro do Bo burgo de Castro Caldelas. A partir dese ano, a lingua galega vai ser común nos usos xurídicos e xudiciais. Recentemente, o profesor Ramón Lorenzo publicou unha laboriosísima obra de investigación titulada *Mosteiro de Montederramo. Colección documental e índices*, que recolle dous mil documentos xurídicos redactados no noso idioma. Que razón tiña Sarmiento cando dixo que era tal a cantidade que se poderían encher moitos carros do país con eles

As últimas escrituras notariais rexistradas son unha venda en Olives, en 1527, e un foro e unha licenza do mosteiro de San Clodio, en 1532. As razóns desta interrupción son de índole política, ao perder Galicia peso político e ao ser trasladados os cen-

tros de poder á Corte de Castela, que nomea notarios e xuíces foráneos impondo o uso do castelán. Igual medida tomaron as ordes relixiosas ao nomear abades dos mosteiros a monxes non galegos.

O 27 de marzo de 1985, a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Territorial da Coruña ditou a primeira sentenza en lingua galega despois de catrocentos cincuenta e tres anos de proscripción nos usos xurídicos. A Sala estaba formada polos maxistrados Ricardo Leirós Freire, Gonzalo de la Huerga Fidalgo e Claudio Movilla Álvarez, que nesta ocasión foi o relator.

Pois ben, volvendo ao comezo desta colaboración, cando falaba da importancia das vontades nos procesos de transformación social, a intrahistoria deste acontecemento foi así. Era eu entón funcionario do Concello de Redondela, encargado do Servizo de Normalización Lingüística, e aproveitei a vella amizade que tiña con Claudio Movilla para convidalo a xantar nun restaurante situado na rúa Faxeira en Compostela. Expúxenlle ao amigo a oportunidade que tiña a Audiencia Territorial de rachar con aqueles anos escuros de proscripción lingüística. Claudio, que era un home dunha cabeza brillante, de esquerdas, galego-falante e natural de Castro Caldelas, pillou ao voo a miña proposta. Acor damos que escollese calquera dos moitos recursos contenciosos pendentes de resolución en que o Concello perdese o preito, como así foi.

Envioume a sentenza por correo postal cunha carta caligráfica que di (gárdoa): “Meu caro amigo. Envíoches a copia da sentenza en galego tal como che dixen na nosa conversa cele-

brada en Compostela. Esperemos que, nun futuro próximo, o que agora é un acontecemento —que triste considerar isto como un acontecemento— se converta en rutina”.

Aquela sentenza foi un aguillón para que a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística principiara a traballar nun eido de difícil acceso, e tamén no que non había referentes. Mais como todo o que se soña, se media a vontade, sempre se realiza, foi así como deseñamos un proceso regaleguiizador para un ámbito no que abundaban as retencencias, cando non a oposición frontal.

Por volta do ano 1982, a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística empezou a traballar para que se desen as condicións favorables. A celebración das Xornadas de Lingua e Administración dirixidas ao funcionariado —non esquezamos que nese período Galicia non tiña Escola de Administración Pública—, na que participaron como relatores especialistas en cadansúa área, permitiunos aproximarnos aos obxectivos previstos. A Compostela acudiron personalidades senlleiras como Jesús Prieto de Pedro, profesor titular de Dereito Administrativo, autor dunha obra significativa para aqueles tempos, *Lenguas, lenguaje y derecho*; o sociolingüista Rafael Ninyoles (“Cuatro lenguas para un Estado”), autor de numerosas monografías sobre a relación entre a lingua, a Administración e o dereito; o profesor Jaume Vernet i Llobet (“Normalització lingüística i accés a la función pública”); Cesáreo Rodríguez Aguilera, presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña (“El lenguaje jurídico”); Aina Moll, secretaria xeral de Política Lingüística da Generalitat de Cataluña; Xiol Rius, maxistrado do Tribunal Cons-

titucional; Carles Duarte i Montserrat director da revista *Llengua i Dret*, que edita a Escola de Administración Pública de Cataluña; Luciana Calvo Ramos (“Introducción al estudio del lenguaje administrativo”); o notario Josep M. Puig i Salellas; o reitor da Universidade de Barcelona, Antoni M. Badía i Margarit; o sociolingüista Miquel Strubell i Trueta, son parte dunha longa nómina que nos ilustraron en tempos nos que estaba todo por facer.

Grazas a aquelas xornadas, a AFNLG abriu novas expectativas para a lingua galega. Había que artellar un esquema onde a complementariedade das accións permitise unha retroalimentación entre os distintos sectores implicados. Por iso creamos o Seminario de Linguaxe Xurídica e Administrativa no Instituto da Lingua Galega. De alí saíron os *Manuais de Documentación Administrativa* e outras publicacións dirixidas por Xoaquín Monteagudo, que logo terían continuidade no Centro de Investigacións e Humanidades Ramón Piñeiro, coa edición do *Manual de Formularios Notarias*, do notario Victorino Gutiérrez Aller. Seguíronlle as edicións galegas do Código Civil e do Código Penal, que axudaron a desmontar os mitos e prexuízos apriorísticos de que a lingua galega non era apta para o exercicio da avogacía e dos procedementos procesuais na Administración de xustiza.

Os problemas que había que afrontar eran moitos e os voluntarios para levar adiante tan ímprobo labor eran poucos. En xuño de 1988, celebrouse no Concello de Rois por primeira vez un encontro de xuristas para estudar o camiño para seguir que habían ter continuidade con outros celebrados no Balneario de Vilagarcía e no Castelo de Soutomaior, coa participación de relatores de recoñecida autoridade no ámbito xudicial. Mais

precisabamos un feito transcendental para proxectar na sociedade galega o discurso do galeguismo xurídico e rachar co mito da imposibilidade. O xuízo celebrado no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nunha causa aberta por un delito de prevaricación contra un conselleiro da Xunta de Galicia foi unha oportunidade aproveitada polo maxistrado Daniel García Ramos, que presidiu o tribunal. Por primeira vez na historia xudicial, o presidente dun tribunal falou exclusivamente en galego, e advertiulle ás partes que o facía no exercicio do seu dereito a utilizar o noso idioma sen provocar indefensión xurídica, e estaba presente na vista un tradutor de galego por se algunha das partes se sentise afectada por mor do uso da lingua galega. A publicación da sentenza deulle ao noso idioma a grande oportunidade que estaba agardando o proceso regaleguizador.

Aquel feito histórico, que fora preparado polo maxistrado e a AFNLG, da que el formaba parte, produciu un grande impacto na Administración de xustiza. Os maxistrados Xosé Xoán Barreiro Prado e Luciano Varela Castro, que se dedicaban á formación de opositores, crearon unha verdadeira escola de galeguismo xudicial. Todos os alumnos que gañaban a praza incorporábanse aos xulgados co decidido propósito de utilizar o galego. Eles foron os auténticos dinamizadores dun proceso que non fixo máis que avanzar co paso do tempo.

Cómpre salientar que deica entón os avogados laboristas das centrais sindicais utilizaban o castelán perante a xurisdición laboral.

Como daquela aínda era costume que nos recursos de apelación e nas sentenzas se utilizase fraseoloxía latina, herdada da

tradición do dereito romano, a AFNLG propuxo que esta fose substituída pola equivalente en galego, e editouse unha publicación novidosa: *O refraneiro da xustiza*. Hoxe son moi anecdóticos os usos das paremias latinas na Administración de xustiza. Algo avanzamos. Mais queda un traballo por facer que consiste en construír unha linguaxe xurídica galega.

A AFNLG promoveu unha campaña para galeguizar os protocolos notariais e a divulgación dos dereitos lingüísticos nas notarías. Nese empeño, ideou unha imaxinativa campaña para incentivar o uso da lingua galega nos testamentos. Aquel esforzo culminou cunha publicación exitosa titulada *En galego*, agora e sempre, na que participaron centos de persoas coas súas propostas de cláusulas testamentarias.

Para que a rede de complicidades fose maior, a AFNLG deseñou outra aventura de grande transcendencia: implicar as forzas e corpos de seguridade neste proceso de galeguización xudicial. Dous feitos foron transcendentais. Un, a celebración dun encontro entre comisarios-xefes do CNP, xefes da Garda Civil, xuíces e fiscais, celebrado unha fin de semana no Mosteiro de Aciveiro. Histórico, porque ata entón non se dera nunca o caso de celebrar un foro desas características. O outro, a presentación do libro *En galego con toda seguridade*, no Hostal dos Reis Católicos, que reuniu douscentos cincuenta uniformados dos distintos corpos de seguridade, cos seus xefes á fronte. Este acto foi complementado coa sinatura dunha declaración dos sindicatos do Corpo Nacional de Policía, que se comprometían a respectar os dereitos lingüísticos dos cidadáns. Significativa foi a intervención da Brigada da Policía Científica da Comisaría de Vigo, que

redactaba os seus informes destinados aos xulgados en galego. Os milleiros de informes dactiloscópicos redactados en galego contaminaron lingüisticamente os procesos xudiciais. Ao tempo, o comisario-xefe Luís M. García Mañá distribuíu 15.000 impresos autocopiativos de denuncias no noso idioma que levaban as unidades da Policía cidadá.

Foron importantes tamén para crear un clima favorable á galeguización as obras publicadas e espalladas nos xulgados, comisarías e cuarteis da Garda Civil que tiveron como protagonistas de excepción a xuíces, fiscais e policía: *Contos da xustiza*, *Contos da Policía* e *Contos de agardar*.

Hai que sumar a estas publicacións outras moitas dedicadas a divulgar as figuras do Dereito que fixeron o posible por dignificaren a lingua galega nos órganos xurisdicionais e no foro, así como os monumentos erixidos en espazos públicos e placas conmemorativas dedicadas aos maxistrados Sebastián Martínez-Risco, Fermín Bouza Brey, Manuel Carballal Pernas, Daniel García Ramos, Orencio Pérez González, Claudio Movilla Álvarez, Manuel Casado Nieto, Fermín Penzol, aos avogados Roberto González Pastoriza, Pedro González López, Amadeo Varela, Lois Peña Novo e o profesor Lois Tobio, entre moitos outros.

A oportunidade de recuperarmos esas figuras está máis que xustificada xa que as novas fornadas de profesionais do Dereito descoñecen a existencia dunha tradición de xuristas galeguistas moi ben representada nas Irmandades da Fala, habida conta de que nas facultades de dereito nin nas escolas de prácticas xurídicas se celebran seminarios ou leccións dedicadas a divulgar esta tradición xurídica, malia termos reiteradamente soli-

citado dos decanatos que dedicasen unha mínima parte da docencia académica a restaurar esa tradición.

Grazas á teimosía da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, conseguíuse que no Tribunal Superior de Xustiza e nas catro audiencias provinciais se creasen os gabinetes de asesoramento lingüístico como apoio a xuíces e funcionarios xudiciais que os demandasen para fomentar o uso da lingua galega nos procedementos procesuais.

A celebración do 35º aniversario da primeira sentenza ditada en lingua galega foi a espoleta dun proceso que abriu procesos paralelos, pero complementarios. Velaí a importancia daquel fito histórico que leva data do mes de marzo de 1985 e as posteriores accións, que teñen continuidade con celebracións puntuais nos xulgados de Galicia para deixar constancia pública das primeiras resolucións xudiciais no noso idioma.

Non lle faltou olfacto e bo tino á Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística e á Irmandade Xurídica Galega para artellar un proceso global sen precedentes, como queda dito, na historia da lingua galega. Porén, queda aínda moito por facer, para o que é importante a participación activa das asesorías xurídicas da Xunta de Galicia, das corporacións locais, dos sindicatos e dos profesionais do dereito aos que se lles ten solicitado en moitas ocasións a conveniencia de invocaren o artigo 7.2. da Lei de Normalización Lingüística de Galicia. Abondaría con que nos recursos se incluíse unha addenda demandando que a resolución xudicial se dite en lingua galega, ao abeiro do que dispón o precepto legal “A parte ou interesado terá dereito a que se lle informe ou notifique na lingua oficial que elixa”. Que

saibamos, aínda non se deu o primeiro caso demandando tal dereito, agás o caso puntual do Concello de Redondela que, despois de recibir aquela sentenza en lingua galega que agora conmemoramos, solicitou da Presidencia da Audiencia Territorial que no sucesivo todas as resolucións do Tribunal do Contencioso-Administrativo lles fosen notificadas no noso idioma.

Estamos convencidos de que a galeguización xudicial experimentará grandes progresos cando os avogados e avogadas invoquen dereitos e reclamen dos órganos xurisdicionais que se lles notifiquen en lingua galega as correspondentes resolucións xudiciais.

Xosé González Martínez
Presidente Foro Enrique Peinador

A EXPERIENCIA

Hai moitos anos, nos oitenta do século pasado, presentei unha demanda en galego, a primeira. O maxistrado, entón nun Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Ourense, era Xoán Manuel Alfaya Ocampo, compañeiro hoxe na Irmandade Xurídica e sempre amigo. Coido que aos dous nos ilusionou a experiencia. Foi, que eu saiba, a primeira sentenza que se ditou en galego en Ourense. Non había naqueles tempos servizos de normalización lingüística.

O tempo pasou e houbo máis demandas, e algunhas —mais non tantas— sentenzas, na nosa lingua. De xeito chocante, algunhas das sentenzas ditáronas xuíces non galegos sen ningún complexo e nunha única versión. Pola contra, moitos xuíces nativos, que interrogaban en galego e mesmo o falaban de xeito habitual, non daban o paso. Algúns avogados falamos cos xuíces e pedímoslles que ditasen as sentenzas en galego, canto menos cando os avogados presentabamos as demandas e contestacións no noso idioma. Non houbo grande acollemento, e conste que algúns deles eran membros de asociacións progresistas.

Cando se crean os servizos de normalización lingüística, insistimos de novo, xa que entre as escusas que nos deran a máis salientable é que non se manexaban ben en galego e o atraso que lles ocasionaría poñerse a iso. Tampouco houbo unha grande acollida. Falouse co servizo de normalización, onde nos asegura-

ron que se os xulgadores lles daban unha sentenza pola mañá terían unha versión en galego na tarde dese mesmo día. A escusa non podía ser a demora, pero xurdiu outra, o novo problema era cal sería a versión auténtica. Díxoselles que podían facilitar as sentenzas nos dous idiomas e que podían, sen ningún problema, sinalar como versión auténtica a que quixeran (é de supoñer que a española), aínda que iso non supoña ningún esforzo suplementario. E houbo boas palabras, pero a realidade é que moi poucas veces se ditan sentenzas en galego. O meu recoñecemento aos escasos xuíces que o fan.

O máis penoso é cando os servizos de normalización lingüística nos comunicaron que non tiñan moito traballo, pero que normalmente era ao contrario do que se agardaba, enviában-selles escritos en galego para que se traducisen ao español.

A importancia dos xuíces e tribunais no proceso de normalización da nosa lingua é transcendente, os avogados, os graduados sociais no eido laboral, os procuradores, os fiscais e os funcionarios, todos podemos utilizar o galego nos nosos escritos e actuacións. Porén, son as resolucións xudiciais as que teñen publicidade e saen nos medios, son as que reciben as partes interesadas, son as que figuran nas compilacións e nas bases de datos. Aínda que haxa un esforzo dos demais operadores xurídicos verbo do idioma, se a sentenza ou o auto xudicial non se publica en galego, ese esforzo queda en gran parte baleiro de contido e, desde logo, a repercusión social é mínima. Os demandantes e os demandados, os acusados, os defensores e os acusadores verán que non se reflicte en ningures o que expresaron na súa lingua, moitos dos usuarios da Administración de xustiza

seguirán a teimar con que a lingua de prestixio non é o galego e a diglosia perpetúase. Se os xuíces e os tribunais utilizasen cada vez máis o galego nas súas resolucións, iríamos progresando e, pola contra, cantas menos resolucións haxa en galego iremos retrocedendo.

Non son derrotista por principio, pero a realidade é a que é. O noso Tribunal Superior de Xustiza dita cada vez menos resolucións en galego, e iso que en materia civil é a última instancia no noso dereito propio (casación foral). O certo é que soamente o voluntarismo dalgúns maxistrados posibilitaba que as sentenzas fosen no noso idioma. Porén, foron minguando na Sala do Contencioso-Administrativo e case non existen na do Social. O momento da xubilación dalgúns xulgadores, comprometidos co idioma, non deixa de ser unha pequena traxedia no camiño da normalización.

Non hai aversión ao galego no mundo xudicial, agás excepcións, pero hai unha grande indiferenza, é unha cuestión marxinal e sen importancia para a maioría dos xuíces galegos e para unha gran parte dos profesionais do dereito. Os avogados fálanlles en galego aos clientes, os xuíces interrogan en galego —e queda rexistrado e filmado— ou, aínda que se pregunte en español, as respostas son no noso idioma, mais a lingua non se reflicte nin nos escritos duns nin nas resolucións dos outros. É un dereito que se infrinxe todos os días. Mesmo moitos dos letrados da Administración autonómica e do Sergas non utilizan o galego nos xulgados e tribunais, o que non deixa de ser un paradoxo, máis aínda cando a fase administrativa se desenvolveu na nosa lingua. Supoño que para algúns deles o galego é un idioma para a litur-

xia, como o latín, liturxia previa, xa que ao chegar á fase xudicial esquécena.

E a esperanza é que moitos avogados e xuíces novos carecen dos atavismos, e mesmo complexos, que semellan ter os que os precedemos no tempo, talvez porque a historia a fan os que non teñen medo ao compromiso. Mágoa que todo dependa de actitudes individuais e do voluntarismo de cada un.

Na Irmandade Xurídica Galega tentamos trocar estas cousas, mais debemos ir máis alá do compromiso individual, que axuda, e moito, pero que non chega para acadar unha mínima normalización lingüística na xustiza. Para acadar avances significativos temos que convencer a Administración máis alá da teoría, co fin de que protexa o idioma na práctica, e tamén debemos convencer os seus funcionarios de que teñen que vincularse a ese obxectivo, e mais que nada á xudicatura. Hai que seguir facendo labores de persuasión nos nosos eidos profesionais, temos que facelo de boa forma e sen acougar no empeño. Sen dúbida, canto máis fagamos, máis resultados obteremos. En tanto, sigamos resistindo.

Miguel A. González Trigás
Avogado

Moito choveu, e modestamente éche ben pouco o avanzado —aínda que ese pouco sexa moito—, dentro da “anormalidade normal” do mundo forense da Administración de xustiza, onde as cousas permanecen un tanto en *stand by*, por non dicir ancoradas, pola propia dinámica da súa engrenaxe, e sobresa a cuestión idiomática da primacía do castelán sobre o galego que resulta, cando menos, abafante no fiel da balanza.

Agora ben, cómpre mencionar o outro pé —non menos importante—, como é que os suxeitos que teñen a obriga legal de seren os impulsores e os xestores da súa defensa (Goberno) sinxelamente non o fixeron nin o fan, xa que os fados xogan á contra na inexistencia dunha vontade política de non facer o que non lles interesa. Os sucesivos gobernos desde a implantación da autonomía non foron quen de pór en marcha nin de implementar mecanismos ou plans de actuacións cara ao desenvolvemento do devandito fin, co paradoxo, nalgúns casos, de facelo en sentido e dirección contrarios por mor de medidas totalmente regresivas.

Aconteceu no seu momento un fito esperanzador, que axiña se esfarelou como unha estrela fuxidía, só que non nos deu tempo nin sequera de pedir o famoso desexo. Por iso non fomos capaces de poder ver, na crenza de que as cousas ían mudar, a plasmación dunha ferramenta que, por necesaria e demandada,

era vital como elemento dinamizador para poder achegar á Administración de Xustiza a cidadanía e mudar así a relación desa supremacía idiomática cara a un certo e progresivo equilibrio, ata acadar un plano en pé de igualdade. Fanouse, pois, a consecución dese desexo e agasallo que perseguíamos, o dun programa informático en galego, co cal quedamos defraudados co daquela Goberno bipartito.

O devagar dos avances que se deron e se dan son sobre todo produto dunha serie de accións individuais dos heroes e das heroínas que achegaron a súa leal e continua contribución —coma os grans que fan o palleiro— a prol dunha arela que algún día había ser colectiva, para lle dar a normalidade máis plena á nosa lingua no eido da Administración de xustiza.

Cadaquén coa súa inquebrantable vontade e coherencia, co seu modesto saber, fixo o que puido a partir da nada máis absoluta, e así agromaron textos de tradución libre nos que primaron máis os folgos da ilusión ca os seus resultados prácticos, que pouco a pouco se foron corrixindo, nalgúns casos axudados polos infrautilizados e infravalorados Servizos de Normalización.

Tocou toda a vontade e moito que facer nun longo camiño no deserto, con resultados ás veces desesperanzadores, mais tamén conscientes de chantar oasis dos que mana esa inxente auga da que é obrigado beber para apagar a sede, en honra e loanza dos que nos precederon para preservar ese fermoso herdo que nos deixaron, xa que sen ese herdo, sen a nosa amada lingua, non seríamos ninguén!

Van aló unha morea de anos (27/03/1985) desde aquel fito histórico, da recuperación, da primeira sentenza en galego, di-

tada por un tribunal da antigamente denominada Audiencia Territorial da Coruña, da que foi artífice Claudio Movilla Álvarez. Viñeron despois auténticos faros acesos, guieiros que deixaron fondas pegadas neste camiño costa arriba na galeguización da Administración de Xustiza, sen esquecermonos de todos aqueles funcionarios que non claudicaron neste navegar, voltagheando —como moi ben din os mariñeiros de Cambados— para chegar ao desexado peirao que devecemos. Rexa proa e ventos portantes!

Cambados 16 de maio de 2020

Xesús González Domínguez
Funcionario xudicial retirado

P. D.: Permitídeme amentar, a xeito de pequena e sinxela homenaxe, o daquela crego Raimundo Pérez Bretal, que fixo posible, aló polo agosto do ano 1968, na capela do barrio de Virxe das Mareas (O Grove), a galeguización da liturxia dos domingos ata hoxe. Viñera o home do Apostolado do Mar de Saint Pierre et Miquelon (Terranova-Canadá), e xa daquela o boletín do Apostolado denunciaba a situación das condicións socio laborais dos mariñeiros galegos. Conde Corbal tamén fixo unha contribución moi especial, xa que pintou un mural cun tríptico alegórico no fondo norte da capela, que anos máis tarde renovaría por outro. E quero facer unha especial mención tamén a todas aquelas persoas que se ven reflectidas no extraordinario e magnífico labor a prol deste país, a Xosé González Martínez e a Carme Vaquero.

O NENO DA ANDORIÑA

Debo recoñecer que cando Xosé González, e logo Carme Vaquero, me chamaron para pedirme unha colaboración polo 35 aniversario da primeira sentenza en galego, data simbólica da exclusión da lingua galega durante séculos no ámbito da xustiza, dixen que estaba con moito traballo, e que calquera membro da Irmandade Xurídica posuía maior mérito e traxectoria ca este humilde letrado para facer esta comunicación, e ambas as cuestións son certas.

Porén, finalmente aceptei a proposta que se me fixo, reflexionei sobre a posible achega que eu podería facer sobre o nomeado fito histórico dos 35 anos da primeira sentenza en lingua galega. E, froito da cavilación, xurdiron pensamentos, recordos, imaxes, voces que saíron á luz logo de permaneceren agachados, esvaecidos moito tempo, froito das présas e da realidade enmarañada que vive un no día a día. En definitiva, con calma asomei ao balcón do tempo e lembrei como foi o meu comezo coa nosa lingua.

E, a partir do anterior, cheguei á conclusión de que o mellor sería contarlles, contarvos, tres vivencias da miña vida sobre a nosa lingua e sobre a importancia da súa transmisión, a polinización á que se refire tantas veces Xosé González. Entendo que as tres vivencias contribuíron, case me atrevo a dicir que determinaron, que hoxe eu escriba estas liñas sobre o fito da pri-

meira sentenza en galego, como membro da Irmandade Xurídica Galega, á que teño a honra de pertencer.

A primeira ten que ver coa lingua inicial, e lévame a Barcelona, onde nacín e me criei. Ten que ver co primeiro recorde que teño de escoitar con nitidez e de ser consciente de que se me falaba en galego. Foi na década dos setenta, en concreto nas viaxes nas andoriñas desde o porto ata o crebaondas, que facía en familia con meus pais e miña irmá.

Lembro que un grupo de nenos e nenas corrían pola cuberta do barco, saltando e achegándose á borda sen medo ningún. Impresionáronme e trateinos de seguir polo barco correndo ou facendo algo parecido, dada a miña idade, cando de súpeto no medio do Mediterráneo escoitei un sonoro: “Neno, onde vas!!!”, dito por meu pai, e logo un: “Vólvetel!!!”, cunha mirada que fixo que volvese de inmediato coa miña nai, que me aloumiñou como puido e que me explicou os perigos do barco e os escasos dotes para a natación que eu tiña. Meus pais, que emigraran, un desde Sebrás nas Nogais e outra desde os Baos na Fonsagrada, faláronme sempre en lingua galega, así que tiveron sorte de falar galego xa en Barcelona, neses anos da primeira infancia na que un aprende a falar e na que se empapa de todo.

A segunda vivencia relaciónase coa miña lingua habitual, cando xa estaba escolarizado no rural galego nunha escola unitaria mixta, malia que volvemos en numerosas ocasións a Barcelona, unhas veces por causa de meus pais e outras polos estudos nas universidades catalás. E debo destacar o papel que xogou, tanto no rural como xa na cidade, un grupo de compañeiros na Administración pública, na década dos noventa do século pa-

sado, que contribuíron con sabio maxisterio, moita paciencia, algunha cervexa e moito café, á paixón pola lingua. Refírome a Arximiro, Mel e Xavier, a outros tamén, pero principalmente a eles, que me acolleron e sementaron en min as súas vivencias coa lingua, o seu uso en todos os ámbitos da vida, a súa defensa, a súa paixón. E hoxe, pasado o tempo, todas esas vivencias xa son miñas e forman parte de min para sempre.

A terceira vivencia está relacionada co uso da lingua na Administración de xustiza, como letrado na defensa da Administración pública en todas as xurisdicións, nos trámites por escrito e oralmente en todas as actuacións, singularmente nos xuízos orais. Debo, con honestidade, agradecerlles a dous colectivos o uso do galego na xustiza.

Por un lado, aos compañeiros letrados, tanto da Asesoría Xurídica Provincial, como é o caso do meu querido compañeiro Antonio Otero, membro da Irmandade, como aos letrados da contraparte, a Dores, Xosé Ramón, Sabela, Xoán Carlos, Xosé Manuel, Xosé Luis, Tereixa(s), Piñón, Mar, Rubén, Xermán, Xesús... (perdón por non citalos a todos). A todos eles os teño como referente, nos escritos, na expresión oral, xa que forman un corpo moi nutrido de letrados que utilizan sempre o galego.

E, por outro, ao persoal da Administración de xustiza, principalmente xuíces e xuízas, maxistradas e maxistrados, como Luís, Dalila, Sandra, Eladio... que, sen moita axuda —cómpre dicilo—, utilizan o galego de maneira habitual. Unha realidade que se debe ao seu compromiso, empeño e esforzo persoal e polo que quero, desde esta comunicación e con motivo da conmemoración dos 35 anos da primeira sentenza en lingua galega, darlles

publicamente as grazas, do mesmo xeito que ao persoal da Administración de xustiza que utiliza a nosa lingua.

É por iso polo que, do mesmo modo que o meu pai me berrou naquel barco en Barcelona: “Neno, onde vas!!!”, remato eu esta comunicación lanzando como reflexión final ao aire un berro —se mo permiten— que recolle as sabias palabras do académico Henrique Monteagudo, referidas á lingua galega e ao perigo que corre. Como nos di o profesor, non se trata de alentar un discurso pesimista sobre o futuro do galego, pero non se poden deixar de sinalar os riscos que corre o noso idioma, en concreto pola ruptura da transmisión interxeracional e polo uso decrecente do galego por parte da poboación máis nova:

... trátase dunha tarefa que ten que comprometer a sociedade no seu conxunto, unha empresa en que Galicia ten que forxarse e fortalecerse como país, un desafío que forma parte esencial do noso propio proceso de construción colectiva. Se o galego se perdese, o máis grave non sería que Galicia perdería un ‘atributo’ que a intitula para ser recoñecida como unha nacionalidade de seu. O máis terrible sería que esa perda constituiría, moi probablemente, a proba definitiva da incapacidade de Galicia para artellarse como tal.

Valentín Lago González
Avogado

UN SÍMBOLO PARA RECORDAR: A PRIMEIRA SENTENZA EN LINGUA GALEGA

O 27 de marzo de 1985, a Sala do Contencioso-Administrativo da aínda daquela Audiencia Territorial da Coruña ditou a primeira sentenza en lingua galega da nosa historia xudicial.

Aquel evento singular produciuse no contexto enmarcado pola instauración da autonomía de Galicia a través do Estatuto de 1981 e a aprobación da Lei de normalización lingüística de Galicia de xuño de 1983, que declaraban a oficialidade da lingua galega en todos os ámbitos da vida pública e, singularmente, para as corporacións locais do noso país e no seo dos procesos xudiciais.

Porque eses son os dous ámbitos nos que aquela sentenza acada especificamente o seu valor simbólico: o das corporacións locais, porque o Concello de Redondela era parte no proceso no que se ditou aquela resolución e foi quen promoveu a súa elaboración en lingua galega; e os tribunais de xustiza, xa que a decisión procedía do seu órgano superior no territorio de Galicia.

Débase recordar nese sentido o papel de vangarda que, desde a transición política ao réxime democrático, xogaron moitas das corporacións locais na materialización do galego como lingua administrativa e xurídica.

Xa no mes de maio de 1984, máis dun cento de alcaldes asinaron no Hostal dos Reis Católicos a declaración “O galego, lingua propia dos concellos de Galicia”, que serviu como punto de partida para que varias dúcias de corporacións locais iniciaran sen máis demoras a redacción en galego dos seus acordos e resolucións e comezaran a esixir, con carácter xeral, o coñecemento oral e escrito da nosa lingua nos procesos de acceso ao emprego público e de promoción na carreira administrativa. Con iso, adiantáronse en varios anos ás disposicións legais na materia e contribuíron a que estas se aprobasen (artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia e as súas posteriores modificacións de 1992 e 2007, no tocante á función pública; e Lei 5/1988, do 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas corporacións locais).

Tamén en 1984, na sede do Instituto da Lingua Galega, convocados polo noso compañeiro Xosé González Martínez, un pequeno fado de funcionarios municipais, autonómicos e xudiciais, coa única arma do entusiasmo, creamos a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, que se constituíu en motor das iniciativas que contribuíron a que o galego se fose convertendo aos poucos en lingua xurídica e administrativa.

Un precedente moi significativo das normas que antes citei foi a creación dunha Sección de Linguaxe Administrativa, no Instituto da Lingua Galega no ano 1986, por medio dun convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e un grupo importante de concellos do país (Santiago, Vigo, Redondela, Fene, Boiro, Muros, Corcubión etc.), que elaborou os primeiros manuais e modelos de documentación municipal e

asesorou as entidades locais nesa materia. E un fito singular foi tamén o do Concello de Santiago de Compostela que, baixo a presidencia de D. Xerardo Estévez Fernández, introduciu o galego como lingua das actas das sesións da Corporación e do Goberno municipal despois de 500 anos (as anteriores eran do século XIV), precisamente o 1 de xaneiro de 1986, data na que o Reino de España e a República Portuguesa se incorporaron á Comunidade Económica Europea.

As actividades a prol do uso do galego como lingua oficial por parte das corporacións locais foron incontables ao longo das últimas décadas e foron indispensables para que a nosa lingua recobrase prestixio social tanto nos ámbitos do emprego e dos servizos públicos coma no de numerosas actividades cidadás, económicas e comerciais. Unha importante manifestación foi, por exemplo, a publicación no noso idioma dos boletíns oficiais das catro provincias galegas, e moi posteriormente a publicación da versión oficial das leis no Boletín Oficial do Estado.

Iso, xunto coa tradución ao galego de códigos básicos, como o Civil, o Penal, o de Comercio, ou as leis procesuais de axuizamento civil e criminal, constituíron fitos relevantes na normalización da lingua galega.

Porén, a creación dunha base de datos consolidada da lexislación galega non se acadou ata hai ben pouco tempo, coa materialización do proxecto www.lexgal.gal, promovido polo Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Por outra banda, tampouco podemos esquecer que o papel de liderado que estaba chamada a xogar a Escola de Adminis-

tración Pública de Galicia no establecemento da linguaxe xurídica e administrativa galega e na formación lingüística dos empregados públicos do noso país foi unha completa frustración e esa entidade non apareceu neste escenario máis que de xeito ocasional e marxinalmente.

En canto á materialización do galego como lingua oficial no seo dos tribunais de xustiza e nos procesos que aí se desenvolven, non queda máis remedio que recoñecer a absoluta falta de protagonismo e de interese da Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, de xeito que as únicas actuacións que se veñen realizando nese eido son promovidas por entidades privadas, como a propia Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística e, fundamentalmente, a Irmandade Xurídica Galega, que se constituíu no seo dela no ano 2007. Todo iso á parte, naturalmente, da loable iniciativa dunhas ducias de xuíces, fiscais, letrados e funcionarios da Administración de xustiza, avogados e procuradores que se ven obrigados a asumir pola súa conta esa función social.

A Irmandade Xurídica Galega foi o colectivo que recolleu o espírito de galeguización —do que é expresión a sentenza de 1985 que aquí relembremos— e as experiencias pioneiras protagonizadas, entre outros, polos nosos compañeiros máis veteranos, os maxistrados Luciano Varela Castro, Xosé Xoán Barreiro Prado, Daniel García Ramos, Fernando Fernández Leiceaga e Ana López Suevos; os fiscais Benito Montero Prego e Carlos Varela García; o catedrático Xosé Antonio Gómez Segade; a avogada do Estado Consuelo Castro Rey; o notario Victorino Gutiérrez Aller; e os avogados Alberte Rodríguez Feixoo, Miguel González Trigás e Xosé Antón López Lema.

Creada no ano 2007 nun acto solemne que tivo lugar no Mosteiro de San Rosendo, a Irmandade xunta xa unha pléiade de xuristas e traballadores das administracións, a maioría deles das novas xeracións, que constitúen a proba máis palpable do progreso na normalización do galego como lingua xurídica e administrativa, malia as innumerables dificultades coas que nos atopamos.

O recordo da sentenza de 1985 lévanos tamén a varias reflexións complementarias:

a) Primeiro, subliñar o papel determinante que lles corresponde ás universidades galegas, singularmente ás facultades das ciencias xurídicas e administrativas e ás escolas de práctica xurídica, na normalización da nosa lingua no mundo do dereito. A colaboración do Consello da Avogacía Galega é un elemento indispensable para acadar ese obxectivo.

b) Segundo, ter conta de que as corporacións locais seguen a xogar un protagonismo esencial na efectiva introdución do galego, como idioma dos procesos xurisdiccionais e dos procedementos administrativos, nas escrituras e nos rexistros públicos. E que, en coherencia con iso, deben procurar que os seus equipos de defensa xurídica se desenvolvan e actúen na nosa lingua. Neste contexto, as deputacións provinciais terían que asumir o liderado que lles corresponde, non só por mandado legal, senón pola ampla gama de medios persoais e materiais de que dispoñen.

c) Reivindicar, como a propia Irmandade vén insistindo desde a súa creación, que a Xunta de Galicia lles subministre sen máis demoras aos operadores xurídicos e aos aparellos burocráticos das oficinas xudiciais os programas informáticos que permi-

tan o uso do galego como lingua de traballo cotián e que promova que os letrados que actúan na súa representación e defensa o fagan en galego.

Como conclusión final, todos os galegos amantes da nosa lingua temos unha débeda co Concello de Redondela e cos tres maxistrados daquela Sala do Contencioso da Coruña —Claudio Movilla, Ricardo Leirós e Gonzalo de Huerga— por aquela sentenza de 1985. E, ademais, os que traballamos profesionalmente no mundo do dereito temos unha obrigaón complementaria: procurar que o facho que se acendeu aquel día continúe vivo e ilumine con máis forza o noso país para conseguir unha sociedade máis xusta e máis libre.

Xoaquín Monteagudo Romero
Avogado. Presidente da Irmandade Xurídica Galega

PROTECCIÓN PENAL AO USO DA LINGUA GALEGA EN GALICIA

Por primeira vez, o actual Código Penal de 1995 tipifica como delito a discriminación polo uso dalgunha das linguas oficiais dentro do Estado español.

O artigo 314 establece que “os que produzan grave discriminación no emprego, público ou privado, contra algunha persoa por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas; a súa pertenza a unha etnia, raza ou nación; o seu sexo e orientación sexual; a súa situación familiar; por ter algunha enfermidade ou minusvalía; por ter a representación legal ou sindical dos traballadores; polo seu parentesco con outros traballadores da em-presa ou polo uso dalgunha das linguas oficiais dentro do Estado español, e non restablezan a situación de igualdade ante a lei logo de que se produza requirimento ou sanción administrativa, reparando os danos económicos que se derivasen, serán castigados coa pena de prisión de seis meses a dous anos ou multa de seis a doce meses”.

Ao amparo do artigo 14 da Constitución española, que proclama a igualdade de todos os españois ante a lei —e nesta igualdade está recollido o dereito ao uso de calquera das linguas oficiais—, tiña que recollese inevitablemente esta causa de discriminación. Unha discriminación que, xunto a todas as formas de discriminación racial, tamén está recollida na Convención

Internacional de Nova York, do 7 de marzo de 1966; no artigo 26 do Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos e no artigo 14 do Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e Liberdades Fundamentais, todos eles ratificados por España.

A pesar do marco legal internacional e nacional, este dereito non se recolle nos artigos 510, 511 e 512 do Código Penal como causa de discriminación, cando nestes artigos se castiga calquera causa de discriminación feita por funcionarios, por particulares encargados de calquera servicio público ou por profesionais ou empresarios que lle deneguen unha prestación a calquera persoa que teña dereito a esta. Nestes artigos establécense todos os motivos de discriminación posibles, que tamén se recollen no artigo 314, menos o dereito ao uso dalgunha das linguas oficiais dentro do Estado español.

É incomprendible esta omisión, que considero que debería ser recollida nunha próxima reforma do Código Penal.

É característico dun Estado de dereito que os dereitos cívicos non só se recoñezan teoricamente, senón que existan garantías para o seu exercicio. O recoñecemento destes dereitos quedaría baldeiro de contido se non se establecece, de maneira expresa, a sanción dos funcionarios e autoridades que, abusando da súa función, impidan exercitalos. Así como os cidadáns gozan de liberdade para todo aquilo que a lei non prohíbe, os funcionarios e autoridades, cando na súa actuación afectan ou limitan os dereitos dos cidadáns, soamente poden actuar no marco das facultades que a lei expresamente lles concede. Se abusan do seu poder, impedindo o exercicio de tales dereitos, a súa actuación

lesiona dobremente os dereitos dos cidadáns e o deber do funcionario de fidelidade cara ao Estado, pois este delegou nel determinadas facultades coa finalidade de salvagardar estes dereitos e liberdades, pero non de conculcalos. Precisamente pola relevancia que nun Estado de dereito ten a necesidade de garantir o libre exercicio dos dereitos cívicos, e non meramente o seu recoñecemento formal, e polo feito de que o cidadán está mais indefenso ante os ataques ou a obstaculización dos seus dereitos provenientes dos que están investidos dunha potestade administrativa é polo que o sistema de garantías require a utilización, fronte ás ditas condutas obstaculizadoras ou impeditivas, do instrumento de coerción máis poderoso de que dispón o ordenamento xurídico: a sanción penal.

Do dito pode comprenderse a enorme importancia do artigo 542 do actual Código Penal, que actúa como peza de cerre no sistema da tutela penal do exercicio dos dereitos cívicos. Nel sanciónase coa pena de inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo dun a catro anos a autoridade ou o funcionario que lle impida a unha persoa o exercicio doutros dereitos cívicos recoñecidos pola Constitución ou polas leis.

Este precepto ten un carácter residual ou subsidiario que tipifica aquelas condutas impeditivas do exercicio dos dereitos que non estean expresamente penalizados noutros preceptos da mesma sección do Código Penal.

O primeiro problema que presenta este artigo é saber que debe entenderse por dereitos cívicos e se o dereito á utilización dunha das linguas cooficiais que hai en España entra dentro da protección penal deste artigo.

Como norma penal en branco, a doutrina intentou acou-
tar o concepto dos dereitos cívicos. A maioría dos tratadistas,
como Carbonell Mateu, Vives Antón e outros, identifican tales
dereitos e liberdades cos que están comprendidos no capítulo II
do título I da Constitución, ou sexa os dereitos de natureza polí-
tica, e así a sentenza do Tribunal Supremo do 23 de marzo de
1983 afirmaba que este tipo delituoso protexía aqueles dereitos
que representaban o exercicio de determinadas actividades raia-
nas nos dereitos políticos e liberdades fundamentais das persoas
máis ben que os propiamente civís. Nos comentarios ao novo
Código Penal, Jose Moyna e outros sosteñen a mesma doutrina
e din que, no noso meridiano xurídico, a sinonimia entre derei-
tos cívicos e dereitos políticos se obtén consultando os anteceden-
tes lexislativos do vixente código e que, en razón a iso, estarían
protexidos os dereitos de sufraxio activo e pasivo, o dereito de
acceso ás funcións e cargos públicos, os dereitos de petición e as
liberdades públicas de asociación, reunión e manifestacións polí-
ticas e a liberdade de expresión. Segundo estas opinións, o derei-
to á libre utilización dunha das linguas cooficiais recoñecidas
non entraría dentro de tal protección, por non estar recollido no
capítulo II do título I da Constitución española.

Non é esta a nosa opinión, pois quedaría sen protección
penal a conduta do funcionario ou autoridade que impedisese o
exercicio do dereito que comentamos, a pesar de estar recollido
no artigo 3 da Constitución española e nos respectivos estatutos
de autonomía, na Lei de procedemento administrativo, na Lei
do contencioso administrativo, na Lei orgánica do poder xu-
dicial e nas respectivas leis de normalización lingüística.

Por outra parte, consideramos que este dereito si está recollido no capítulo II do título I da Constitución, e estao polas seguintes razóns:

O artigo 10.1 da nosa Constitución recorda que o libre desenvolvemento da personalidade e o respecto aos dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social. Esta liberdade de desenvolvemento persoal, considerada na Constitución como valor superior do ordenamento xurídico, como principio e como dereito, ten neste último aspecto múltiples manifestacións, entre as que ocupa un lugar preferente a liberdade de expresión (artigo 21.1 da CE).

Tal liberdade fundamental garántelles a todos o dereito a “expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución” e comprende, por tanto, non só o discurso, senón tamén os códigos de exteriorización dese discurso. Sen a conxunción dos dous non pode haber unha auténtica liberdade de expresión, por que neste caso o vehículo utilizado para comunicar importa tanto como a mensaxe que se desexe comunicar. Existe unha indiscutible relación entre o pensamento, a exteriorización dese pensamento e o código lingüístico utilizado para exteriorizalo. Se un deses elementos resulta atacado, o que se estará atacando é a propia capacidade do ser humano para comunicarse en liberdade. Esta é a liberdade de expresión. En definitiva, no marco xeral da liberdade que ha de presidir a vida cidadá, este encontra recoñecido o dereito ao libre uso da lingua da súa preferencia na liberdade de expresión que a Constitución proclama e garante. A liberdade de usar a lingua cooficial propia hai que

consideralo un suposto que entra dentro da liberdade de expresión recollida no artigo 20 da Constitución española.

A sentenza da Sala Segunda do Tribunal Supremo do 17 de outubro de 1995 protexe un dereito dos que, para a doutrina citada anteriormente, quedaría fóra dos protexidos por este artigo, como é o dereito de asilo —recollido no artigo 13 da Constitución e na Lei reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, así como no regulamento que desenvolve esta lei—, e condenou o funcionario que impediu que a solicitude puidese chegar a ser considerada polo organismo competente, mediante o procedemento de negarse a recibila, o que constitúe unha actuación que impide o exercicio dun dereito cívico recoñecido no noso país e que, en consecuencia, integra o tipo penal do artigo 542.

A sentenza do Tribunal Constitucional 82/86 afirma con toda claridade e rotundidade: “Nos territorios dotados dun estatuto de cooficialidade lingüística, o uso polos particulares de calquera das linguas oficiais ten, efectivamente, plena validez xurídica nas relacións que manteñan con calquera poder público radicado no devandito territorio, e o dereito das persoas ao uso dunha lingua oficial é “un dereito fundado na Constitución e no respectivo estatuto de autonomía”. A sentenza do Tribunal Constitucional do 26 de xuño de 1986 refire o seguinte: “É un dereito das persoas o uso da lingua oficial, un dereito fundado na Constitución” e, no mesmo sentido, formúlase a importantísima sentenza do 28 de febreiro de 1991.

Tendo en conta que os dereitos cívicos protexidos polo artigo 542 non hai que reducilos aos estritamente políticos,

senón a todos aqueles que non teñan unha expresa protección noutros artigos do Código Penal, por ter este artigo un carácter residual, e que o dereito a usar calquera dos idiomas cooficiais é un dereito constitucional, necesariamente ten que estar entre os dereitos a que se refire este artigo como dereitos cívicos. Polo tanto, cometerá este delito a autoridade ou funcionario que impida o seu exercicio, isto é, expresarse tanto oralmente coma por escrito nun dos idiomas cooficiais naquelas comunidades autónomas que teñan idioma propio.

Outra cuestión que presenta este tipo penal é o que debemos entender polo termo “impedir”, isto é, que tipo de acción se precisa para cometer este delito, pois a primeira vista podería pensarse que o verbo impedir supón unha acción obstaculizadora que implica un total e radical impedimento de usar tal dereito. Porén, considero que hai que entender toda acción que estorbe, prohiba, comine ou, de calquera outra maneira de índole física ou moral, impida ou obstaculice o exercicio do dereito.

O actual Código Penal esixe un dolo específico para cometer este delito, ao requirir como elemento do tipo que a acción se cometa “conscientemente”, expresión que non estaba recollida no anterior código.

No que atinxe á culpabilidade, neste dereito a utilizar a lingua que se prefira, hai que desbotar, en principio, calquera clase de erro, pois parece imposible pensar que algunha autoridade ou funcionario descoñeza tal dereito lingüístico. Esta conduta está, por outra parte, expresamente sancionada no Regulamento do réxime disciplinario dos funcionarios da Administración do

Estado, no seu artigo 6.b), que considera falta moi grave “toda actuación que supoña discriminación por razón da lingua”.

Benito Montero Prego
Ex -Fiscal da Audiencia Provincial Pontevedra

OS TOMBOS DO FUTURO

Son dunha aldea que seguramente vai desaparecer, nun pequeno concello da raia seca, ao pé dos montes do Leboreiro, entre Penegache e Anamán. Entre Xacebáns e Rodeiro.

Unha comarca que vai do río Barxa ao Arnoia. Cunha gran chaira a uns mil metros de altitude, cun importante número de mámoas, dolmens, pedras, abadías e castelos desaparecidos que sobreviven na toponimia ou nos labrados das pedras.

Pero os seres humanos que moraron nestas chairas e vales deixáronnos un tesouro escrito e codificado no que interpretar algunhas desas pedras, castelos e abadías, castros e mosteiros. E fixérono cando quixeron dar fe por escrito dos pactos polos que rexían a súa vida.

Nas pedras están escritos os primeiros “contratos” coñecidos destas terras. Os coelernos asinaron no Castromao unha Tá-bula de hospitalidade con Antonios Aquilius, representante de Roma, na que ambos os pobos se recoñecían dereitos. Un auténtico precedente dos tratados internacionais. Sabemos así que un dos nosos pobos orixinarios era o dos coelernos e que ese monte achaparrado, visible incluso desde o aire, o Castromao, debía ser un centro importante de poder na comarca.

Despois de séculos algo máis silenciosos, outra vez o dereito agasállanos cunha inxente cantidade de documentos.

As ordes monásticas que adquiren o poder de facto na comarca empezaron a recoller por escrito, en varios centos de pergamiños, os contratos que protexían os seus dereitos. As freiras de Ramirás e os frades de Celanova e Fiães encadernaron algúns destes documentos en tomos. Outros están en coleccións diplomáticas, a maior parte amoreados en caixas por explorar e descifrar no Arquivo de Ourense, na Torre do Tumbo en Lisboa e nos arquivos de Santiago de Antealtares.

Estes documentos van desde o testamento do bispo Rosendo no ano 977, ata os últimos asinados pola mítica Ona (abadesa) de Ramirás, María de Limia, quen se revelou contra a instrución da Igrexa de entregar o seu mosteiro ao compostelán de Santiago de Antealtares.

Estes pergamiños, contratos e sentenzas dannos máis información da vida daquelas xentes ca ningún libro de historia.

Grazas a eles, sabemos que en 1240 aínda había xentes vivindo na montaña e vacas ceibes na chaira do Leboreiro. Que as monxas de Ramirás facían trasladar máis de vinte quilómetros os defuntos ata o seu cemiterio, seguramente para levar o control dos foros e da loitosa que a clausura non lle poñía fácil.

Tamén podemos ler que a muller de Froila, o irmán de San Rosendo, a quen está dedicada a famosa capela de San Miguel, unha das máis antigas da cristiandade na península, se chamaba Sarracina. Un nome musulmán para a cuñada dun bispo que fundou un dos mosteiros que dominaron a Gallaecia medieval, o que nos leva a preguntar: a cultura árabe era tan hostil como a describen os libros escritos despois?

A través desta documentación xurídica, vemos como se van desprazando os lugares de poder.

Se cos romanos o centro estaba en Castromao, Rosendo establece a sede en Celanova.

Tamén os castelos van mudando. O de Santa Cruz, omnipresente en case toda a Idade Media, desaparece radicalmente incluso da memoria dos veciños. E se temos constancia del é porque os documentos nos dan a súa situación con moita exactitude e nos lembran que esa montaña, do concello de Quintela de Leirado, esborrallada no cumio, non é unha alucinación óptica.

Os documentos e as sentenzas tamén nos falan da lingua do poder.

O testamento do bispo Rosendo está en latín medieval, pero ese latín, segundo pasan os anos, vaise parecendo máis ao galego actual. Na Colección Diplomática de Celanova, máis serodia, temos documentos do século XIV nun galego moi semellante ao moderno: 1338 (Doc. 134) “... O qual casal non vendades nen doedes nen enpenoredes a nengun sen nosso mandado...”.

No século XV, aparece o castelán, como xa estudou Ferro Couselo, pero case de forma excepcional. É un indicativo de que o poder cambiou. Hai sentenzas ditadas nas instancias máis altas, como a Real Audiencia do Reino de Galicia ou a Chancelería de Valladolid, redactadas en castelán. Os últimos documentos desta Colección Diplomática están xa escritos igualmente en castelán e sabemos que nos seguintes séculos se trouxeron escribáns de fóra que dominasen a lingua de Castela. De feito, a día de hoxe consérvanse os apelidos dalgúns deles, como é o caso dos Vergara.

As sentenzas e os documentos xurídicos de hoxe serán fonte de historia. Dirán máis dos pobos que os escribiron ca das normas xurídicas. Será a proba máis clara e con fe pública de que

non coidamos o noso patrimonio inmaterial. É preciso que nos tombos do futuro aparezan documentos en lingua galega.

Agora lembramos que, hai trinta e cinco anos, os maxistrados da Audiencia Territorial da Coruña Ricardo Leirós Freire, Claudio Movilla Álvarez e Gonzalo de la Huerga Fidalgo ditaron a primeira sentenza en galego, cincocentos anos despois de que o galego desaparecese dos tombos. O que quedará para a historia é a lingua na que se ditou a sentenza, non o roubo que se xulgaba. Convén que teñamos presente que, cando exercemos a nosa profesión, os avogados e avogadas, os fiscais e, sobre todo, os xuíces e xuízas, estamos deixando fe ás xeracións futuras da sociedade na que vivimos, dos prexuízos, e tamén do orgullo de ser un pobo.

Ana Mosquera Fernández
Avogada

A SEMENTE PARA ARRINCAR A DIGLOSLIA

Contou Xosé González que un galegofalante, cando o notario don Victorino Gutiérrez Aller lle estaba a ler unha escritura en galego, lle preguntou se iso que redactaba na súa lingua nai sería legal. Aínda que poida imaxinala, non sei por onde iría a resposta do notario de Lalín. Pero a pregunta non reflectía ignorancia do precavido contratante, senón outros temores cun indubidable pouso histórico. Esta anécdota pódese extrapolar ao terreo xudicial e, de aí, a todo aquilo que veña revestido, digamos, de solemnidade, por unha razón sinxela: o galego non foi lingua de poder. E aí está o cerne desta cuestión porque, por exemplo, os que desde o berce escoitamos o galego, cando nos atopamos agora diante dun ámbito que asociamos co protocolario, co oficial, temos a tendencia, xenética, a cambiar de rexistro e a falar castelán como xeito, ata comprensivo, de non molestar o poder. A lingua do poder foi sempre o castelán, así como de todas as súas manifestacións: do urbano, poder era; do elegante, poder representaba; do respectuoso, temor ante o poder; da boa sociedade, que o era por estar achegada ao poder. Imposición directa ou indirecta, coercitiva ou de submisión. Niso vén consistindo a diglosia: en que o poder ten unha lingua diferente á de seu da xente.

Nesta situación diglósica, tiveron un papel fundamental a Igrexa e a xustiza, institucións que empregan habitualmente ex-

presións rituais e que funcionan a base de ritos, de procesos, que vén sendo sinónimo de cerimoniais. E, polo tanto, andan impregnadas dunha tendencia á fosilización da lingua que dificulta a comunicación coa cidadanía. Ademais, particularmente en Galicia, tanto unha coma outra representaron e mesturáronse no poder. Non hai que esquecer, por exemplo, que ata o século XVIII o asistente e o xuíz do Xiro da Rocha, que exercían xurisdición civil e penal na provincia de Santiago, eran designados polo arcebispo de Compostela. Esa mixtión vese tamén en que as xergas da xustiza e da Igrexa empregan ata vocabulario común: perseguir o malo, premiar o bo, condena e absolución, falta, xuízo, avogado, supremo. E as dúas son esencialmente inmovilistas, porque manteñen a misión de conservar o statu quo que debuxa a lei de salvagardar o triunfo do predefinido como bo.

Así que o castelán, como lingua de poder, aparecía e aparece en Galicia como o idioma natural da xustiza que, polo tanto, visualiza, fai que se palpe, a diglosia. E de aí viña a prevención da pregunta ao notario de Lalín: “Sería eficaz, firme, definitivo, un contrato que non estaba plasmado na lingua ritual do poder?”.

Por iso a Sentenza do 27 de marzo de 1985, ditada pola Sala integrada por Claudio Movilla, Gonzalo de la Huerga e Ricardo Leirós, a petición de Xosé González, foi significativa, xa que supuxo un berro a prol de que se visualizase a xustiza como independente, ante quen se podía impetrar xustiza en igualdade. Foi simbólica tamén niso, porque fixo visible unha xustiza disposta a aparecer independente do poder, que rompía coa diglosia e que se facía intelixible, ao pór á mesma altura a lingua do poder e a lingua da xente. Era o poder expresándose en galego.

Pasados os anos, lamentablemente, a situación do noso idioma no ámbito xudicial continúa sendo difícil de explicar. Porque cada día maniféstase neste campo a diglosia, a preponderancia asfixiante dunha lingua do poder que contribúe, por suposto, a manter unha atmosfera de temor reverencial neses espazos onde todos terían que sentirse libres e iguais.

A Lei de normalización lingüística, de 1983, cumpriu trinta e sete anos, dous máis que a sentenza que conmemoramos. Nesa norma, vixente cando se ditou a sentenza, establécese que as autoridades promoverán a “progresiva normalización” do uso do galego. Interpretar o de progresiva normalización non é doado. Progresiva debería significar “ir cara a diante de maneira continua” ou “ir a máis ou a mellor”. Pero na realidade non significa iso, debe querer dicir “pouquiño a pouco” ou o rosaliano paseniño, paseniño. Houbo avances no uso administrativo oficial do galego por parte da Xunta, das deputacións e dos concellos. E agora o galego tamén é formal lingua de poder, mentres, incomprendiblemente, seguen vixentes as palabras de Ramón Mariño Paz na súa Historia da Lingua Galega de 1998, onde identificaba os grupos remisos á lingua galega e dicía: “... Hoxe aínda quedan sectores como a Administración periférica do Estado, a Administración de xustiza, a Igrexa, o exército, as forzas e corpos de seguridade do Estado, o mundo empresarial ou a banca que continúan sendo refractarios á incorporación do galego”.

Incide tamén outra circunstancia, e é que xa non van volver nin os precursores, nin as Irmandades da Fala, nin os Grupos Nós, nin Claudio Movilla, Gonzalo de La Huerga ou Ricardo Leirós. Eses impulsores están substituídos pola potencia

do poder político, agora é a Administración pública quen ten a obriga legal de promover o galego. Nunca antes houbera un poder co deber de preservar e transmitir a lingua galega. É dicir, vivimos nun paradoxo, porque agora é o poder o que ten que conseguir que non haxa lingua de poder de facto, que se empece porque desapareza a diglosia.

E, por máis, xurdiunos agora un inimigo descomunal, refractario á lingua galega. Estamos na época na que os instrumentos de traballo diario, na avogacía, na xustiza, nas notaría, son bases de datos, intelixencia artificial, robótica, que xorden e que se nutren do poder económico globalizado; ámbito no que a lingua galega está ausente porque quen ten esa obriga de impulsar e protexela non cumpre axeitadamente.

É vital, polo tanto, máis alá de compromisos persoais, un impulso político e económico para introducir o galego no mundo dixital, para que nestes tempos a semente plantada por Claudio Movilla, Ricardo Leirós e Gonzalo De la Huerga poida agromar e frutificar e que palpemos que ata pode ser certo que a xustiza emana do pobo, que é o que di o artigo 117 da sacra Constitución española, porque se expresa na lingua de seu.

Xosé Avelino Ochoa Gondar
Avogado

O GALEGO DO DEREITO

Quero agradecer, en primeiro lugar, á Irmandade Xurídica e a Xosé González, en especial, as achegas para construír un país que algún día será e que os lembrará como merecen.

Da miña experiencia, debo dicir que para min o galego non foi unha escolla, foi sinxelamente o xeito que tiña a miña familia de ser no mundo. Un xeito que non tiña que ver con razóns políticas, culturais nin ideolóxicas. Era só a súa lingua nai, a nosa lingua nai, a que marcaba e definía os límites da nosa realidade.

Ás veces, téñome atopado persoas que din defender a nosa lingua, cunha superioridade moral que só se comprende se pensamos que non saben o que é falar galego, o que é non ter esa opción entre dúas linguas. Se cadra, para algúns, para algunhas, falar galego foi unha decisión cultural, social, política, foi unha fermosa toma de conciencia na que escolleron falar galego, ou falar castelán, e felizmente escolleron o galego. Para min, todo iso veu despois.

A miña familia, dunha pequena vila de Allariz, falaba galego, non era unha opción, era o que había. Por iso a miña avoa falaba español con acento vasco, porque cando emigraron a Ermua foi a primeira vez que falou fluidamente nesa lingua. Acontece que, co tempo, un decátase de que esta realidade determina a relación coa lingua porque para os que falamos galego

a diglosia, a diferenza social no uso dunha lingua, existe, aínda que moitas desas elites galegas que puideron escoller entre o galego e o castelán non a sentiron. Poida que por esa razón atopamos, ás veces, actitudes intolerantes coa nosa lingua, cos neofalantes, cos malfantes, intolerantes que esquecen que o fundamental é a defensa da nosa lingua e o respecto aos demais.

Cando comecei a estudar dereito só tiven dous profesores que me desen aulas en galego, Pilar Allegue e Xosé Mosquera. Ourense non é Santiago, aquí fálase galego, pero nunca se presumiu de facelo porque é como presumir de respirar, ninguén presume de respirar. Noutros lugares é toda unha impostura social, e velaí un dos grandes problemas do noso país, que os que buscan solucións ás nosas dificultades non saben o que acontece de verdade. Cando eu estudaba, moitos estudantes falaban galego, había moita xente de aldeas, aínda que a diglosia estaba presente porque apenas se comunicaba publicamente en galego. Funme decatando de que había campos sociais onde o galego, salvo que pertenceses ás elites, estaba vetado. Nese intre souben que se precisaba que defendésemos a nosa lingua.

Acabei de avogado por unha teima persoal de dedicarme a defender os dereitos da xente, coitado, e con vinte e tres anos colexieime e traballei no despacho de Nemesio Barxa, onde aprendín moitas cousas do galego, e do seu uso, e do bo e do malo. Aínda lembro os problemas que tiña Nemesio cos presuntos defensores do galego, por escribir seguindo a norma portuguesa.

Lembro a miña primeira demanda presentada ante un tribunal, claro, en galego, un desafuzamento, e lembro tamén que foi inadmitida xustamente por esta razón, para o meu abraio. Es-

tou a falar de 1998. Decateime de novo que apostar pola lingua era un camiño duro.

Durante todo o meu percorrido como avogado, descubrín que os paisanos falaban galego, que as testemuñas falaban galego, que os funcionarios falaban galego, aínda que nas salas de vista e nos tribunais todos se esforzaban en non falalo. Descubrín que moi poucos xuíces, xuízas, fiscais, avogados e avogadas o falaban. Moi poucas persoas. Por escrito case ningunha e oralmente algunhas máis, pero eran minoría. Resultoume curioso atopar que moitos dos que dicían defender o galego apenas o empregaban nos seus escritos, nas súas intervencións orais. Iso si, todos se enchían a boca co galego, aínda que o galego tiña que defenderse case só.

Tiven que agardar case que vinte anos escribindo demandas, querelas, recursos en galego para que un xuíz, un, que aínda está na Fonsagrada por certo, me contestase por escrito en galego. Unha soa vez en máis de vinte anos. Así estamos verdadeiramente.

Entrementres, producíronse cousas curiosas, por exemplo sentenzas matrimoniais bilingües. Eu, avogado, facía o convenio regulador en galego e o xulgado pedíame o arquivo co documento, e copiábano e pegábano na sentenza feita en castelán, ou sexa, sentenzas bilingües. Paisanos que eran monolingües en galego, pero que diante dun xuíz tentaban expresarse, desastrosamente, en castelán; xuíces e fiscais galegos que dicían non entender o galego.

Atopeime que, cando defendía unha demanda sobre dereito galego para que os xuíces a lesen, tiña que escribirla en castelán

para que prestasen algo de atención e non desestimases directamente a demanda. Tamén me atopei que me chamaron a atención por falar galego, que me faltaron ao respecto, que me estigmatizaron, pero xa sabía que escoller a miña lingua tiña un custo, polo menos para min, claro.

Na universidade non foi mellor. Desde a miña primeira clase, sempre dei as aulas en galego, tanto en Vigo coma en Ourense. Na miña experiencia actual como profesor de dereito na Universidade de Vigo, somos poucos profesores os que empregamos o galego, quero destacar a Anxo Tato entre eses poucos. E dar aulas en galego na miña universidade e en dereito tamén ten un custo persoal e profesional. O meu compromiso non busca réditos, nin pertenzo a unha disciplina onde estea ben visto usar o galego. Tampouco hai precedentes, e non formo parte de ningunha elite social que me perdoe dar clases, falar e investigar en galego.

Tampouco hai manuais en galego, libros de apoio en galego, e tampouco se valora a investigación en galego. Aínda lembro os congresos de dereito galego organizados, onde case que non se empregaba o galego para falar do dereito galego. Con todo, sigo publicando en galego e sigo cos atrancos. Como mostra, Marta García Mosquera e mais eu fomos os primeiros en traducir a sentenza alemá do caso Puigdemont a unha lingua peninsular e tivemos moitos problemas para facela pública. A creación literaria merecería outro capítulo porque non é moito mellor, curiosamente, para a meu abraio, que compartía co meu querido mestre Arturo Lezcano.

Nacín nunha familia onde non era unha opción escoller o galego, era a nosa lingua, a nosa forma de ser no mundo. Des-

empéñome na universidade, na avogacía e na creación literaria, uns campos onde non teño nin familia previa, nin contactos previos, nin nada, e polo tanto onde escoller a defensa do galego me trouxo, me trae, e así seguirá sendo, moitos atrancos.

A pesar diso, son optimista. Ao longo de todos estes anos tomei conciencia de que a clave é a tolerancia, tenderlles a man a todos os que poidan subirse á nosa lingua, sen prexuízos de ningunha clase e mantérmonos firmes na súa defensa. Mentres agardamos que todo cambie, lembro agora o poema de Celso Emilio Ferreiro, deitado fronte ao mar, ese camiño.

Xosé M. Pacho Blanco
Profesor de Dereito Universidade de Vigo

TAREFAS URXENTES PARA O GALEGO. REFLEXIÓNS DESDE A PANDEMIA DO

2020

O galego non é un problema. É un sinal de identidade que vai no noso ADN e que nos permite contar o relato do mundo cos nosos ollos, ábrenos portas e fainos máis cultos e atractivos. Como escribía Xosé González na prensa, na fin do abril da pandemia, son moitas as empresas que teñen incorporado o galego á súa sinalética e comunicación e non sufriron prexuízo ningún, mesmo (como R ou ABANCA) acadaron un nidio beneficio en termos de identificación co seu público, co nicho principal do seu mercado.

No sentimento xeral dunha ampla maioría, o galego é unha lingua sentida como propia e apreciada como parte do legado transmitido polos nosos devanceiros; como dicía Celso Emilio Ferreiro, polos “abós que temos mortos”. Moitas queremos moito máis pulo normalizador e outras seica non perciban tan urxente unha actuación política decidida. Mais só unha moi pequena minoría ve o galego como algo alleo, inconveniente ou, máis aínda, rexeita a nosa lingua. Os cativos resultados electorais de Vox e Ciudadanos enténdense tamén por mor das súas extremistas e galegóforas propostas lingüísticas.

Xa que logo, debería existir un ambiente axeitado para acadar un amplo acordo sobre as políticas públicas que cumpri-

ría desenvolver respecto do galego, como existe en Quebec ou existiu moitos anos en Cataluña. Mais, para a nosa desgraza, Feijoo decidiu introducir o galego na liorta partidista por unha presa de votos, cando non existía problema ningún. E, xa no Goberno, no 2010 aprobou un decreto de ensino que supuxo o práctico veto para o galego na aprendizaxe das ciencias e na educación infantil, mesmo fronte a porcentaxes moi amplas de pais e nais das cidades que queren galego para os seus fillos na escola infantil e que non o atopan.

Os sinais de alarma están a chegar ao conxunto da sociedade galega, cunha xuventude que abandona o uso da nosa lingua, malia querela e valorala. Velaí que cumpra o meirande consenso para arrincarmos o galego da loita partidaria e aprobarmos unha normativa de ensino baseada nunha inmersión tranquila que garanta que o alumnado saia do ensino obrigatorio cun nivel oral e lectoescrito suficiente para manexar a lingua como propia.

Ademais, cumpriría fortalecer este consenso na sociedade civil para dinamizar o galego da man dos axentes sociais, singularmente nos ámbitos da sanidade, da empresa, da Administración de xustiza e na publicidade. Por certo, os ámbitos onde axentes sociais nados da iniciativa civil, como a Irmandade Xurídica Galega, a Irmandade da Sanidade Galega, a Irmandade Galega de Adegueiros, o Foro Peinador e a Asociación Galega de Funcionarios pola Normalización Lingüística traballan para arrincar os prexuízos respecto da nosa lingua.

Temos tamén pendente o preciso achegamento á lusofonía. Sen entrarmos a curto prazo en lameiras normativas, cóm-

pre tirar da Lei Paz Andrade, de unánime aprobación parlamentaria, para dar nunha xeración ese grande achegamento ao mundo da lusofonía que comparten máis de 280 millóns de persoas e que supón, ao tempo, tantas posibilidades de negocio. Ao saírmos da pandemia, cumprirá revisar moitas das escollas dos últimos anos, entre elas a frialdade e o descoñecemento respecto do mundo da galegofonía. O achegamento á Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) é obrigado.

Promovermos o galego no eido xurídico

Falando especificamente dos eidos onde desenvolvo a miña vida profesional, é verdade que neste país os administrados e os seus avogados temos pleno dereito ao uso da nosa lingua ante todas as administracións, de acordo coa lexislación vixente. Mais este dereito adoita ser limitado na praxe e mesmo descoñecido na Administración periférica do Estado (sobre todo ante a Axencia Estatal Tributaria-AEAT e a Administración da Seguridade Social) e tamén na Administración de xustiza.

No que atinxe á Administración de xustiza, a Sentenza do TSXG do 27 de marzo de 1985 (asinada polos maxistrados Moviola, De la Huerga e Leirós e na que tanto tivo que ver o labor previo da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística) marcou un fito hai 35 anos, despois de máis de 450 de falta de uso do galego nos tribunais no noso país. Mais despois destes 35 anos, aínda menos do 8 % das sentenzas son escritas en galego. Velaí as críticas do Consello de Europa á limitación ao uso do galego nos nosos tribunais, sobre todo polas deficiencias no coñecemento activo da linguaxe xurídica galega por sectores

importantes do persoal da nosa Oficina Xudicial e dos propios maxistrados, xuíces e letrados da Administración xudicial e mais pola inacción da Xunta de Galicia que, desde a reforma orgánica e funcional da Oficina Xudicial en maio de 2010, deixou de fornecer as ferramentas informáticas precisas para que os distintos operadores xudiciais poidan desenvolver o seu traballo en galego.

Esta minorización determina que unha lingua de uso relativamente amplo na vida social, e mesmo económica, como o galego sexa moi minoritaria en canto ao seu uso xudicial. Os xustizables perciben esta minorización, perciben que ás veces o uso do galego na xustiza pode ser un problema e deciden axeitarse ao clima para evitar atrasos na resolución das importantísimas cuestións persoais e económicas que someten á decisión da xustiza. Por moi concienciados que estean.

Velaí que precisemos de dúas liñas de solución no eido xudicial. Por unha banda, garantirmos o coñecemento activo e pasivo da linguaxe xurídica galega por parte dos maxistrados, xuíces, fiscais, letrados da Administración de xustiza e persoal dos corpos de xestión, tramitación e auxilio que prestan os seus servizos neste país, así como por parte dos novos avogados no exame de acceso á profesión. Por outra banda, que a Xunta de Galicia, titular da competencia exclusiva nos medios materiais e persoais da Administración de xustiza, forneza axiña o persoal xudicial de todas as ferramentas informáticas precisas para desenvolver o seu labor. O que nunca fixo o Goberno de Núñez Feijóo.

Despois da pandemia, a Administración de xustiza terá que multiplicar as ferramentas tecnolóxicas para atender a enxu-

rrada de asuntos que van ateigar os nosos tribunais e para garantir a aplicación da xustiza sen prexuízo da saúde pública. O galego non pode quedar, unha vez máis, á marxe da tecnoloxización da Administración de xustiza, senón que ha constituír un vector fundamental neste proceso.

Xoán Antón Pérez Lema
Avogado

Co gallo de conmemorar o 35 aniversario daquela primeira sentenza ditada en galego o 27/03/1985, recordei que naquel tempo era unha cativa que andaba na escola, nun colexio público no que o 99,99 % dos nenos e nenas eramos galegofalantes. Case todos os manuais estaban en castelán, pero máis da metade dos mestres ensinaban en galego.

Daquela festexabamos, polo grande, o Día das Letras Galegas, con distintos actos no colexio.

Veume á cabeza como leirabamos e, se preguntabamos de onde era cadaquén, dicíamos: son de Xaviña, Rececinde, Rabadeira, Salgueiras, Seavia, San Paio, Cereo, Valenza, Santa Baia, Lume de Suso... Recordei isto porque a cousa cambiou no instituto, xa non se falaba nin se escribía tanto en galego, e escoitei por primeira vez referirse a aqueles lugares como aldea.

Foi a peor na universidade. O galego era marxinal na Facultade de Dereito e a aprendizaxe en castelán desta materia, con moitas palabras técnico-xurídicas, tamén supuxo que fose perdendo o vocabulario e as expresións que empregaba de pequena.

Así, lembro que cando ditei as primeiras resolucións en galego, nun xulgado de instrución en Ferrol, xa non empregaba palabras e expresións como as de: “petouille”, “doulle unhas labazadas”, “espetouille un coitelo”, “bateulle na testa”, “arrom-

bouno”... que substituía por, para case sempre, “causoulle le-
sións”.

É increíble como volves conectar coa fala naqueles xulgados nos que a maioría dos cidadáns falan galego. En Carballo, foi moi proveitoso coñecer o que era botarlle auga ao prado, un fouciño, un sacho, un ribazo, un arró, un rego, un curro, os marcos das leiras, os balados, a diferenza entre un cesto e unha cesta, entre un saco e unha saca ou un cabanote.

Lembro un xuízo de faltas no que unha testemuña contaba como entrara no cabanote, onde estaba a persoa denunciada. O fiscal preguntoulle: “Pero entonces la puerta estaba abierta?”. A señora quedou pensando e respondeu: “Abofé que non o sei... igual estaba cerrada”. O fiscal repetiulle a pregunta e advertiuna das consecuencias penais de mentir nun xuízo e, ante iso, a testemuña dille: “Pois estaría aberta, logo”, para seguir contando do que falara coa denunciada dentro do cabanote. O fiscal, enfadado, manifestoulle que era evidente que estaba faltando á verdade. Recordo, cunha risiña, como informei o fiscal de que os cabanotes non tiñan porta e que a testemuña estaba pensando na porta da casa, sita ao carón, ante o que a señora di: “Ai non, non teñen, non”.

Sen dúbida, coa transformación da sociedade, cada vez máis urbana e con máis presenza do castelán, son menos os xuízos nos que se escoiten tales palabras e tamén mudou a maneira de chamarlles ás cousas.

Agora, cando escoito falar dun terreo, non se diferencia entre chousa, braña, agro, leira, prado, carballeira ou monte, pois a todo lle chamamos “finca”. Tampouco se fala case dos mar-

cos, senón de “mojones”. Os muros gañáronlles a batalla aos cerres e aos valados. E cando a persoa se refire a un cabanote, chámalle alpendre, galpón, anexo ou “porche”; construción que, por certo, non é outra cousa ca un cabanote.

Polo camiño, imos perdendo moitas palabras, pero inda así o bo da profesión de xuíz, como se vai cambiando de destino, é o de descubrir outras novas ou das que descoñecía o significado.

Así, o cabanote, na Terra de Soneira, é un cabanel e, á diferenza doutras zonas, preto da casa, o terreo que está unido a ela é o arroeiro ou o eirado, distinto da eira de mallar ou do curral das casas en Bergantiños.

Outra riqueza da fala son os nomes que se lle dá ao mesmo peixe, distintos segundo esteas en Malpica, Fisterra, Camariñas ou O Grove, ou aos aparellos empregados.

Gozo de descubrir novas palabras e de escribilas nas sentenzas para intentar chamarlles ás cousas polo seu nome e, así, contribuír a conservalas.

Carmen Pose Amado
Maxistrada

Logo de transcorridos xa un bo número de anos desde que a mediados dos 80 do século anterior o Tribunal Superior, ao ditar sentenzas en galego, abrise o camiño para o emprego da nosa lingua nos procesos, a valoración que convén realizar ha de ser, sen dúbida, moi positiva.

Todos os pobos teñen a súa propia lingua e o seu propio dereito. Galicia, non podía ser doutro xeito, tamén. En materia de idiomas, a Constitución de 1978, co seu artigo 3, abriu unha etapa presidida polo especial respecto e protección que merecen as linguas distintas do castelán. No campo do dereito civil, co seu artigo 149.1.18, permitiu o inicio dunha nova época de conservación e desenvolvemento do dereito especial. Unha vez superados os séculos nos que toda lingua que non fose o castelán quedaba excluída do ámbito oficial, a década dos 80 constituíu un paso adiante importantísimo para a normalización do galego. Se o Rexurdimento foi un momento da maior relevancia, ao pasar a nosa lingua —desde o século XVI, limitada ao ámbito familiar e oral— a ser empregada polos escritores nas súas obras literarias, non menos importante foi o movemento vivido naqueles 80, co inicio do emprego do galego na Administración e no ámbito do poder xudicial.

O futuro traeranos unha consolidación do uso da nosa lingua nos tribunais. Se cadra cunha visión excesivamente tradicionalista, creo que resultaría adecuado profundar no coñecemento de todo o vocabulario xurídico dos nosos textos medievais para, sobre esa base, establecer expresións xurídicas actuais fieis aos nosos antecedentes. Sen dúbida, os bos filólogos e xuristas galegos realizarán un gran labor neste terreo. Do mesmo xeito que cando uns poucos escritores do XIX elixiron o galego para compoñer poemas non eran os primeiros en facelo, tampouco as sentenzas dos 80 eran as primeiras e, dos séculos XIII, XIV e XV, conservamos un gran número de textos xurídicos cuxas expresións deben ser a base de toda a linguaxe xurídica das leis, actos administrativos e resolucións xudiciais do século XXI. En galego facían testamento, compraban, vendían, doaban, arrendaban e, respectando e amando aqueles remotos antepasados, a vella lingua traída por Décimo Xuño Bruto volverá ser empregada nos testamentos e nos contratos, nos procesos e nas sentenzas. Ningún río que atravesemos levará ao esquecemento as expresións culturais do noso ser.

Eladio Prieto Bellas
Maxistrado

EN GALEGO, POR SUPOSTO

Exerzo a marabillosa e a miúdo complicada profesión da avogacía, fágoo fiel a min mesma e á miña vida cotiá: pensando, falando e escribindo en galego. Nacín na década dos oitenta, na cidade de Santiago de Compostela; asistín a un colexio dirixido por monxas, todas elas de orixe castelá, onde a única lingua que se utilizaba era o castelán. Con todo, nutriame a diario das palabras de meus pais e as fins de semana pasábaas disfrutando do ambiente rural nas casas dos meus avós, todos eles da mesma parroquia, A Pereira, pertencente ao concello de Santa Comba e limítrofe co concello de Mazaricos.

Non son consciente de ter tomada unha decisión respecto da fala no eido da miña profesión, sinxelamente son eu. Si que é certo que de ben pequena, con aproximadamente sete anos, tiven un momento de consciencia respecto á situación dual que vivía a lingua na miña contorna. Un día, abraiada mentres escoitaba o meu avó Jesus cantando regueifas, na lingua que falaba case toda a miña familia, coas súas palabras características, coa gheada e co seseo, co acento que tristemente se vai perdendo, pareceume tan fermosa que decidín falala o resto da miña vida e transmitírllela aos meus descendentes. Desde aquel intre, sempre utilicei a miña lingua, a da miña xente, a da miña terra.

Na secundaria, vivín episodios que reforzaron aquela decisión infantil. Foi da man dos dous mestres que me impartiron a

materia de latín. Un deles pretendía castellanizarnos reiterando a diario que falar galego era “emitir sonidos”, seica coma os animais, e supúñase que debiamos ser cultos; polo tanto, era de obrigado cumprimento falar castelán e erradicar totalmente aquela vulgar emisión de “sonidos” das nosas vidas. O segundo incidía unha e outra vez en que a lingua galega era propia das persoas incultas, polo que, como se dunha grave enfermidade incurable se tratase, debiamos afastarnos todo o posible dela. Sinceramente, naquela altura, tales afirmacións amosáronme que tristemente os quen adocían de cultura eran estes mestres aos que, por dedicárense á ensinanza dunha lingua morta, se lles supoñía un adecuado coñecemento das orixes das linguas romances e da importancia de todas e cada unha delas, mérito do que carecían terriblemente e polo que percibían un salario digno “dunha persoa culta” sen selo.

Máis tarde, cando era estudante da Facultade de Dereito de Santiago de Compostela, vivín outra situación curiosa. A maioría das compañeiras e compañeiros galegofalantes intentaban comunicarse en castelán, pois tiñan ben asimilada a lección consistente en que un universitario debe ser ilustrado e, polo tanto, a única lingua utilizable era o castelán. Téñenme acontecido anécdotas dignas de estudo ao respecto; con todo, a xente sorprendíase positivamente cando lles contestaba aos mestres en galego, tomaba apuntamentos en galego, facía os exames en galego e, malia iso, seguía sendo universitaria. Desafortunadamente, eran moitos os compañeiros galegofalantes que se impuñan a obriga de falar castelán para agradar, para sentirse máis acollidos ou incluso para obter mellor cualificación nos exames.

De novo, a realidade impúñase; o galego asociábase á incultura, á pobreza material e intelectual. Pero todas as persoas galegas castelán falantes son cultas? Lamentablemente non, e menos aínda cando pensan tal barbaridade.

Reitero, na facultade utilicei a miña lingua e, ao comezar o exercicio da miña profesión, non podía utilizar ningunha outra. Polo camiño atopei xente moi instruída que utiliza o galego, pero tamén atopei compañeiros de orixe galegofalante, ou mesmo galegofalantes na súa vida cotiá, que mudaron ao castelán para aparentar ser máis cultivados e porque, debido a ese complexo adquirido asociado á utilización da lingua galega, temen que ao empregar o galego cos clientes, nos seus escritos ou na sala, deixen de ter traballo, as sentenzas poidan ser contrarias ás súas pretensións ou mesmo ser sinalados con expresións como: “Mira ese es el *freak* que habla gallego”. Malia todo, eu vivín e continuo vivindo situacións nas que os clientes galegofalantes, preocupados, me preguntan se teñen que falar en castelán no xuízo para que o xuíz lles dea a razón. Eu respóndolles que non, que teñen que falar na lingua na que se sintan máis cómodos porque só dese xeito poden relatarlle os feitos e transmitirle axeitadamente as súas pretensións ao xulgador. A moita xente sorpréndelle positivamente que eu exerza a avogacía en galego, tal vez pola ousadía que supón ou pola tenacidade que se precisa para facelo, calidades que se erixen como requisito indispensable para o exercicio da miña profesión. Con carácter xeral, esta forma de vivir e de traballar en galego, aínda que a día de hoxe non é habitual no eido xurídico, é respectada polo funcionariado, pola xudicatura, polas forzas e corpos de seguridade do Es-

tado, por todos os demais operadores xurídicos cos que me atopo a diario, e mesmo é valorada positivamente polos clientes.

En definitiva, unha persoa galegofalante domina a lingua galega, a lingua española e deféndese sen esforzo na portuguesa polo que, lonxe de pechar portas, abre horizontes e mercado. Non obstante, nunca faltan anécdotas. Así pois, cando decidín abrir o meu propio despacho, este non podía rotularse nunha lingua distinta á galega: “Avogados Ramos Capelo”. Pois ben, houbo xente que moi amablemente se molestou en virme advertir do grave erro ortográfico que cometera ao utilizar o v no lugar do b. Unha letrada cometendo semellante aberración... E despois de tan gran detalle decidín dedicarlles uns minutos do meu tempo e explicarlles que xustamente en galego avogacía é con v, ao igual que na maioría das linguas derivadas do latín e que, curiosamente, a única lingua romance que utiliza o b nesta palabra é o castelán.

Agora son nai, resido na cidade de Ourense, e lamentablemente vexo como a maioría das compañeiras e dos compañeiros da miña filla non saben falar nin entenden esta marabillosa lingua, a galega. É triste, non porque o galego sexa mellor que calquera outra lingua, senón porque é a nosa, a dos nosos antepasados, a propia desta terra na que vivimos, e debémoslles a súa conservación aos nosos ascendentes, a nós mesmos e aos nosos descendentes. Independentemente da ideoloxía política de cadaquén, é o noso deber preservar o patrimonio cultural, e a fala forma parte del. Polo que debemos obviar as falsas crenzas, semellantes a crer que a terra é cadrada, e temos que decatarnos de que cantas máis linguas e culturas coñezamos máis cultos seremos, e non ao

contrario. Convido a todos aqueles que viven baixo o efecto do complexo aludido a que falen galego, que non teñan medo, non é unha enfermidade, non mata, só enriquece, a todos.

Yolanda Ramos Capelo
Avogada

A LINGUAXE É UN INSTRUMENTO PARA A LEXITIMACIÓN DEMOCRÁTICA DA POTESTADE XURISDICIONAL

A relación entre dereito e lingua ou fala xera reflexións plurais segundo a fasquía na que se poña a énfase.

No procedemento de creación mesmo da norma, de xeito institucional, parlamentario ou no seo da Administración. E, logo, na súa publicación, que é o momento no que é esencial a funcionalidade da linguaxe para o coñecemento da norma polos destinatarios.

Tamén na comunicación, entre o cidadán falante dunha lingua e o poder, no momento da aplicación da norma xurídica. Daquela cómpre considerar a efectividade dos dereitos fundamentais dese cidadán, a partir —malia que probablemente non tan só— do que se deixou dito no artigo 3 da Constitución do Estado español.

Disto tense falado, aínda que nunca abondo. E mesmo lexislado. Velaí a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, feita en Estrasburgo o 5 de novembro de 1992, ratificada polo Instrumento do 2 de febreiro de 2001; a Lei orgánica do poder xudicial; as leis procesuais ou o Estatuto de autonomía e a lexislación autonómica, particularmente a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

E, para motivar estas liñas que teñen que ver co aniversario da considerada primeira sentenza publicada na lingua galega, quero cinguirme aquí a un aspecto político-organizativo en relación co uso da nosa lingua, alén dos dereitos políticos dos partícipes no proceso xurisdiccional, e que se refire á lexitimación do resultado da actividade xurisdiccional.

A aproximación filolóxica motivou sisudos estudos. Entre os máis destacados, o patrocinado polo Consello Xeral do Poder Xudicial, en colaboración coa Real Academia da Lingua Española. Recollidos no Libro de estilo de la Justicia, editado para nos adestrar no uso correcto do idioma español na actividade xurisdiccional. Na súa orixe está a consideración da linguaxe no ámbito xurídico como un tecnoleto ou lingua de especialidade. O obxectivo é a claridade. En función dela, os seus autores tentan corrixir as disfuncións que danan tal instrumento. E eu comparto con eles, no que aquí interesa, a inquedanza pola posibilidade do que cualifican de fracaso comunicativo que ocorre, recoñecen, cando o interlocutor, malia descifrar o significado literal da mensaxe, non acada iso en relación co sentido (intencional e contextual) do que se lle transmite.

A aproximación do meu interese é a comunicativa, a linguaxe como instrumento de traballo, máis que como obxecto de estudo en si mesma. Cómpre subliñar a relevancia ora da denotación das palabras usadas ora da connotación, alén da significación primeira. E máis aínda se engadimos a importancia desoutra modalidade de linguaxe que é a que se amosa oralmente ou, se me resulta permitido, mesmo por medio da linguaxe non verbal.

A actividade xurisdiccional é un instrumento para o ditado dunha resolución. A natureza esencial desta non é descritiva,

aínda que tamén, xa que se lle comunica ao destinatario. Pero o esencial da resolución xudicial é a de acto que recolle a vontade do poder que se lles impón aos cidadáns.

O obxectivo da actividade procesual é esa decisión xurisdiccional. Esta é unha manifestación do poder e, xa que logo, necesitada de se lexitimar na súa produción, e tamén na súa posterior comunicación (notificación) aos que foron partícipes, e mesmo a todos os cidadáns (publicación), no nome dos que se exerce a potestade xurisdiccional, alén da simbólica referencia ao rei.

Entón o uso da lingua constitúe, máis que un subxectivo dereito fundamental dos partícipes, que o é, unha compoñente estrutural do sistema obxectivamente funcional a aquela finalidade de lexitimación.

A risco de espallarme en excursos prescindibles, teño por atendible a cuestión da influencia determinante que a linguaxe exerce nesa etapa creativa da norma concreta que vai solucionar o caso específico.

Conflúen aí suxeitos integrados na estrutura do poder do Estado con profesionais que asumen a tarefa de defender intereses das partes. Uns e outros en permanente comunicación. Con Frosini, rexeitamos a pretensión da filosofía analítica predicando un xogo diferente para xuíz e avogado. Pola contra, entendemos o proceso como un xogo no que aqueles, xuíces e avogados, deben participar das mesmas regras. Ora nas correlativas específicas funcións do avogado, expoñendo as razóns das pretensións dos seus defendidos, ora nas do xuíz, na súa función de escoitalas e, logo, ao expoñer as razóns da súa decisión. O que cómpre predi-

car tamén da comunicación cos demais partícipes: partes, testemuñas ou peritos.

A decisión xudicial constitúe un momento na progresiva construción por fases do dereito. Nela é consubstancial a compoñente social. Se atendemos a Betti, o dereito é unha metodoloxía de coñecemento da realidade social. A lei é soamente un episodio continxente do proceso xurídico. É na aplicación cando acontece o momento crucial na vida da lei. A técnica lexislativa tipifica os feitos sociais. Pero é no proceso onde a diagnose dos feitos permite establecer se, no caso, ocorren as condicións tipificadas na lei para que a regra de dereito sexa aplicada aos feitos.

O dereito abrolla na vida social. É máis, di Díaz Picazo, el mesmo é vida social, malia que non toda. A experiencia xurídica é unha concreta experiencia de conflito de intereses que demanda unha solución ordenada. Na medida en que o conflito afecta a convivencia, existe unha necesidade social de solución. Cando esta se xuridifica, aparece un sobreposto conflito no que atinxe á protección dos intereses na tutela xudicial. Esta substitúe o xeito violento de remedio e artéllase para o caso, de non se dispor de solucións de composición no ámbito social non institucionalizado.

A lexitimación da decisión do poder xudicial, na concepción habermasiana, concorre de acadarse o acordo na súa aceptación como correcta polos partícipes, pero tamén polo auditorio universal.

A norma creada —tamén a norma concreta ínsita na resolución xurisdicional ditada dentro do proceso— ten que ser procurada no marco dun discurso racional. Esta racionalidade esixe condicións de “comunicación ideal”. Por un lado, ha de ga-

rantirse que as partes do proceso deliberativo teñan igualdade de oportunidades para expor os seus argumentos en liberdade. Por outro lado, parte da actividade xudicial diríxese —por medio de peritos, testemuñas, ou das mesmas partes persoalmente— a traspasar a información histórica e empírica desde o mundo real ao ámbito xurisdiccional para a súa avaliación normativa como presuposto típico da norma legal. Ademais, é onde expoñen as partes as súas argumentacións. Ambas as dúas funcións teñen como instrumento ineludible a linguaxe. E aí o salientable é a validez da fala reclamada por Habermas que a condiciona aos que denomina supostos universais. No que aquí máis me interesa, o da intelixibilidade do expresado e o da veracidade, ou acomodo ao realmente pensado polo falante, desde logo engadidos aos da verdade, do que se di do mundo obxectivo, e o da rectitude.

Mesmo cando todos comparten o único idioma, a lingua de especialidade carece dunha versatilidade e polisemia das palabras, dos sintagmas acuñados e dos enunciados cos que se expoñen os conceptos xurídicos que, como dixemos no prólogo do *Dicionario Xurídico Galego*, fai do léxico empregado un arcano tan críptico que os técnicos son vistos polos cidadáns leigos como unha especie de arúspices. O problema é aínda maior cando no escenario social, no que se insire a comunicación intraprocesual, convive máis dunha lingua. Unha, a propia da comunidade de localización do escenario procesual. Outra, a oficial nun ámbito xeográfico e cultural máis amplo. Esta abrangue politicamente aquela. Pero sen que, naturalmente senón por asoballamento, faga esmorecer a súa identidade cultural e social.

As palabras da fala artéllanse en proposicións. O seu significado acádase no contexto de uso (Wittgenstein) e non é válido

fóra del. Da mutabilidade dos usos deriva o seu relativismo. A concordancia dos homes na linguaxe é unha concordancia de forma de vida. Non existiría así unha linguaxe, senón linguaxes ou formas de vida. É na forma por el vivida na que o falante acada os conceptos. Soamente despois, cando xorde a vontade de comunicalos, a linguaxe fornece o falante dos termos e do contexto (verbos, adxectivos, adverbios ou mesmo sintaxe) precisos para comunicalos, denotando e connotando de xeito que o significado do dito se acomode ao que se quere dicir. Se unha mesma lingua adopta variedades distópicas atendendo á xeografía na que se usa, cando o falante usa unha lingua diferente daquela outra que rexistrou os conceptos na súa cultura de vida, ten que acudir a unha tradución, co conseguinte risco de danar a captación do sentido do falado. Este é un atranco na capacidade de descrición (veracidade) do falante e, non menor, na de comprensión (intelixibilidade) polo interlocutor. Xa que logo, diminúe a validez da fala. E, dese xeito, a calidade democrática da actuación do poder xudicial.

Tampouco semella a mellor opción de cara á súa lexitimación que o órgano xurisdiccional prescindira da fala do contexto en que ocorren os feitos xulgados para empregar outra.

A cooficialidade de dúas linguaxes é unha caracterización formal e institucionalmente atribuída. Pero resulta máis que probable a influencia daquel contexto social e cultural, alén dos momentos iniciais da súa aprendizaxe, que predicen o construtivista Vygotsky ou tamén o cognitivista Piaget. Daquela, a linguaxe nunca é usada no proceso, nin fóra del, con abstracción da influencia contextual da pertenza á comunidade na que o falante nace e aprende as cousas da vida.

Historicamente, téñense artellado pretensións de solucións políticas, máis ou menos con formas xurídicas, tentando impor efectivamente que a fala do xuízo sexa a que lle gusta a quen dispón de poder para iso. Un exemplo que se cita a miúdo foi a decisión de Francisco I de Francia en 1539 ao asinar a Ordeanza de Villers-Coterrêts pola que impuxo o francés como lingua oficial para todo o Reino de Francia. Logo de acadar a substitución do latín —instrumento de influencia do poder da Igrexa e do seu dereito canónico—, o uso das linguas vernáculos volveuse un atranco para o poder do rei. Daquela, este asegurouse o seu imponendo a hexemonía da súa linguaxe.

A modo de conclusión, podemos dicir que non será obxectivamente equitativo o proceso nin lexítima en termos democráticos a súa resolución se as partes non poden emitir o seu punto de vista de xeito completo ou se quen leva testemuño dos feitos ao xuíz ten atrancos por mor da fala usada ou, en fin, se o xuíz, por razón desta, ten dificultades para entender eses testemuños ou alegacións. O xuíz no pode ser un corpo separado ou alleo ao contexto social e cultural no que actúa.

Tampouco pode aspirar á aceptación a decisión do xuíz (na notificación e na publicación) se os destinatarios teñen igual dificultade para entendela e, xa que logo, para poder avaliala como correcta e aceptable.

Ese condicionamento obxectivo ten que ser compatibilizado co dereito individual ao uso dunha lingua, pero sen sacrificio daquel esencial compoñente. Desa prudente ponderación non se afasta a sentenza da Sala do Penal do Tribunal Supremo 429/2019, do 14 de outubro, ditada no asunto coñecido como o do proces en Cataluña:

A Sala, como xa anticipou in voce a resolver a audiencia preliminar, recoñeceu o dereito dos acusados a valerse do idioma catalán, pero rexeitou a posibilidade de que o interrogatorio se practicasese mediante tradución simultánea, que lles esixiría aos membros do tribunal a utilización de auriculares. (...) Admitir a esixencia de auriculares como única forma de garantir o dereito a expresarse na propia lingua implicaría o sacrificio do principio de publicidade (...). A Sala ofreceu, mesmo aos que non o solicitaran de forma expresa, a posibilidade de practicar en lingua catalá os actos procesuais nos que deberan ter algún tipo de intervención. (...) Ningún dos acusados se quixo valer de intérprete para as súas respostas, renunciando expresamente ao que reivindicaban como o seu dereito e contestando o interrogatorio en castelán. (...) É certo que o artigo 123.4 da LECrim condiciona a decisión por un ou outro sistema a que "... non poida dispoñerse do servizo de interpretación simultánea" (...). A circunstancia que condicionou a nosa decisión está vinculada á singularidade deste proceso, desenvolvido en sesións orais que se prolongaron durante catro meses e que se televisaron mediante *streaming* na súa integridade. Constatada, polo tanto, a ausencia de calquera indefensión derivada do sistema de tradución sucesiva, consideramos necesario preservar todas as vantaxes e garantías propias do principio de publicidade. Todo cidadán que quixo seguir o desenvolvemento das sesións do xuízo oral puido facelo sen que a ausencia de auriculares ao seu alcance mingua a súa capacidade para formarse unha opinión do que estaba a acontecer na Sala.

Salientable para nós no tema que nos ocupa é a cita feita na STS que transcribimos:

A entrada en vigor da Carta implicaba a obriga dos Estados que a ratificaron de elaborar un informe inicial sobre a súa experiencia aplicativa, ao que lle habían de seguir sucesivos informes para presentar cada tres anos (cfr. artigo 15). Pois ben, o quinto informe sobre o cumprimento en España da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, do Consello de Europa, elaborado polo Ministerio da Presidencia e para as Admi-nistracións Territoriais, facíase eco das recomendacións do Comité de Ministros. Instábanse os poderes públicos para que: "1. Modifiquen o marco xurídico co obxectivo de deixar claro que as autoridades xudiciais, penais, civís e administrativas nas comunidades autónomas poidan levar a cabo os procedementos nas linguas cooficiais a petición de calquera das partes. 2. Continúen adoptando as medidas xurídicas e prácticas necesarias para garantir que unha proporción axeitada do persoal xudicial destinado nas comunidades autónomas ás que lles sexa de aplicación o artigo 9 da Carta teña capacidade para traballar nas linguas pertinentes.

Como pode observarse, a limitación territorial ao ámbito das comunidades autónomas volve facer acto de presenza, na mesma liña que xa proclamara o precepto constitucional e o seu desenvolvemento orgánico (artigo 3 da CE e artigo 231.3 da LOPX).

Esa restrición ao ámbito dos procesos que se desenvolvan no espazo territorial que é propio das comunidades autónomas está tamén definida, por exemplo, no informe sobre a aplicación da Carta europea de linguas rexionais ou minoritarias en

Cataluña, correspondente aos anos 2006-2008. No seu apartado segundo, “Xustiza”, ao glosar o alcance do artigo 33.2 do Estatuto de Cataluña aclara que "o precepto citado afirma o dereito de uso da lingua dentro do ámbito territorial de Cataluña, precisando neste caso as súas vertentes activa (lingua na cal a persoa pode dirixirse a estes órganos) e pasiva (dereito a que a persoa sexa atendida na lingua oficial escollida), e coa previsión explícita de que do exercicio deste dereito non poden derivar prexuízos ou cargas para as persoas". A mesma idea está tamén presente no artigo 33.5 do referido estatuto.

Exemplo pode ser a Constitución federal suíza (desde 1874), que garante a liberdade de lingua, malia que manda garantir a comprensión das linguas ameazadas en cada territorio e a promoción e a salvagarda das catro oficiais, malia que lle dá prioridade á lingua do territorio do proceso.

Non se entende que, no tocante á prevalencia dunha lingua, sexa máis determinante a que queren usar os funcionarios ou os profesionais que a que, cando menos fóra do xulgado, usa a cidadanía, titular da soberanía que lexítima o poder xudicial.

O GALEGO NOS XULGADOS DE GALICIA: O CONTEXTO DA PRIMEIRA SENTENZA EN GALEGO

Non é este o lugar para un excursio no que expoñer o devir histórico da relación entre o castelán e o galego. Nin o que asina ten autoridade para tentar esa tarefa. Pero si é o momento para lembrarmos o contexto no que foi pronunciada a sentenza que nos convoca aquí.

No contexto do uso da linguaxe galega na solución de conflitos xurídicos, atópase en boa medida a existencia dun dereito propio de Galicia. Cómpre advertirmos que traemos a conto a súa referencia sen esquecer que o que nos interesa é a linguaxe utilizada en toda a actividade xurisdiccional, calquera que sexa o tipo de norma que regulamenta a cuestión litixiosa.

Semella vir máis de antigo a preocupación pola fixación dun dereito propio que polo uso da linguaxe propia na actividade xurisdiccional. O primeiro desvelo por aquel recoñecemento dunha realidade xurídica especificamente galega xorde no centro do poder único do Estado español. O ano 1889, logo de se publicar o Código Civil de España, constitúese a comisión para eses efectos, que deu lugar ao proxecto de apéndice daquel, do ano 1915. Logo en Zaragoza, en 1946, celebrouse o Congreso Nacional (español, enténdese) de Dereito Civil, do que saíu a formación doutra co-

misión que elaborou o proxecto de 1948 que, logo de pasar pola Comisión Xeral de Codificación do Estado, acabou na Lei 147/1963, do 2 de decembro, que aprobou a *Compilación del Derecho Civil de Galicia*, publicada en perfecto castelán, no BOE do 5 de decembro.

Moi diversa foi a orixe da segunda regulamentación do dereito civil de Galicia. Significativamente, xoeceu no ámbito e a pulos da avogacía galega. Da súa xuntanza colexial na Coruña o 12 de xaneiro de 1972, saíu a convocatoria do I Congreso de Dereito Galego, celebrado no mes de outubro seguinte. O congreso foi precedido por unha enquisa composta de catro preguntas dirixidas a xuristas galegos. Entre aquelas, ningunha facía referencia á cuestión do uso da linguaxe galega na creación do dereito galego, nin na dogmática, nin en absoluto na súa aplicación xurisdiccional. Menos no que atinxe á aplicación xudicial doutros conxuntos normativos. Case que a metade dos que responderon —contando aqueles do que a revista *Foro Gallego* deu conta— usou a lingua galega nas respostas. Entre eles, non podemos deixar de citar a Alfonso Álvarez Gándara, Ernesto Baltar Feijoo, José Enrique Morales, Nemesio Barxa, José Luis Fontenla, Modesto Rodríguez Figueiredo e Xoxé Luis Rodríguez Pardo.

A presidencia de honra do congreso, xa que a efectiva ocupouna o señor Iglesias Corral, polo ministro de Xustiza do Estado español, non foi pexa para se celebrar a liturxia dunha misa en galego. O título da convocatoria foi exposto en pulido castelán no artigo 6 do seu regulamento: I Congreso de Derecho Gallego. Regulamento que nada di sobre a lingua que habían usar os congresistas.

Poucas páxinas dei atopado con texto en galego no libro que recolle a febril actividade do congreso editado pola Comi-

sión Executiva deste. O primeiro, a homilía do cura da misa, e logo temos que ir xa á Sección V dedicada a “Temas libres y comunicaciones” non tratados nas outras catro seccións. As conclusións publicáronse en lingua galega e castelá.

A revista *Foro Gallego* (sic) foi, sen dúbida, unha testemuña da vida xurídica da época. Examinando o índice dos exemplares de entre os anos 1966 e 1975, dentro do que as miñas capacidades de atención me permitiron, non atopei nas 68 follas do índice publicado na revista recensión de nin un só artigo escrito en lingua galega. Nin nas moitísimas recensións das sentenzas recollidas nesa época se inclúe unha palabra da lingua galega.

Logo da transición política no Estado español e do referendo da Constitución española, o marco xurídico, no que aquí interesa, mudou en dous aspectos ben salientables.

Aprobouse o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril) que declara, no seu artigo 5, que o galego é a lingua propia de Galicia, cooficial co idioma castelán, e mándalles aos poderes públicos de Galicia que garantan o uso de ambos, malia que potencien a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa e que dispoñan os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Proclama tamén o principio de non discriminación. A Lei 3/1983 de normalización lingüística foi a consecuencia, xerada xa dentro da potestade lexislativa do Parlamento galego, cando era presidente da Xunta o señor Fernández Albor, que fai que primeiros destinatarios das súas normas sexan os “poderes públicos de Galicia”. E, no artigo 7, proclamaba: “As actuacións xudiciais en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada. En todo caso, a parte ou interesado terá

dereito a que se lle comunique ou notifique na lingua oficial que elixa”. O que foi declarado acorde coa Constitución pola STC 84/1986.

Doutra banda, no ano 1980, amais de adiantarse á Lei orgánica do Consello Xeral do Poder Xudicial, tiñase elaborado xa o proxecto da que sería Lei orgánica do poder xudicial en 1985. O relator da sentenza que aquí nos convoca, coñecía, e daba conta nun traballo publicado por Tecnos no ano 1986, de que naquel proxecto se anunciaba o propósito de admitir a presentación de escritos nos xulgados no idioma galego, pero acompañados da tradución ao castelán (artigo 228).

E nesa etapa da historia do suceder de regulamentación do uso do galego na actividade xurisdiccional, concretamente o día 27 de marzo de 1985, cando a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Territorial da Coruña publica en galego a sentenza da que nestas liñas vimos conmemorar o seu 35 aniversario, formaba o tribunal, amais do relator don Claudio Movilla Álvarez, o que a presidía, o señor Leirós e, con eles, don Gonzalo de la Huerga.

Daquela que a singularidade non viña dada fundamentalmente polo que tiña de innovadora. Que abondaría. Teño para min que o contexto abafadizo dos presaxios lexislativos (lei galega baixo cuestión nese intre ante o Tribunal Constitucional) e prelexislativos (o citado proxecto 1980 da LOPX) eran ameazantes indicadores da vontade do poder político coexistente co exercicio da xurisdición. E non agoiraban paz e prosperidade para o responsable dese atrevemento.

Sen dúbida, para comprender este fito temos que considerar a forza do persoeiro que protagonizou a efeméride. Clau-

dio Movilla tiña xa daquela un currículo de compromiso insubornable cos valores democráticos, moito antes de que acadaran vixencia pacífica na vida española xurídica e social en xeral. Dá conta diso a súa biografía, publicada baixo o título *Claudio Movilla, un juez de la sociedad civil*. Da súa biografía saliento aquí o dato, que teño por ben significativo, de que nos anos 1980 a 1986 era presidente do Ateneo da Coruña, que el mesmo contribuíra a crear co fin, nas súas palabras, de promover “unha cultura viva, non elitista, non sectaria, non burocrática, sempre aberta á crítica e abrangente da diverxencia...”. O compromiso con esa cultura está no cerne mesmo dos fundamentos que relacionan dereito e aplicación xurisdiccional. O maxistrado do Tribunal Supremo, Manuel Campos, dixo del nunha publicación de homenaxe que amosaba atención o que denominaba a “textura autónoma” dos Tribunais Superiores de Xustiza para os que esixía que non foran alleos, na configuración e no funcionamento, “á realidade sociocultural da comunidade autónoma onde teñen a sede”, por entender que diso derivaba a “esixencia dun auto-compromiso dos seus maxistrados cara á sociedade civil de onde exercen”.

E esa referencia personalizada en Claudio Movila xustifícase aínda máis se ollamos o panorama das achegas doutrinais e políticas da época. Os documentos políticos de Justicia Democrática, publicados por Tucur Ediciones en maio de 1978 co título “Los jueces contra la dictadura”, do que Claudio foi impulsor, recoñecía non dispor de “respostas preparadas” no tocante á “cuestión das comunidades históricas nacionais e a súa ensamblaxe nun Estado español”, malia que denuncia que algúns membros da

xudicatura “se prestan como instrumento da represión específica... algunhas veces polo simple feito de que os membros destas comunidades quixeran cultivar a súa lingua materna”.

Logo de se referendar a Constitución, no ano 1981 a Comisión de Xustiza do Comité Central do PCE publicaba as súas propostas para a reforma da Administración de xustiza, que recollía un relatorio de Claudio, “O Goberno da Xustiza”. No que aquí nos ocupa, o relatorio foi achegado por Carlos Jiménez Villarejo co título “O poder xudicial no Estado das autonomías”, no que denuncia o agravio de Cataluña respecto do País Vasco e Galicia no recoñecemento do idioma nos seus estatutos como mérito para cubrir prazas de xuíz e, ademais, o atranco aínda maior que representaba o proxecto de Lei orgánica do poder xudicial do ano 1980. Recóllese a emenda ao artigo 228 deste na que se insta o recoñecemento da oficialidade tamén para a lingua de Cataluña, País Vasco e Galicia.

Pola contra, o Servizo de Publicacións do Ministerio de Xustiza publicaba no ano 1981 un feixe de artigos baixo o título “A xustiza na década dos 80”, no que o daquela subsecretario co ministro Ordóñez, o señor Enrique Linde, trataba a cuestión no Estado das autonomías. Amais de lles reprochar aos estatutos vasco, catalán e galego terse extralimitado, non fai ningunha referencia á cuestión do uso da lingua nesas comunidades.

A LUZ AO FINAL DO TÚNEL..., MALIA QUE AVELAÍÑA

Logo da transición e do Estatuto, o pulo, *ma non tropo*, veu dado pola Lei orgánica do poder xudicial de 1985. Entre outras cousas, desbotou a previsión ameazante do artigo 228 do proxecto de 1980 polo agora recoñecido no artigo 231, revisado no ano 1994. Os funcionarios usarán o castelán, aínda que poderán usar tamén a lingua cooficial da autonomía, salvo que algunha parte alegue indefensión, e os particulares partícipes poden usala tamén, e os documentos presentados nesta terán plena validez e eficacia. Porén, a tradución ordenarase de oficio cando teña efectos fóra da comunidade e tamén se traducirán a instancia da parte que alegue indefensión. Xa no ano 2000, a Lei de axuizamento civil española regulamenta o uso da lingua no artigo 142. A súa prevalencia queda determinada por no ter rango de lei orgánica.

O Parlamento galego, cando era presidente da Xunta o socialista González Laxe, acepta e integra no ordenamento xurídico galego aquela Lei 147/1963 sobre compilación do dereito civil especial de Galicia por medio da nova Lei 7/1987, do 10 de novembro, que modificou e derogou boa parte do seu contido. Labor este completado pola Lei 4/1995, do 24 de maio (da que deu conta nunha obra colectiva monográfica a *Revista Xurídica Galega*, patrocinada polo Parlamento galego) e pola Lei 2/2006,

do 14 de xuño. Amosouse así unha continuidade pola posta ao día e respondeuse, de xeito máis ou menos discutido, ás esixencias da sociedade galega.

A inquedanza das institucións da autonomía no tocante ao ámbito específico da fala usada nos instrumentos xurisdiccionais desenvolvidos no territorio galego para aplicar ese dereito específico non foi diferente do que atinxe á aplicación de calquera outro dereito, galego ou non. Pouquiña.

Pero unha aproximación, do tamaño posible nun traballo coma este, permite afirmar algúns significativos datos: nos anos 2003, 2004 e 2005, de seguirmos o Informe sobre linguas minoritarias (vid. o libro *Reflexiones sobre la Justicia. Una aportación desde Galicia*, publicado pola Xunta no ano 2009), no TSXG a Sala do Civil e Penal ditou en 2005 todas as sentenzas (46) en galego. Se miramos a base de datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, observamos que no último ano naquela base non se publicou ningunha sentenza dese tribunal en galego. E non se advirte que as publicadas sexan traducidas dun orixinal en galego, malia que as doutros tribunais galegos son publicadas nesa nosa lingua. Tampouco na Audiencia Provincial da Coruña se publica en galego ningunha das 1860 das que ditou no ano 2005.

Do informe do Observatorio da Lingua Galega do ano 2007, quero salientar algunhas das conclusións: existe un claro predominio do castelán nas comunicacións escritas e orais co exterior. Na documentación e nas comunicacións orais internas, o castelán segue sendo a lingua maioritaria. Por outra banda, case a metade das salas ou seccións conta con persoal que realiza labores de normalización lingüística. Aínda que en ningúns dos

casos a formación ten carácter obrigatorio, no 80 % dos casos permite realizar a formación en horario laboral, mentres que o 60 % a financia total ou parcialmente. Segundo a opinión da maior parte das persoas enquisadas, a situación da lingua galega na Administración de xustiza non aumentou nos últimos cinco anos e hai poucas perspectivas de que o uso desta lingua poida aumentar a curto e a medio prazo. Detéctase a grande importancia que teñen os funcionarios e as funcionarias, así como os avogados e avogadas, no aumento do uso da lingua galega neste ámbito.

Non demos atopado informes posteriores dese Observatorio, no que nos remitiron á entidade EOSA, que entendo privada e co conseguinte ánimo de lucro, tan lexítimo como non sempre conciliable co interese público.

En referencia máis xeral, no pasado 22 de maio foi nova que o galego perdeu postos entre as linguas utilizadas en Internet, dous menos que no ano 2017. E Galipedia perde posicións por número de artigos publicados.

Non é de estrañar que os xornais desen conta dos máis que críticos informes do Consello de Europa: “O quinto diagnóstico oficial sobre o grao de cumprimento en España da Carta europea das linguas minoritarias é o máis duro. O Consello de Europa critica a falta de avances e reitera a necesidade de reformar o artigo 231 da Lei orgánica do poder xudicial. O que debería garantir, obxectan os expertos europeos, é que se poida empregar sempre que o pida unha das partes. (*El País*, 17 de decembro de 2019)”.

Apúntase aí á cerna da cuestión do uso da lingua nos xulgados.

Efectivamente, non son poucos os acenos institucionais de cobiza formativa na lingua galega, alén da curricular nos plans de

ensinanza. Un daqueles é a prolífica actividade normativa recollida en compilacións monográficas como, entre outras, as publicadas pola Xunta no V aniversario da lei sobre uso do galego como lingua oficial, ou outra da Xunta no ano 1992. Outro, o *Manual con documentación xurídica en galego* para facilitar o labor da Administración de xustiza en galego no ano 2010.

Ademais, téñense feitas achegas doutriniais de estudosos respecto do uso específico na xustiza da linguaxe galega. Son exemplos o libro publicado por Xerais no ano 2005 (Ferreira, Alba Nogueira, Anxo Tato e Luis Villares: *Estatuto da lingua galega*) ou o de *Lingua e dereito*, da Universidade de Vigo, no ano 2000. Ou, en fin, as *Reflexiones sobre la Justicia. Una aportación desde Galicia* (sic, en castelán), de varios autores, publicado pola Xunta no ano 2009, que inclúe artigos específicos referidos ao uso da linguaxe. E tamén o traballo do maxistrado Daniel García Ramos “O réxime xurídico da lingua galega”.

Non cabe esquecer que o foco non pode, ou pode cada vez menos, procurarse no saber a lingua, porque se atopa, antes, no querer usala. A cousa ten máis que ver cun cambio na actitude dos que participan no proceso ca na súa aptitude.

Fóra de ben illados exemplos, como o da campaña do Colexio de Avogados de Santiago (novembro 2008) baixo o lema “Xustamente en galego”, bótase en falla semellantes compromisos por outras organizacións profesionais. E aínda máis que os que puideran existir acaden o éxito mínimo desexable.

A actitude dos que participan, dun ou doutro xeito, nos procedementos xudiciais non mudará, cando menos soamente,

polos esforzos, máis ou menos aparentes, dos poderes públicos. Mentres a actitude institucional, ás veces máis litúrxica que outra cousa, non xere cambios normativos eficazmente funcionais, a linguaxe galega na xustiza seguirá a ser pouco máis que testemuñal.

A medra no relevo da súa presenza dependerá da vontade política —máis secular ca litúrxica— de facer efectiva a prioridade territorial, a da linguaxe do lugar, fronte á opción subxectiva de cada partícipe. E iso, pola súa banda, implica unha muda na configuración da xustiza no artellamento dos poderes do Estado. E, lembrando que a autonomía e as súas institucións son tamén Estado, se perda o medo a fornecer a esta de instrumentos para que poida sentir súa, non só a Administración de xustiza, senón mesmo a potestade xurisdiccional, por máis que inserida nunha organización que faga as reservas necesarias, nunca absolutas, das previsións de instancias atribuídas a órganos con potestade no territorio de todo o Estado.

Obxectivo que presupón unha nova transición ou reconstrución política. E esta é pouco de agardar de non abrollaren pulos desde a sociedade, con máis forza e, máis aínda, con apoio xeneralizado —transversal, que se di agora—, posible soamente nunha situación de pacto real para a compoñadura ponderada de tolerante pluralismo con efectiva liberdade.

Non faltan exemplos de iniciativa, mesmo individuais, nas que se mestura a vehemencia, froito de concepcións románticas, coa seriedade técnica. Inesquecible nese sentido é o egrexio maoxistrado, amigo e mesmo profesor meu, o benquerido Daniel García Ramos. Del é o discurso reflectido na obra *A reafirmación*

de nós mesmos no que, lembrando a Ramón Piñeiro, proclama a linguaxe como creación do pobo, froito da loita do espírito por acadar a súa identidade colectiva e insta para que se centre a perspectiva xurídica da lingua nese marco histórico e sociolóxico. Na homenaxe que lle quixemos facer na *Revista Xurídica Galega* (n.º 18) dicíamos, e quero repetir agora aquí: “Ás veces, os homes teñen unha idea. Como se atopasen con ela. Entón eses homes, afortunados, melloran. Son máis homes. Outras veces, as ideas atopan unha caste de homes. Entón, as ideas fanse realidade, mellorando a realidade”. Esa foi a fortuna da idea que permitiu xoecer a *Revista Xurídica Galega*. Esta podería existir sen ese encontro. Pero sería outra... e non mellor.

Pero tamén cómpre subliñarmos que esa *Revista Xurídica Galega* xuntou ducias de persoas da maxistratura, avogacía, universidade, e profesionais en xeral do dereito cunha pauta: “Non ser o voceiro dun xeito singular ou excluínate de pensamento”. (editorial do n.º 0 en 1992). A *Revista Xurídica Galega* despregou durante anos, desde o 1992, un labor de publicación de xurisprudencia e doutrina referida a Galicia baixo o principio de que a revista fala en galego e os colaboradores usan con liberdade a lingua que desexen. Esa mesma asociación chegou a un acordo coa secretaria xeral de Política Lingüística, dona María Sol López. O cambio político no Goberno da Xunta non impediu culminar o traballo e compoñer un *Dicionario Xurídico Galego*, malia que coa mágoa de que, con apenas restrinxido uso en liña para os funcionarios, bloqueou a súa difusión e doado acceso a ese recurso por acudir ao lamentable expediente de entregar o produto á iniciativa privada (Xerais) para unha formulación de

interese económico privado non compatible coa idea de servizo público con que se asumiu desinteresadamente o labor así desperdiciado. Frustración da fiúza nesa Xunta de Galicia que, xunto cunha non disimulada inhibición dos colexios de avogados, contaminou decontado o afán que movera os que quixemos facer da *Revista Xurídica Galega* un instrumento para mellorar a aplicación en galego da potestade xurisdiccional.

Colectivo ben merecente é a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia nada no 1983, que nace co obxectivo de promover a lingua galega, especialmente no ámbito das administracións públicas, e non soamente no ámbito xurídico. Nese ámbito xurídico, está a traballar tamén a Irmandade Xurídica Galega, constituída no ano 2008 coa intención de aproveitar calquera regaña no “territorio comanche” do sistema normativo para coar todo tipo de iniciativa dirixida a espallar o uso da lingua galega. Coa teima de aumentar decote o censo dos comprometidos na mesma tarefa entre todos os que participan no “teatro” xudicial. Esas asociacións veñen actuando con frutífera sinerxía, baixo o común acubillo da proposta nomeada “Galeguizar Galicia”. E mesmo en colaboración con outros movementos sociais.

Debemos admitir que non abonda coa afouteza dos movidos por sentimentos que, por fondos e sinceros, non deixan de rematar na profunda frustración. Menos aínda co recurso litúrxico de circunstancias ao que decote acoden certos actores sociais ou políticos. Non estamos diante dunha encomenda necesaria que se poida confiar a seareiros. Ou se aborda a transformación política estrutural por medio da reforma constitucional necesaria ou

temos que achantar cuns parches lexislativos, senón normativos, de menor rango e coa azarosa eventualidade dun poder político, circunstancial, que se ennobreza facendo real a arela de mudar un uso de vergoñenta inferioridade polo espallamento que faga da lingua galega a usada na xustiza con normalidade, esa si “nova normalidade”.

Pero non quero rematar sen dar testemuño de agradecemento, dunha banda aos que nos movementos sociais veñen día tras día emulando a Sísifo, tendo como pedra carrexada a tarefa dese espallamento do uso do galego. Velaí o impagable labor dos que fan posible a inacabable actividade da Asociación para a Normalización da lingua, ou da Fundación Lois Peña Novo. Obrigado é, malia ser notorio, enfatizarmos que algunhas persoas son, xunto ao censo das necesarias, imprescindibles. E cómpre reiteralo, Xosé González Martínez, “mestre de vontade enerxética”, e todos os que, a carón del, traballan arreo para facer efectivos tantos empeños.

E, máis particularmente, a Irmandade Xurídica Galega, na que merece ser singularizado o maxistrado Xosé Xoán Barreiro. Nunca se poderá dicir con tanto acerto que non é posible falando tan pouco facer tanto pola fala. Porque o seu mérito consiste, precisamente, non na enormidade da coherencia con que fai efectivo o seu compromiso coa lingua galega, senón na calada persuasión sedutora do seu exemplo.

Con poucas cousas teño tan profundo sentimento de honra como coa de contar coa súa amizade e a poucos debo tanto no meu reencontro coa lingua galega no exercicio da maxistratura como a Xosé Xoán. Por máis que desde a lembranza de quen

foi amigo íntimo Daniel. E desde o respecto aos que seguen o exemplo deles dous. Como os que foron alumnos meus no esforzo por chegar a esa función xurisdiccional ou compartiron inquedanzas como o fiscal Benito Montero.

A eles a miña gratitude, aínda que non lles poida dar a esperanza, que eu ben quixera, pero para o que non me restan folgos.

Luciano Varela Castro
Ex-Maxistrado Tribunal Supremo

XXXV ANIVERSARIO DA PRIMEIRA SENTENZA EN GALEGO

No ano 2016, o presidente do Tribunal Supremo e do CXPX considerou que o convenio, asinado en 1999, para impulsar o uso do catalán na xustiza tivera resultados “excelentes”, malia que no ano anterior tan só o 8 % das sentenzas foran redactadas en catalán.

No noso caso, lonxe desa “excelencia” presidencial, cómpre salientar que é no eido da Administración de xustiza onde tradicionalmente se advirte un uso menos frecuente do galego. Por iso adquire unha grande importancia simbólica a conmemoración da primeira sentenza ditada neste idioma, asinada o 27 de marzo de 1985 pola Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Territorial da Coruña, cando o galego acababa practicamente de estrear a súa consideración como lingua oficial por medio da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. A tradición lingüística desa sentenza mantense actualmente en solitario por un maxistrado da devandita sala.

As carencias no uso profesional da lingua non poden ser achacadas á falta de normativa legal. Das disposicións legais, infírese claramente que o dereito de opción lingüística lle corresponde á cidadanía e que a Administración de xustiza debe dispoñer dos medios persoais e materiais para poder facer efectivo este dereito. Para garantilo é preciso que os xuíces, os maxistrados, os fiscais, os encargados do Rexistro Civil e o persoal ao servizo da

Administración de xustiza acrediten na forma establecida nas leis que posúen un coñecemento adecuado e suficiente das linguas oficiais que os fai aptos para desempeñaren as funcións propias do seu cargo ou posto de traballo.

Esta capacitación lingüística é precisa para cumprir coas Recomendacións do Comité de Expertos do Consello de Europa, orientadas a garantir que unha proporción adecuada do persoal xudicial destinado nas comunidades autónomas, ás que lles sexa de aplicación o artigo 9 da Carta europea de linguas rexionais e minoritarias, teña capacidade para traballar nas linguas pertinentes.

No seu último informe, de decembro de 2019, o Consello de Europa critica a falta de avances neste eido e reitera a necesidade de reformar o artigo 231 da Lei orgánica do poder xudicial. Esta norma establece que o uso dun idioma cooficial “só está permitido se ningunha das partes se opón”. O que debería garantir, obxectan os expertos europeos, é que se poida empregar sempre que o pida unha das partes.

Sería necesario que a Consellería de Presidencia abordase co CXPX asinar un convenio, similar ao catalán, para estimular o uso profesional do galego no eido da xustiza. Este impulso institucional normalizador sería aínda máis esixible tras o negativo informe do Consello de Europa no que se sinala que hai ámbitos, como o xudicial, nos que España non cumpre coas obrigas da Carta europea. Este informe insta os gobernos central e autonómico para que reforcen o uso das linguas cooficiais na Administración central e para que se garanta o dereito dos cidadáns e das cidadás que as falan a utilizala nos procesos xudiciais. Para isto é

fundamental a presenza do galego nas aplicacións informáticas da Fiscalía, dos xulgados e dos colexios profesionais.

A miña experiencia persoal, nas distintas salas do TSXG, indícame que está a ser relativamente habitual a presentación de escritos en galego por parte dos avogados, principalmente na xurisdición social, aos que lles segue unha exposición xurídica na nosa lingua na vista oral. Nalgún caso, deuse a estimulante coincidencia de que todas as partes fixemos posible o xuízo enteiramente en galego.

Cómpre, pois, xeneralizar esta proactividade no uso profesional do galego e trasladarlle á cidadanía que esqueza "o falso medo" de usalo por crer que pode afectar negativamente a resolución xudicial do litixio.

As sentenzas son un indicador moi significativo do estado da lingua galega na Administración de xustiza, pola súa importancia documental dentro do proceso xudicial, polo seu carácter de texto aberto que require unha marxe de autonomía lingüística do seu redactor, pola súa visibilidade e lugar preeminente na estrutura da Administración de xustiza e polas súas consecuencias en relación cos dereitos da cidadanía.

Por iso adquire unha gran transcendencia o ditado, hai 35 anos, desta sentenza en lingua galega, por canto significou convertela por vez primeira en lingua de traballo dun órgano xudicial.

A partir dela, os profesionais do dereito debemos perseverar para contribuír significativamente no avance da lingua galega nos usos xurídicos cotiáns.

Carlos Varela García
Fiscal da Fiscalía Superior de Galicia

Conmemoramos co presente traballo o aniversario dun fito. Un feito de relevancia e ao que cómpre outorgarlle o recoñecemento e a visibilidade que de certo merece. Mais, veño defender nas seguintes liñas que non se tratou, por desgraza e como demostrou a forza dos anos, dun fito revolucionario. Cada ano que transcorreu desde entón foi moito máis un “feito” ca un “fito” e as administracións públicas restáronlle tanta relevancia e penetrabilidade como foi posible.

A aprobación dunha Lei de normalización lingüística en 1983 de seguro que lles deu folgos e entusiasmo a aquelas persoas que puxaron, e seguen a puxar, para que a nosa lingua siga viva nas nosas institucións. Neste contexto, a sentenza pioneira da Audiencia Territorial da Coruña colocou un evento de relevancia no país: o primeiro texto de produción xudicial desde 1532. Foi unha progresión de intensidade que fixo avanzar o galego desde un uso vulgar (cunha prohibición e represión violenta) a un uso profesional e técnico, que mesmo permitía soñar co abandono da diglosia, e facía a utopía dun galego habitual e presente... un pouco máis preto.

Colocan os feitos a quen lles escribe na situación de botar a vista atrás, como galegofalante que conta este ano coa mesma idade desta sentenza que estamos a recordar. E do mesmo xeito

que a propia lingua, do mesmo modo que o noso galego na xustiza, pregúntome que xerou e que forzas moveu, a xeito de consecuencias, esta sentenza. En definitiva, se a miña vida como xurista galegofalante recibiu algún tipo de retorno deste fito.

No persoal, o galego sempre existiu como unha referencia emocional, vital, familiar, relacional e mesmo romántica. Co galego crecín e son o que son hoxe, e sen o galego non entendo nin o que son nin o que podó chegar a ser. Mais no profesional, sexamos francos con nós mesmos, o galego non ten o mesmo grao de presenza. Atópase o xurista galegofalante (insisto no exercicio de franqueza sen carautas), illado e só. Lonxe estamos, moi lonxe, dun uso xeneralizado e normal, masivo ou mesmo numeroso. Aquel xurista que emprega a súa lingua é hoxe, como era de seguro en 1983 e en 1985, unha rara avis e, cada ano que pasa, mesmo parece moito máis rara.

Afastándose de si, quen escribe diralles que nunca tan baixa foi a porcentaxe de persoas do país que ten o galego como lingua materna. “As xeracións máis novas están protagonizando un proceso acelerado de monolingüización en castelán a un ritmo que non prevían os resultados dos estudos previos”, recollía en 2016 o informe “Lingua e sociedade en Galicia. Resumo de resultados 1992-2016”. Conseguimos, paradoxalmente, un incremento da competencia e da calidade do idioma, mais un descenso vertixinoso do seu uso. O galego será unha lingua “exquisita” xusto no instante anterior á súa morte.

En datos do Instituto Galego de Estatística (2018), escribe habitualmente en lingua galega só o 16,85 % da poboación e a porcentaxe de quen afirma desenvolverse mellor en galego á hora de ler chega só ao 7,73 %.

En 15 anos, como sinala o derradeiro informe do Consello de Europa, a porcentaxe de persoas novas que non emprega nunca o galego subiu do 19 % ao 44 %. O galego, desde un punto de vista social, vive unha situación que non pode describirse como desesperada, senón como agónica.

No eido profesional, quen escribe diralles que da totalidade de operadores xurídicos cos que ten o pracer de traballar e de relacionarse a diario, e durante máis de 15 anos de carreira profesional, conta cos dedos dunha man aqueles e aquelas que empregan o galego de xeito habitual e producen os seus documentos técnicos na lingua de Castelao e de Rosalía. Pasou tamén quen lles escribe por un ensino universitario monolingüe en castelán, no que só un docente empregou o galego en seis anos de materias troncais, obrigatorias, optativas e de libre elección.

Mais, afastándose da subxectividade, sinalarei que en datos da USC para o período 2019/20, o galego, malia ser a lingua oficial da universidade, só chega ao 16,6 % de docencia no Grao de Dereito e só é do 2,03 % no Mestrado de Acceso á Avogacía.

Recapitulando, pois, cómpre sermos conscientes de que as persoas que chegan a formarse nas facultades de dereito fano cun uso cada vez menor do galego. Unha vez nas aulas, a docencia que reciben na nosa lingua é, empregando un eufemismo, marxinal. E practicamente nula (chega ao 0 % nalgún mestrado) no ensino superior e na abordaxe da formación necesaria para o exercicio da avogacía.

Estamos certos de que temos algo que celebrar neste 35 aniversario? A situación do galego na xustiza, 35 anos despois, ten características para sermos optimistas?

Non ten.

Mais a historia do uso do galego non foi máis que a historia de quen resiste, contra todo impulso en contrario, para manter viva non só unha fala, senón unha identidade e unha cultura propias. E a mesma resistencia é a que garantirá nos anos vindeiros a supervivencia do galego.

A sentenza que conmemoramos con este traballo non foi revolucionaria (os datos son evidentes), pero si foi exemplar, no máis amplo sentido deste termo, xa que demostrou que o uso do galego non supón eivas na protección de dereitos, que é posible empregalo nun nivel culto e formal e que é compatible a actividade xudicial no noso idioma cun Estado democrático e de dereito.

Mais a situación cristalizou e o tempo semella terse detido en 1985. Os avances da lingua na xustiza, de os haber, chegan só a presenciar un 8 % de sentenzas emitidas en galego no noso país (en datos da Mesa pola Normalización Lingüística) e un uso non xeneralizado no eido administrativo.

Cómpre abandonar o simbólico, as proclamacións formais e as autocompracencias, e esixir para o galego un estatuto de oficialidade real e efectivo, ao mesmo nivel de demanda e estándar ca o castelán. Cómpre superar as ficcións xurídicas ata transformalas en realidades materiais se queremos facer vivir o noso patrimonio lingüístico e cultural. É sinxelo expresar que o galego é importante e é rápido aseverar que calquera persoa ten dereito a usalo na Galiza. Dotemos estas afirmacións de contido, non pode defenderse que o galego é importante e non escandalizarse cun uso do 2,03 % no Mestrado da Avogacía e non é posible aseverar que existe dereito libre a empregar o galego cando as em-

pregadas e os empregados públicos non teñen obriga de coñecer a lingua (non é requisito sine qua non para acceder ao posto).

É necesario superar o marco da Lei de normalización lingüística de 1983 e afondar no principio básico de que o uso do galego e a súa esixencia nas administracións non é unha cuestión ideolóxica, senón de respecto de dereitos humanos fundamentais. Aprendamos doutros territorios do país, no que forzas de ambos os dous lados do arco parlamentario aposten decididamente pola nosa lingua e polo seu progreso.

Miguel Vieito Villar
Avogado

ALGUNHAS NOTAS POLÍTICAS SOBRE O 35 ANIVERSARIO DA PRIMEIRA SENTENZA EN GALEGO

1. Celebrar e reflexionar. Un contexto normativo asimétrico e discriminatorio

O 27 de marzo de 1985, a Sala do Contencioso da Audiencia Territorial da Coruña ditaba, con Claudio Movilla Álvarez como relator e Gonzalo de la Huerga Fidalgo e Ricardo Leirós Freire como maxistrados, a que pasa por ser a primeira sentenza en galego da nosa historia democrática e seguramente o primeiro ditame destas características desde o século XV, evento que polo tanto cómpre celebrar e, sobre todo, debe dar pé a reflexionar.

En primeiro lugar, pola exclusión durante máis de cinco séculos do galego da Administración de xustiza, unha exclusión que vén determinada pola ausencia de oficialidade lingüística da lingua propia de Galicia en toda a historia moderna, a consecuencia da ausencia de estruturas de Estado propias durante a idade moderna e da irrelevancia política nacional durante a historia contemporánea, fase onde numerosos estados acolleron o plurilingüismo existente nos seus territorios.

En segundo lugar, pola anomalía que supón o atraso en sete anos desde a promulgación da Constitución española de

1978 e catro do Estatuto de autonomía de 1981 en que teñamos constancia da primeira sentenza en lingua galega, malia que ademais de ser cooficial é a lingua maioritaria da poboación, o que evidencia a desidia das estruturas estatais en asumiren a cooficialidade lingüística da súa propia Administración, que segue actuando como se a única lingua en que debера expresarse a Administración estatal en comunidades autónomas con lingua cooficial sexa o castelán. Este feito está apoiado legalmente nunha normativa supremacista do castelán nos territorios con cooficialidade lingüística, a través da Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas e mais da Lei orgánica do poder xudicial, sen que esta regulación se amose como necesariamente derivada do contido do artigo 3 da Constitución española, cando refire o réxime lingüístico do Estado. Dito con outras palabras, a regulación estatal podería asumir o papel normalizador da súa propia Administración ou, cando menos, establecer unha completa igualdade entre linguas e non unha preponderancia do castelán.

En terceiro lugar, porque trinta e cinco anos máis tarde as sentenzas en galego, tanto nese coma no resto dos xulgados e tribunais de Galicia, segue a ser anecdótica (inferior ao 5 %!), o que evidencia que sen un cambio normativo que estableza unhas condicións de relación lingüística diferentes entre partes a tendencia non vai mudar significativamente, un cambio que pase pola asunción do papel de impulso do galego polas administracións do Estado en Galicia, incluída a instancia xudicial, claro.

En ausencia dunha reforma legal que avance no recoñecemento pleno da cooficialidade simétrica e normalizadora, e

non asimétrica e discriminatoria da lingua minorizada politicamente, o único elemento capaz de facer avanzar o uso normal da lingua galega é, como hai 35 anos, a vontade individual dos concretos membros do poder xudicial que deciden, en sintonía ben coa lingua das partes no proceso ou ben como oferta positiva normalizadora, realizar as actuacións procesuais en galego. Neste sentido, non se avanzou nada en 35 anos.

2. O papel da autonomía política de Galicia á hora de facilitar o uso da lingua

Agora ben, sería miope en termos constitucionais limitarnos a examinar o papel que cumpre o Estado (a súa Administración central) sen reparar na existencia da comunidade autónoma, a forma política de organización de Galicia, e das competencias que esta ten en materia de xustiza e de normalización lingüística.

En efecto, Galicia ten determinadas competencias sobre a organización e os medios, persoais e materiais, “da administración da Administración de Xustiza” (expresión do Tribunal Constitucional, entre outras nas SSTC n.º 56 e 62/1990), que teñen un papel determinante no uso do galego no conxunto do proceso, a través da lingua que emprega o funcionariado ao servizo da comunidade autónoma dentro da Administración de xustiza (desde o Imelga ao corpo xurídico da Xunta), así como dos medios materiais que se lles ofrecen aos corpos estatais para o desenvolvemento do seu labor (aplicacións informáticas e códigos consolidados en soporte informático, principalmente).

A este respecto, don Claudio e o resto da curia apenas atoparían melloras a día de hoxe para desenvolveren o seu labor,

pola falta destes recursos, unha carencia que non suplen os meritorios servizos de tradución, que realizan traducións no proceso só a instancia de parte, co conseguinte atraso na tramitación dos procedementos, o que constitúe un elemento de disuasión para unha cidadanía que bastante ten con preocuparse do preito e da xa de seu longuíssima tramitación procesual. E non debemos esquecer que tampouco lle podemos esixir á cidadanía unha actitude militante á hora de exercer a oficialidade da lingua (por que teñen que andar rogando que lles contesten na súa lingua?) nin ao persoal da xustiza a heroicidade de sumarlle ao colapso a tradución singular de documentos (cortar, enviar, agardar días, importar, pegar e seguir) que os que non empregan o galego non teñen.

No eido autonómico, estamos falando simplemente dun problema técnico e, polo tanto, da desidia da Xunta na súa solución, ou estamos diante dun problema político, a consecuencia dunha vontade rebelde da Administración galega que non é quen de fornecer os medios para o pleno exercicio da cooficialidade lingüística?

Para responder a cuestión con rigor e non con especulacións, debemos abranguer os ámbitos técnico e político.

3. Os problemas técnicos teñen solución

No aspecto técnico, carecemos dunha base de datos completa de normativa consolidada en galego, posto que o portal www.lex.gal só contén a ditada polo Parlamento e pola Xunta de Galicia, coa exclusión de plano de toda a normativa procesual e substantiva do dereito estatal. Dado que a principal lexislación estatal se publica periodicamente en suplementos en galego, non

parece aventurado indicar que unha sistematización e consolidación normativa no portal citado non é algo imposible tecnicamente.

E tamén desde o punto de vista técnico, con relación á aplicación informática que emprega a Administración de xustiza en Galicia, competencia da Xunta, convén salientar que esta é a propietaria do programa e que está exclusivamente en castelán. En efecto, o Ministerio de Xustiza cedeulle gratuitamente o programa Minerva á Xunta con todos os dereitos de propiedade intelectual, de forma que a Administración autonómica quedaba autorizada para modificar nel absolutamente todo, e podía non só introducir documentos, senón tamén modificar o conxunto da aplicación, entre outras cousas para adaptarse a unha versión bilingüe. Cando se asinou esta cesión, o ministerio xa advertiu a Xunta de que desde ese momento eles serían os responsables da tradución e de que o Estado non podería facer esa xestión. En consecuencia, a Xunta é a titular da aplicación en Galicia e a única facultada para modificalo ou traducilo¹.

Polo tanto, non hai motivos técnicos que impidan tanto o fornecemento de bases de datos íntegras de normativa consolidada en galego coma da propia aplicación informática.

4. A vontade política. Posición das forzas políticas a respecto da cuestión, singularmente na X lexislatura

Examinemos agora a dimensión política desta situación.

Por razóns de espazo non podemos repasar os debates parlamentos das lexislaturas I a IX do Parlamento de Galicia, pero faremos un resumo, e tomaremos como referencia as proposicións non de lei, que xeran debates políticos que rematan

cunha votación de impulso político á Xunta de Galicia e que a instan para actuar. Pois ben, prescindindo de duplicacións de textos para o pleno e a comisión, neste período rexistráronse 29 iniciativas e todas, excepto na VII (bipartito progresista), provenientes de grupos na oposición política nesa lexislatura, das que foron debatidas de media 2 por lexislatura. Das aprobadas, case todas elas instan a Administración central do Estado para que avance no emprego do galego, quer no eido da Xustiza quer na Administración periférica do Estado. Pola contra, as iniciativas que tivesen por obxecto impoñerlle un deber de actuación normalizadora á Xunta no eido da Xustiza foron rexeitadas, agás a PNL n.º 11779, do 15/10/1996, que a instancia do BNG acordou por unanimidade instar a Xunta para que o seu corpo de letrados empregase o galego como lingua vehicular, algo que a día de hoxe segue sen cumprirse. Os argumentos máis recorrentes para a maioría conservadora (PP ou as súas denominacións precedentes) foron predominantemente a falta de competencias para actuar, o marco legal ou a suposta liberdade de elección lingüística dos diferentes corpos funcionariais. Este bloque ideolóxico non presentou ao longo destas nove lexislaturas ningunha iniciativa política nesta materia.

Por formar parte do contexto político recente no que se celebra este 35 aniversario, faremos un exame separado da X lexislatura. Durante este período 2016-2020, o Partido Socialista de Galicia rexistrou catro iniciativas, das que levou a debate unha; o Bloque Nacionalista Galego, tres, das que levaron a debate dúas; e En Marea, unha, que foi debatida. En total, debatéronse catro iniciativas relacionadas coa lingua na xustiza, das que se

rexeitaron todas agás a presentada por En Marea, que foi aprobada por unanimidade tras ser transaccionada co Grupo Popular. Precisamente o Partido Popular, con maioría absoluta nesta legislatura, non presentou iniciativa ningunha neste sentido.

A iniciativa do PSdeG versaba² sobre as actuacións do corpo de letrados da Xunta nos tribunais e chamaba ao emprego do galego e a que asumisen a función dinamizadora de pedir a tradución á nosa lingua da documentación e resolucións xudiciais nos procedementos en que a Administración fose parte. Foi rexeitada sen ningunha oferta de transacción, o que colocou os conservadores nunha posición máis retrógrada que a adoptada en 1996, cando si se posicionaran a favor de pedirlle á Xunta o exercicio pleno da oficialidade lingüística nas actuacións do seu corpo de letrados. Os argumentos esgrimidos pola voceira popular non gardaron relación co contido da iniciativa, posto que invocaban unha norma, a Lei orgánica do poder xudicial, que non era a que fundamentaba a proposta.

A primeira das iniciativas debatida³ a instancias do BNG versaba sobre a proposta de aprobación dun Plan plurianual de galeguización da Administración de xustiza que prevía ata 2022 o aumento da capacitación lingüística dos operadores xurídicos, o fornecemento de medios técnicos suficientes e o aumento dos recursos de tradución, e foi rexeitada pola maioría popular co argumento de que a Xunta xa estaba traballando en todas esas fronteiras e a iniciativa era innecesaria. A segunda propuña o desenvolvemento do Plan xeral de normalización lingüística (aprobado por unanimidade no Parlamento en 2004, aínda que non ten eficacia normativa) en materia de xustiza, mediante unha

serie de propostas que estaban nalgún caso calcadas do propio plan⁴. A iniciativa foi rexeitada pola maioría popular co argumento de que era innecesario impulsar nada, xa que a Xunta estaba cumprindo con esas propostas, e ademais argumentouse de xeito tanxencial a pretendida imposición lingüística do galego.

Finalmente, a iniciativa debatida a instancia de En Marea, igual que a do PSdeG⁵, tiña un contido moi concreto, que era o relativo á aplicación informática Minerva e á súa versión en galego. No propio corpo da iniciativa viña explicada a situación xurídica da propiedade do programa, polo que a maioría popular non podería esgrimir a falta de competencia sobre el para rexeitar a iniciativa. Doutra banda, o teor literal da iniciativa orixinal era claro: “O Parlamento de Galicia insta o novo Goberno de Galicia para que imparta as instrucións oportunas para prover de xeito inmediato unha aplicación informática que garanta o uso normal do galego na Administración de xustiza en Galicia”⁶.

Ante a concreción da proposta e a inexistencia de obstáculos burocráticos, o grupo popular condicionou o apoio a que a demanda se trasladase ao Goberno central, coa escusa de que faltaban os códigos fonte da aplicación que tiñan en propiedade desde había unha década, e negouse a que houbera ningún requirimento directo á Xunta de Galicia. A maiores, propuxo engadir outro apartado onde igualmente se trasladasen ao Goberno central novas responsabilidades sobre a tramitación de expedientes fiscal e xudicial. Na ponderación sobre a conveniencia de manter a redacción inicial, abocada a un rexeitamento, ou a transacción, que se dirixía ao Goberno central e que só indirectamente lle imponía un mandato de actuar á Xunta, En Marea optou por

esta segunda opción, co que quedou aprobada a proposta por unanimidade⁷.

Tres anos máis tarde, logo desta posición política, non consta que a Xunta fixese ningunha xestión relacionada coa galeguización da aplicación informática, nin en por si nin co Goberno central.

5. A conclusión, non se quere

Como conclusión, podemos indicar que a maioría popular, na X igual que nas anteriores lexislaturas (coa única excepción da posición de 1996), se opuxo sistematicamente a apoiar calquera iniciativa que instase a Xunta de Galicia para avanzar na galeguización da Administración de xustiza dentro do seu ámbito competencial. Ademais, rexeitou todas as iniciativas que a levasen a asumir a súa responsabilidade política de asegurar a provisión dos medios persoais e materiais que dispensasen un trato igual ao galego e ao castelán nas súas relacións coa Administración de Xustiza, e menos aínda a asunción do papel normalizador que lle vén conferido de forma preeminente tanto no Estatuto de autonomía coma na lexislación ordinaria, singularmente na Lei de normalización lingüística.

En definitiva, o horizonte dunha Administración de xustiza normalizada, cun índice de uso do galego semellante ao emprego habitual da lingua no seo da sociedade, é a día de hoxe unha quimera, tanto por factores normativos estruturais de competencia estatal que impiden a correcta implementación da cooficialidade lingüística e o acerbo normalizador na Administración de xustiza coma polo rexeitamento sistemático da Xunta de Galicia á remoción dos obstáculos que impiden a implantación

dos medios materiais precisos para o funcionamento regular en galego e a súa negativa a facer do seu funcionariado un vector dinamizador do uso da lingua galega na xustiza.

En suma, unha vergoña democrática.

Luis Villares Naveira
Deputado na X lexislatura do Parlamento de Galicia. Maxistrado

Dalila Dopazo Blanco
Maxistrada

NOTAS

1 Así o indicou de xeito oficial José Luis Hernández Carrión, subdirector xeral de Novas Tecnoloxías da Xustiza, do Ministerio de Xustiza, con ocasión dunha mesa de traballo titulada "Papel cero: a situación real do proceso de dixitalización dos órganos xudiciais", en Madrid, o 4 de febreiro de 2016, na sede do ICA de Madrid, no Comité Permanente de Xuíces para a Democracia.

2 O resto de iniciativas deste grupo versaban sobre o cumprimento da Carta europea das linguas, a facilitación de datos do emprego do galego na Administración de xustiza e a modificación do programa Inforreg sobre as inscricións do Rexistro Civil en galego.

3 A iniciativa non debatida desenvolvía de xeito máis pormenorizado as anteriores, e engadía instar a reforma da Lei orgánica do poder xudicial e mais un papel activo da Asesoría Xurídica da Xunta con relación ao uso e á demanda de uso da lingua na Administración de xustiza.

4 O contido consistía na elaboración dun plan de normalización, na mellora da capacitación lingüística, nunha campaña de información de dereitos da cidadanía e en lles preguntar aos xustizables sobre cal era a súa lingua de preferencia ao inicio do procedemento.

5 Fronte ás do BNG, que tiñan un contido moi amplo, que comprometeía sectores diferentes e, polo tanto, implicaban accións políticas dirixidas a distintos poderes, o que facía máis difícil a transacción para un acordo.

6 A alusión ao “novo Goberno de Galicia” xustificase porque é a primeira iniciativa rexistrada polo voceiro do GP de En Marea, o 21/10/2016, primeiro día que se habilitou o Rexistro de Iniciativas da X lexislatura, e que compartía contido con outra proposta, tamén de lingua en materia de ensino, onde se demandaba a derogación do Decreto 79/2010, mal chamado de plurilingüismo, que consagraba a prohibición do ensino das matemáticas e doutras áreas científicas en galego.

7 O teor literal finalmente aprobado (409 10/PNC-000014, BOPG n.º 117 do 24.5.2017) foi: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para dirixirse ao Ministerio de Xustiza en demanda de: 1.º Cesión dos códigos fonte do sistema de xestión procesual que permitan, se é tecnicamente posible, xerar una versión da aplicación en galego que permita tramitar integramente nesta lingua os procedementos xudiciais. 2.º Que no futuro as solucións tecnolóxicas que se están a desenvolver no eido da xustiza dixital, e susceptibles de transferencia tecnolóxica, recollan solucións multilinguaxe que garantan un expediente xudicial e fiscal electrónico respectuoso cos dereitos lingüísticos da cidadanía e a plena vixencia da cooficialidade lingüística”.

ÍNDICE

- 19 Valentín García Gómez. Secretario Xeral Política Lingüística
- 23 Inés Rey García. Alcaldesa de A Coruña
- 29 Carlos Amoedo Souto. Catedrático Dereito UdC
- 46 Rocío e Luz Airado Bello. Avogadas
- 49 Tania Castro Núñez. Avogada
- 68 Jacob del Rio Viñas. Avogado
- 72 Olga Failde Picallo. Avogada
- 75 Paz Filgueira Paz. Maxistrada
- 79 Luís Manuel García Mañá. Ex-Xefe Superior de Policía Galicia
- 81 Rosa García Ventoso. Tramitadora procesual
- 84 Xosé Antón Gómez Segade. Catedrático emérito Dereito mercantil USC
- 90 Xosé González Martínez. Presidente Foro Enrique Peinador
- 99 Miguel Anxo González Trigás. Avogado
- 103 Xesús González Domínguez. Funcionario xudicial
- 106 Valentín Lago González. Avogado.
- 110 Xoaquín Monteagudo Romero. Avogado.
- 116 Benito Montero Prego. Ex-Fiscal da Audiencia Provincial Pontevedra
- 124 Ana Mosquera Fernández. Avogada
- 128 Xosé Avelino Ochoa Gondar. Avogado
- 132 Xosé Manuel Pacho Blanco. Profesor de Dereito UdeVigo
- 137 Xoán Antón Pérez Lema. Avogado
- 142 Carmen Pose Amado. Maxistrada
- 145 Eladio Prieto Bello. Maxistado
- 147 Yolanda Ramos Capelo. Avogada.
- 152 Luciano Varela Castro. Ex-maxistrado Tribunal Supremo
- 177 Carlos Varela García. Fiscal da Fiscalía Superior de Galicia
- 180 Miguel Vieito Villar. Avogado
- 185 Luís Villares Naveira e Dalila Dopazo Blanco. Maxistrados

Este libro editouse para conmemorar o 35º aniversario da
primeira sentenza ditada en lingua galega
pola Sala do Contencioso-Administrativo da
Audiencia Territorial de Coruña
despois de catro séculos de proscrición, coincidindo coa
celebración das vésperas do Día da Patria Galega
e tamén co Ano do Centenario da Xeración Nós,
que alentou un galeguismo transversal que incluía a utilización
da lingua nas administracións públicas e na xustiza.